

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA 25 DE FEBREIRO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de febreiro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os

Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente a membro non electa da Xunta de Goberno Local, dona Olga Alonso Suárez e mailo Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno ordinario do Concello convocado para o día de hoxe ás nove horas, por Orden do día de 21 Febreiro que obra en poder das Sres/as Concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

1(19).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN ORDINARIA 27.12.2012)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2012.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(20).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS DA FUNCIONARIA D^a PILAR DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 23854/240 (597/1101).

ANTECEDENTES.- Mediante escrito, de data 28 de xaneiro de 2013, a xefa do servizo de Recursos Humanos, co conforme da xefa da área de Réxime Interior e do concelleiro delegado da área, formula o seguinte informe-proposta:

“Único.- En escrito de data 22/11/2012 (documento nº 120138084) a funcionaria municipal D^a M^a del Pilar Domínguez González, con DNI 36.061.811-L e nº de persoal 77819, con praza de Psicólogo/a, Escala de Administración Especial, subgrupo A1, destinada no CEDRO, Área de Benestar Social, solicita o

outorgamento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén defininido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que prohíbe expresamente a autorización da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable e ao retribuído por arancel (artigo 16). A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coas modificacións operadas pola Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, que se sinalarán en fundamentos xurídicos posteriores.

Igualmente, as “Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobadas polo Pleno do Concello en sesión de data 28/12/1998, consignan o dito suposto de incompatibilidade para o exercicio de actividades privadas no seu apartado relativo ás instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo ó servizo da Corporación, onde literalmente se contempla que:

“Tódolos postos desempeñanse en réxime de "Dedicación exclusiva", excepto aqueles ós que a Excm. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo.

De conformidade co previsto no apartado 4 do art. 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades no Sector Público, só poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, a contía do cal non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

Exceptúase de dito límite o caso de "Profesor Asociado de Universidade", así como as actividades de investigación e asesoramento nos termos previstos no art. 6º da Lei de Incompatibilidades.”

II.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do martes 13 de abril do 2007), norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, quedando redactado o artigo 16 como de seguido se indica:

“1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado

universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.”

Da lectura do precepto se desprende a lóxica consecuencia da total incompatibilidade daqueles empregados públicos adscritos a postos de traballo cuxas retribucións propias inclúan o concepto de incompatibilidade no complemento específico ou concepto equivalente; concepto que por clara e simple dedución lóxica debe incluír cando menos á totalidade dos postos encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación que no Concello de Vigo se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva, como así consta nas citadas “Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobadas polo Pleno do Concello en sesión de data 28/12/1998, o cal en modo algún casa co desempeño de actividades privadas, incompatibles, no presente suposto, desempeño de funcións reservadas aos funcionarios públicos, retribuídas con cargo ao complemento específico, que, entre outros factores, retribúe a especial adicación e a incompatibilidade, segundo contempla o artigo 4 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

III.- En consecuencia, infórmase sobre a ausencia de viabilidade xurídica da pretensión exercitada en vía administrativa, quedando a vía xurisdiccional libre e expedita para que a solicitante, se así o desexa, se valga dos recursos xurisdiccionais que a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, lle outorga en defensa dos seus dereitos, sen prexuízo de calquera outro que estime procedentes en Dereito, debendo salientarse que o incumprimento do disposto nos artigos 16 a 19 da Lei 53/1984 será sancionado conforme ao réxime disciplinario previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, sen prexuízo da executividade da incompatibilidade na que se incurrixe.

IV.- A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

En consecuencia, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal consonte ás competencias que en materia de persoal ostenta por delegación (Decreto da Excm. Alcaldía-Presidencia de 13.06.2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17.06.2011); e previa a tramitación que consonte ao

Regulamento Orgánico do Pleno proceda, elévase ao dito órgano a seguinte

De conformidade co anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión de 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas presentada en escrito de data 22/11/2012 (documento nº 120138084) pola funcionaria municipal D^a M^a del Pilar Domínguez González, con DNI 36.061.811L e nº de persoal 77819, con praza de Psicólogo/a, Escala de Administración Especial, subgrupo A1, destinada no CEDRO, Área de Benestar Social, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados no informe-proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

3.2(21).- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 25.01.2013, REFERENTE Á PRÓRROGA DA VIXENCIA IV PLAN DE

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. EXPTE. 5805/224 (596/1101).

ANTECEDENTES.- Mediante escrito, de data 11 de xaneiro de 2013, a xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira delegada da área, formula o seguinte informe-proposta:

“A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller.

Igualmente, a Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Neste sentido, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ven desenvolvendo desde a súa creación, políticas de igualdade tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e discriminación que sofren as mulleres, garantindo a súa calidade de vida e promovendo as condicións para que a igualdade das mulleres sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude no ánimo de acadar a xustiza social. Os instrumentos institucionais dos que o Concello de Vigo se dotou para levar adiante esta labor foron os Plans Municipais de Igualdade.

Deste xeito, o *IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo*, aprobado pola Corporación municipal o 25 de novembro de 2009, para o período 2009-2012, recolle as directrices que orientaron a actividade da Administración Local en materia de igualdade nese período.

Unha vez finalizado o período de vixencia do IV Plan de Igualdade, cómpre facer a avaliación do mesmo para coñecer o seu grao de execución e o impacto que tiveron as actuacións realizadas entre a cidadanía viguesa, especialmente entre as mulleres. Tralo proceso avaliativo realizarase o estudo diagnose necesario para elaborar un novo Plan de Igualdade Municipal.

Co obxecto de manter vixente o *IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo* namentres dure o proceso de elaboración da Avaliación do mesmo e o proceso de elaboración dun novo Plan municipal de Igualdade, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo.

1º.- Prorrogar a vixencia do *IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo*, aprobado pola Corporación municipal o 25 de novembro de 2009, para o período 2009/2012, ata que finalice o proceso de avaliación do mesmo e o proceso de elaboración dun novo Plan Municipal de Igualdade.

2º.- Ratificar o acordo no pleno da corporación municipal”

A Xunta de Goberno Local en sesión do 25 de xaneiro de 2013 aprobou a devandita proposta.

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión ordinaria do 18 de febreiro, a ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25.01.2013, referente a “Prorrogar a vixencia do IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo”.

3.3(22).- INADMISIÓN A TRÁMITE DA SOLICITUDE DE D^a M^a CARMEN SANTOS DOPESO DE REVISIÓN DE OFICIO DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN CORUXO, ASÍ COMO A DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 18822/240 (592/1101).

ANTECEDENTES.- Mediante escritos, de datas 20 de decembro de 2012 e 3 de xaneiro de 2013, o xefe do servizo de Patrimonio, co conforme da xefa da área de Réxime Interior e da concelleira delegada da área, formula os seguintes informes-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.-O pleno Municipal na sesión do 27 de marzo do 2012, acordou: Primeiro.-Desestimar as alegacións formuladas por dona M^a Carmen Santos Dopeso contra o acordo do Pleno municipal do 8 de setembro de 2011, da aprobación inicial da rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos do ramal 5 da

Estrada Fragoselo. Segundo.- Aprobar a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 11-36) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 5 da Estrada Fragoselo. Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Vías e Obras e demais servizos municipais que corresponda.

Resolución notificada a Da. M^a Carmen Santos Dopeso en data 20/04/2012.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello do 4/05/2012 interponse por M^a Carmen Santos Dopeso, acción de nulidade contra dito acordo plenario ó considerar dita resolución administrativa lesiva ós dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, prevista no art. 62,1a) en relación co art. 102.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e solicitando a súa declaración de nulidade de pleno dereito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Consonte o disposto no art.102 da LRXAP e PAC, as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo ditame favorable do Consello do Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que tiñan posto fin a vía administrativa ou que non foran sido recorridos en prazo, nos supostos previstos no art. 62.1.

SEGUNDO.- En base a dito precepto, a interesada formula súa acción de nulidade ó estimar que dita resolución plenaria vulnera seus dereitos constitucionais. Nembargantes cabe sinalar que a facultade revisora de oficio que a LRXAP e PAC recoñece ás AAPP, podendo ser iniciada tanto de oficio como a instancia dos interesados, prevese para aqueles actos administrativos que houberan esgotado a vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, tal e como se sinala no art. 102.1 citado. Consecuentemente, dita condición constitúe un requisito obxectivo para a viabilidade da interposición da acción de nulidade, que non concorre, no presente caso, ó terse formulado pola propia interesada en prazo, o recurso ordinario de reposición contra o acordo adoptado.

Así mesmo, no escrito presentado, límitase a interesada a facer unha mera exposición xenérica de principios e dereitos constitucionais que considera vulnerados pola resolución, pero sen chegar a especificar ou concretar os termos ou cuestións procedementais ou da resolución ditada, que considera constitúen unha infracción deses principios e dereitos constitucionais, carecendo do necesario razoamento xurídico no que basea as causas de nulidade alegadas e poder fundamentar a acción instada.

Consecuentemente co anterior exposto, e considerando que o art. 102.3 da LRXAP e PAC establece que a Administración puidera acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se basean en algunha das causas de nulidade do art. 62 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no supostos de que houberen desestimado en canto ó fondo outras solicitudes substancialmente iguais; procede

declarar a inadmisión a trámite da presente.

TERCEIRO.- Resulta competente o Pleno do Concello para resolver sobre a solicitude de revisión de oficio do seu acordo de data 27/03/2012, de conformidade co disposto no art. 123.1.I da LRBRL.

En mérito ó exposto, propónse ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio por causa de nulidade, formulada por Da. M^a Carmen Santos Dopeso, contra o acordo do Pleno Municipal de data 27 de marzo do 2012, consonte o sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden e de conformidade co disposto no art. 102 da LRXAP e PAC.

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LRBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-O pleno Municipal en sesión do 26 de marzo do 2012, acordou: Primeiro.-Desestimar as alegacións formuladas por dona M^a Carmen Santos Dopeso contra o acordo do Pleno municipal do 8 de setembro de 2011, da aprobación inicial da rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos do ramal 5 da Estrada Fragoselo. Segundo.- Aprobar a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folia 11-36) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 5 da Estrada Fragoselo. Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Vías e Obras e demais servizos municipais que corresponda.

SEGUNDO.- Notificada a resolución a interesada en data 20/04/2012, formulouse, con data de entrada no rexistro xeral deste Concello do 16/05/2012, recurso de reposición contra o devandito acordo plenario.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMERO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

A interesada no seu recurso manifesta a inadmisibilidade do recurso presentado

contra o acordo plenario do 25 de abril do 2011; a firmeza do acordo aprobatorio do Inventario municipal de Bens e Dereitos que esgotou a vía administrativa; e o carácter público de dito camiño, afectado o uso xeral polos veciños, solicitando conseguintemente a revogación da resolución recorrida, deixándoa sen efecto.

SEGUNDO-. Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No recurso formulado límitase a incidir en cuestións que xa constan na instrución do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado e, neste senso, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao mesmo, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación as cuestións plantexadas polo interesado respecto os dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que ó referirse a cuestións de dereito privado son competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, non procedendo entrar nelas, debéndose centrar a controversia na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e conseguintemente sobre a correcta inclusión do mesmo no Inventario Municipal de Bens e Dereitos. Esta derradeira cuestión inventarial, si lle compete o seu coñecemento e resolución a administración municipal o ter a obriga legal da súa formación, e atribuída ó Pleno municipal as competencias de aprobación, rectificación e comprobación (art. 32 LPAP, 278 LALG e 34 do RBEL). Polo tanto, os acordos e resolucións que sobre ditas materias poidan adoptarse son susceptibles de impugnación en vía administrativa mediante a interposición dos recursos que o ordenamento xurídico prevé ó efecto (art. 107 da LRXAP).

Carece de fundamento, a lesividade de dereitos alegada pola recorrente derivada da revisión do acordo de inclusión inventarial do camiño como do seu carácter público. O Inventario Municipal aprobado, como tense sinalado, é un rexistro administrativo que por sí mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito algún a prol da Administración, conseguintemente, a revisión ou rectificación dos seus datos, en modo algún afecta a dereitos de terceiros, como ven a sinalar a LPAP no seu art. 33.4 en relación á Administración Xeral do Estado cando di que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surte efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración. Dito documento configúrase como unha ferramenta de información e apoio para a xestión interna da administración, e polo tanto, tal e como sinalase na fundamentación xurídica contida no acordo recorrida, ...é un documento suxeito a unha continúa mutación co fin de adecuar os seus rexistros á realidade e actualizándoos coas novas incorporacións e baixas orixinadas na xestión do patrimonio municipal e que da actividade administrativa teñan acontecidas. Consonte a estes principios de verificación e rectificación, de ser o caso, acometeuse a tramitación do presente expediente, e trala súa instrución da que resultou a incorrección dos datos do Inventario municipal referente a dito ramal -de acordo cos informes e documentación achegada ao expediente- deu lugar a adopción do acordo plenario polo que en base aos feitos e fundamentos de dereitos que constan no mesmo, resolveuse aprobando inicialmente a rectificación do IMBD

dando de baixa ao ramal 5 da estrada do Fragoselo ao non reunir a condición de camiño de uso público.

TERCEIRO.- A teor do exposto, estimándose correcto o acordo adoptado procede a desestimación do recurso formulado.

CUARTO.- Corresponde ó Pleno Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 26.03.2012 , de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por Da. M^a Carmen Santos Dopeso contra o acordo do Pleno Municipal do 26/03/2012 ó non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente as devanditas propostas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio por causa de nulidade, formulada por Da. M^a Carmen Santos Dopeso, contra o acordo do Pleno Municipal de data 27 de marzo do 2012, consonte o sinalado nos fundamentos de dereito que anteceden e de conformidade co disposto no art. 102 da LRXAP e PAC.”

Segundo.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Da. M^a Carmen Santos Dopeso contra o acordo do Pleno Municipal do 26/03/2012 ó non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

3.4(23).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 102111/140 (599/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 31 de xaneiro de 2013, o Interventor Xeral emitiu informe de “Liquidación do orzamento do Concello de Vigo do 2012”, e con data 5 de febreiro 2013 a Alcaldía-Presidencia resolve:

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do T.R.L.R.F.L. e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda de data 4 de febreiro, en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local, e incorpóranse as Liquidacións dos Organismos Autónomos Administrativos. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas seguintes institucións:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo

Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes

Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios

Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, propostos polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2012 cos estados que conforman os catro tomos que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e un por cada un dos Organismos Autónomos, que reproducen toda a documentación que obriga a Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as dúas magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade o longo do ano 2012, conformada por:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo

Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes

Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios

Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

Remanente de Tesourería Entidade Local e estados consolidados cos axustes pertinentes

Remanente de Tesourería	Entidade		Estados Consolidados	
	Ano 2011		Ano 2012	
Componentes	Ano 2011		Ano 2012	
1. (+) Fondos Líquidos				
		78.968.079,7	90.943.645,5	82.202.468,
		9	5	12
2. (+) Dereitos pendentes de cobro				
(+) Do Orzamento Corrente		27.882.062,	103.639.080,	29.201.833,
(+) De Orzamentos Pechados	37.532.167,4	28	75	20
(+) De Operacións non Orzamentarias	0	77.115.518,	3	63
		37		77
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación	85.094.299,1	1.506.499,4	87.721.404,2	1.564.350,7
	4	9	9	8
		2.804.999,3		3.210.064,7
				2
				00

3. (-) Obrigas pendientes de Pagamento	2.321.829,49		9	33.673.354,91	2.343.433,28		5	35.263.732,17
(+) Do Orzamento Corrente	2.112.784,84	33.813.725,57			3.028.034,17	38.042.890,64		
(+) De Orzamentos Pechados				23.338.220,33				24.311.871,10
(+) De Operacións non Orzamentarias				78.057,72				80.400,53
(-) Pos realizados pendientes de aplicación	22.224.960,07			10.262.178,93	24.155.141,15			10.876.562,61
	376.991,34			5.102,07	575.435,59			5.102,07
	11.216.876,23				13.317.415,97			
	5.102,07				5.102,07			
I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)		167.989.865,41		160.909.371,39		170.811.087,11		168.802.632,15
II Saldos de dubidoso cobro		74.006.237,87		70.806.866,99		75.042.124,77		72.031.890,35
III Excesos de financiamento afectado		12.002.043,38		4.260.673,27		15.427.221,88		7.728.576,00
IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)		81.981.584,16		85.841.831,13		80.341.740,46		89.042.165,80

Resultado Orzamentario Entidade Local e estados consolidados

Resultado Orzamentario	Entidade				Estados consolidados			
	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a) Operacións correntes	222.100.922,39	189.341.644,29		32.759.278,10	224.515.554,05	187.622.437,41		36.893,10
b) Outras operacións non financeiras	483.199,11	23.560.098,32		-23.076.899,21	1.500.280,57	23.974.354,12		-22.474,00
1. Total Operacións non financeiras (a+b)	222.584.121,50	212.901.742,61		9.682.378,89	226.015.834,62	211.596.791,53		14.419,00
2. Activos Financeiros	539.708,80	539.708,80		0,00	591.058,40	594.058,40		3.000,00
3. Pasivos Financeiros	9.287.287,35	9.681.069,51		-393.782,16	9.287.287,35	9.681.069,51		-393.782,16
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO								
	232.411.117,65	223.122.520,92		9.288.596,73	235.894.180,37	221.871.919,44		14.022,26
Axustes								
4. Créditos gastados financiados con RTGX			2.607.146,52					2.607.146,52
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			12.136.272,52					12.259.930,51
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			3.860.688,11					4.567.154,91
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				20.171.327,66				24.322,00

Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario dos Estados consolidados do Organismos Autónomos Administrativos

XMU			IMD		
R. Tesourería		R. orzamentario	R. Tesourería		R. orzamentario
2011	2012		2011	2012	
-3.188.429,93	1.136.553,50	3.711.879,91	-290.890,88	-77.128,62	174.866,36

EMAO			VIGO-ZOO		
R. Tesouerería		R.orzamentario	R. Tesouerería		R.orzamentario
2011	2012		2011	2012	
1.131.267,73	1.344.848,77	209.561,81	708.209,38	796.061,02	54.547,31

2) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e OO.AA coa taxonomía LENLOC.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18 de febreiro, quedou informada.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: A efectos do seu debate propoño aos grupos que xuntemos os puntos 3.4, 3.5 e 3.6 se lles parece para facelos nunha única intervención, polo tanto procedemos a dar conta deses puntos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe traemos ao Pleno as contas do Orzamento do ano 2012. Trátase do primeiro Orzamento que aprobou este novo goberno pero ademais é o quinto Orzamento consecutivo sendo Alcalde Abel Caballero.

Un Orzamento realizado nun contexto de crise económica e polo tanto cun obxectivo claro, que era crear emprego pero a súa vez facer unha maior atención Social e á Educación. Para iso levaba catro compromisos: o compromiso de reducir a presión fiscal por ese contexto económico no que estábamos, o de poñer en marcha políticas activas de emprego tanto directas como indirectas a través das políticas “Keynesianas” de inversión, un maior esforzo cara ás políticas sociais e educativas pero a súa vez seguir consolidando unhas contas saneadas a través dunha xestión austera e eficaz.

Mentres tanto, o Partido Popular seguía coa súa política da mentira, do engano, do medo e da calumnia cualificando estes Orzamentos como chapuzas.

O tempo, unha vez máis, deunos a razón, porque hoxe a liquidación e os datos que bota a liquidación do 2012 demostra que o Partido Popular utilizou a demagogia barata para enganar e para mentir porque tal e como recolle os datos da liquidación, reduciuse a carga fiscal do Concello cara os cidadáns e son as demais administracións as que subiron a presión fiscal aos cidadáns de Vigo. Mentres nós conxelábamos as taxas das escolas infantís, a Xunta as subía ata 80 euros ao mes; mentres nós introducíamos bonificacións en taxas como a do lixo aos colectivos máis afectados pola crise, o Goberno Central subía o recibo da luz; mentres nós conxelabámoslle a auga aos cidadáns, o Partido Popular sóbea no Porto e a Xunta impuxo un novo canón aos cidadáns de Vigo; mentres nós facíamos unha conxelación real das taxas, o goberno central subía o IRPF e o IVE a tódolos cidadáns. Estas son as diferencias entre as políticas impositivas realizadas por este goberno aos cidadáns de Vigo, e polas do Partido Popular realizadas dende a Xunta e o Goberno Central.

Ademais, cumprimos o noso compromiso coa inversión: trinta e tres millóns de euros de políticas “keynesianas” de inversión que xeraron emprego e que transformaron a cidade con humanizacións en zonas como Bouzas, a rúa Panamá e Nicaragua, Brasil, Aragón, Pintor Colmeiro, Martínez Garrido, Ramón Niento, Doutor Marañón ou Menéndez Pelayo, entre outras, pero tamén zonas verdes como a praza da Miñooca, o parque de A Guía, o parque de Rivera Atienza. Con máis parques infantís e biosaudables, con melloras en tódolos colexios públicos da nosa cidade, con melloras no mercado do Progreso, cun Plan de Emprego que supuxo máis de cinco millóns de euros cara a cidade, ogallá as outras administracións fixeran as mesmas políticas de emprego activas, directas e indirectas, ogallá a Deputación fixera un Plan de Emprego para Vigo de máis de cinco millóns de euros, ogallá a Xunta de Galicia investise en Galicia máis de trinta e tres millóns de euros.

Todo isto fixémoslo cunha Facenda saneada que permitiu máis inversións, menos endebedamento e menos carga fiscal porque cando se sabe xestionar e non se malgasta en despachos de luxo, pódese ofrecer máis e mellores servizos aos cidadáns.

Isto é o que mostran os datos da liquidación, leo unha frase que aparece no informe do Interventor “o ano 2012 pechou con superhábit, tanto a entidade local como cada un dos seus organismos autónomos, e este superhábit total situouse en

6,8 millóns de euros, cumprindo polo tanto a Lei de Estabilidade Orzamentaria”, mentres tanto estamos a observar como na Xunta de Galicia e o Goberno Central pecha con déficit. Ademais cun resultado orzamentario positivo 24,3 millóns de euros, aforro neto positivo por valor de 30,4 millóns de euros, remanentes positivos con oitenta e nove millóns de euros, só un dato comparativo no ano 2006 na última liquidación que presentou o Partido Popular os remanentes eran de 47,9 millóns de euros, a metade dos que temos agora nunha situación de crise. A Tesourería 96,6 millóns de euros, a débeda total que presenta este goberno a finais do 2012 foi de 55,9 millóns de euros tamén, para comparar e para que se saiba, a última liquidación do Partido Popular do ano 2006 foron de 66,5 millón de euros polo tanto dez millóns menos de débeda agora que con respecto ao Partido Popular. Porcentaxe de endebedamento no 2012, 24,9%, no 2006 co Partido Popular 33,03%; débeda financiada por habitante actualmente 187,8 euros por habitante, no 2006 226,7 euros por habitante e período medio de pagos actualmente 38,18 días e no 2006 co Partido Popular 50,57 días.

Quero rematar cunha frase que tamén se recolle no estudo de intervención, di textualmente: “estanse a cumprir tódolos requisitos que marca a lei: aforro neto positivo, estabilidade orzamentaria con superhábit, regra de gasto e endebedamento inferior ao 75%”.

SRA. VELOSO RÍOS: A estas alturas, a verdade é que habendo Concellos no noso país que non teñen nin para pagar as nóminas dos funcionarios/as, pódemos darnos cun canto nos dentes, por ter unha situación económica que nos permita seguir traballando por esta cidade e manter servizos básicos, mesmo tendo que compensar a desaparición de servizos, competencias doutras administracións estatal ou autonómica.

Por suposto a situación actual non é o resultado dunha boa xestión no último exercicio senón que é resultado de boas prácticas de gobernos anteriores ou das non prácticas de gobernos anteriores, porque tempos algún goberno no pasado que non foi quen de aprobar orzamentos, que foi prorrogando e, ás veces, case mellor de que non sexan capaces de elaborar orzamentos, senón invisten tampouco gastan indebidamente.

Actualmente temos un Orzamento centrado nas principais dificultades da cidadanía: o Emprego e os Servizos Sociais, porque non, o principal problema da

ciudadanía non é a liquidez dos bancos, o principal problema da cidadanía non é déficit cero e non é amortizar a débeda rapidamente para darlles os cartos públicos, os nosos impostos, os de todos/as, aos bancos no canto dos cidadáns. Ese é o principal problema do Partido Popular e sabémolo e de feito ese é o cerne da Lei de Estabilidade Orzamentaria do Partido Popular.

Ninguén pode discutir a necesidade de controlar o déficit das administracións, por exemplo, non é sostible que no segundo trimestre do 2009 na Xunta de Galicia, cando comeza a gobernar o Partido Popular, ata finais do 2011 a débeda da Comunidade Autónoma aumentase nun 63,69% pasando de 4.282 a 7.009 millóns de euros. Pero obviamente, e vistas as contas públicas de comunidades autónomas e de concellos, as medidas adoptadas polo Goberno do Sr. Rajoy non son as correctas, non están axudando, por que?, porque non teñen o obxectivo centrado nos recursos públicos e na cidadanía, senón que teñen o obxectivo centrado claramente nos mercados económicos e sobre todo financeiros.

De aí esta enfermiza obsesión con discutir sobre a débeda do Concello, que supoño que será un dos argumentos principais das próximas intervencións, no canto de preocuparse polo control real de como se usan os cartos de tódolos vigueses/as, o discurso neste Concello sobre a débeda do Concello de Vigo ven feito dende Madrid, e ese é o problema porque o Partido Popular está mirando para Madrid, non está mirando para estes orzamentos, de aí traen a solución. Agora atopámonos con que estamos liquidando os pasados orzamentos en medio da discusión sobre a reforma da Administración Local que ten como obxectivo, basicamente, quitar competencias aos concellos e darlles ás Deputacións, así que dentro de nada non teremos nin que discutir aquí sobre a débeda do Concello.

Como tódalas medidas adoptadas anteriormente, esta reforma tamén vai ser inútil para mellorar o funcionamento dos concellos e para aforrar custes, non serve para mellorar a Administración Local en nada, en todo caso a empeorará, non é unha cuestión económica é unha cuestión ideolóxica. O Partido Popular quere recuperar o vello modelo institucional do Estado Centralizado e vello modelo franquista e reducir competencias dos concellos, por iso é importante sinalar a débeda dos concellos, e importante insistir nos malos datos para que se poidan xustificar medida semellantes.

O financiamento e non a débeda é agora mesmo o principal problema dos

concellos, tamén do Concello de Vigo, o financiamento dos servizos que estamos prestando é o problema e non a débeda, porque quen lle está pagando ao Concello de Vigo os servizos que está prestando e que non lle competen? Quen lle paga ao Concello de Vigo os servizos que hai que prestar porque desapareceron os da Xunta de Galicia ou porque desapareceron os servizos do Estado? Quen llos paga? Ese é o problema dos Orzamentos do Concello de Vigo e ese é o problema que estamos vendo tamén na liquidación, o financiamento e a autonomía dos concellos, non a débeda.

A cousa non pinta nada ben a verdade, pero non polo datos que acabamos de escoitar senón polas reformas que nos están preparando, desviar as competencias e os recursos públicos á mans privadas, á bancos e á empresas prestadoras de servizos eliminará a débeda segundo as contas do Partido Popular que todo mide en euros, pero hipoteca a vida dos cidadáns e das cidadáns.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar unha cuestión de orden, os dous puntos o 3.4 e o 3.5 entendo que se debatan á vez porque é Liquidación do Orzamento e o Informe do Obxectivo de Estabilidade e non me parece mal que tamén se inclúa o informe de Tesourería pero si me paso do tempo que sexa un pouco benevolente.

O que explica a Liquidación do Orzamento é como se comportaron os ingresos e os gastos que no seu día determinaron o Orzamento. A Liquidación do Orzamento reflicte polo tanto o que pasou no ano 2012. Revisando con profundidade e con rigor os datos do que pasou no 2012, comprobamos con moita preocupación como o Orzamento do Concello de Vigo está ao borde do precipicio, porque non se demostra unha boa xestión económica equilibrando o Orzamento a base de subir os impostos municipais e machacar aos vigueses a multas de tráfico, cincuentas millóns de euros dende que o Sr. Caballero é Alcalde.

Tampouco se demostra boa xestión económica, senón unha gran incompetencia, executando só o 90% do Orzamento de Gastos, porque doe moito comprobar como partidas como as de fomento de Emprego só se executaron o 67% do gasto.

Unha cidade con 35.000 persoas sen emprego deixa de comprometer catro millóns de euros en fomento de Emprego, deixa tamén moito que desexar e doe moito comprobar como en Benestar Social só se executan o 87% do gasto e deixan de comprometerse 1,4 millóns de euros.

Pregunto eu, para que reclaman cartos doutras administracións para fomento de Emprego se logo deixan de comprometer mais de dous millóns de euros de gasto en Emprego? O que dicimos constantemente, son vostedes uns auténticos incompetentes, agora ben, para executar outras partidas como as de Publicidade e Protocolo esas ben que as gastan ao 100%.

Si as contas do Concello fosen como o cadro de mando dun coche diríamos que ten practicamente tódolos pilotos acendidos. Hai moitas luces vermellas e amarelas que nos están avisando que hai problemas e que hai que parar a máquina, e voulle a poñer algúns exemplos, estamos moi preto do teito de gastos, polo tanto non hai marxe para imprevistos, así o di o Informe de Liquidación na súa páxina sete “o gasto corrente nos últimos anos disparouse nun 43%”.

Existe un abuso dos gastos que decide ao antollo o Alcalde, abúsase do convenio, unha formula moi pouco transparente de repartir cartos discrecionalmente a colectivos de amigos, en total cinco millóns de euros en convenios para Emprego, Sociais e Deportivos e dous millóns de euros para o uso exclusivo do Sr. Alcalde en estudos e proxectos.

Outro dato escandaloso é a pouca transparencia no entorno da Alcaldía, que fixo 175 contratos menores en 2012, que son os que se adxudican sen ningún tipo de publicidade, contratos menores de 18.000 euros sen contar o IVE, nos cales o Alcalde decide a dedo a quen se lle encarga ese tipo de traballos, algún membro incluso da fundación ideas do Partido Socialista.

A Liquidación tráenos tamén algunha sorpresa, cando vostedes enviaron as facturas, esas que non había nos caixóns, enviaron 4.600.000 euros a Madrid ao Ministerio, dicían vostedes que non tiñamos que ir ao fondo SICO e agora atopámonos coa sorpresa de que pagamos 36.000 euros intereses porque varios provedores descontaron alí as facturas, menten ou non menten?.

O dos Organismos Autónomos é xa para meter medo, porque a Xerencia de Urbanismo non é un Organismos Autónomo, é un pozo sen fondo e sáenos por un ollo da cara, só en licencias recadou 460.000 euros e costounos oito millóns de euros aos vigueses en 2012, cinco millóns só en persoal.

E sobre o informe de Tesourería vostede di que pagamos a 36 días iso é falso, Vigo é dos Concellos que paga máis tarde España, paga en 126 días, paga nun prazo 300,16% superior á Lei e non como a Deputación de Pontevedra que paga en 19

días. Sr. Alcalde vostede é o responsable das contas e as contas deste Concello fóronselle das mans, repetímosllo en cada Pleno, vostede dedícase á foto, ao programa da tele ao da radio, á posta en escena pero esquecese do importante, que é da xestión tanto do día a día como do medio e o longo prazo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vou ler dúas definicións da Real Academia Española, enganar: dar á mentira aparencia de verdade, introducir a alguén a ter por certo o que non é, valéndose de palabras ou de obras aparentes e finxidas.

Mentir: dicir ou manifestar o contrario do que se sabe, cre ou pensa.

De acordo coas definicións da Real Academia Española, o Partido Popular mente e engana porque é falso todo o que acaba de dicir, e non só é falso senón que o propio Partido Popular sabe que é falso, porque o Informe de Intervención di o contrario do que acaba de dicir.

É falso que neste Concello se recadasen cincuenta millóns de euros en multas en cinco anos, e si é certo, que vaia aos Xulgados e que denuncie de que se maquillaron as contas porque iso é delito, e que eu saiba quen está investigado por maquillar contas e por ter sobres, non é precisamente o Partido Socialista senón que é o Partido Popular, polo tanto se teñen algo que dicir ás contas municipais denúncienlo.

En segundo lugar, todo o que acaba de dicir sobre as políticas de Emprego tamén é falso e vou recorrer a unha das súas propias contradicións, di que non se executaron os cinco millóns de euros, que quedaron dous millóns sen executar pero despois dixo, un minuto máis tarde, que hai convenios de Emprego con entidades, ás que quixemos, por cinco millóns de euros, en que quedamos? Hai cinco millóns de euros ou non os hai? Gastáronse ou non?

Tamén di que non executamos o Orzamento, pero estamos no Teito de Gasto, en que quedamos? Se estamos no Teito de Gasto é que executamos o máximo que podemos senón non estaríamos no Teito de Gasto.

Polo tanto, como se soe dicir, pola boca morre o peixe, o Partido Popular non fixo máis que enganar e mentir, é falso todo o que se dixo e o recolle moi ben o Informe de Intervención, porque di que se investiron ata trinta millóns de euros en políticas de emprego neste Concello, mentres tanto na Deputación e na Xunta de Galicia cero.

Este Concello baixou os impostos aos cidadáns de Vigo, mentres tanto a Xunta de Galicia subiunos nas escolas infantís, subiu as taxas universitarias e vemos tamén como noutros concellos do Partido Popular soben o que aquí non sobe o Partido Socialista. Este Concello diminuíu a débeda, mentres tanto a Xunta de Galicia nos seus cinco anos de goberno duplicouna, e noutros concellos gobernados polo Partido Popular ou na Deputación de Pontevedra están nos seus máximos históricos.

Este concello creou 3.800 empregos grazas ás súas políticas activas directas e indirectas, o Partido Popular de Vigo cero, a Xunta de Galicia di que non ten competencias, polo tanto a Deputación tampouco inviste, como dicía eu, ogallá fixera o mesmo.

Este Goberno aumentou prestacións sociais mentres a Xunta de Galicia diminuíunas, quere que lle lembre o da Teleasistencia? Que deixaron aos maiores sen Teleasistencia e este Concello asumíuna. Este Concello aumentou a aposta en Educación con máis bolsas de comedor, cando resulta que Xunta pon restrición aos nenos para as becas.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.5(24).- DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. EXPTE. 102112/240 (600/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 31 de xaneiro de 2013, o Interventor Xeral emitiu o informe de “Avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria. Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo do 2012”, que di:

“Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica

2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Ámbito subxectivo de aplicación

O Artigo 2 da LOEOSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

- a) A Administración Central, que comprende o Estado e os organismos da Administración Central.
- b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.
- b) As Comunidades Autónomas.
- d) As Corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das Administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no número anterior, terán, así mesmo, consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I desta lei e ás normas que especificamente se refiran a éstas.

O artigo 4 incorpora o principio de sustentabilidade financeira

O Artigo 11 da LOEOSF e o art. 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das Entidades Locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local, as entidades as que se refire este apartado, determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais

ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do presente regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do presente regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

Detallarse no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95). Por acordo do Consello de Ministros de data 16 de xuño de 2010, determinouse o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2011-2013 para o conxunto do sector público. En canto ás Entidades Locais, permítese un déficit na liquidación coas porcentaxes sobre o PIB que máis adiante se indican.

Até que se produza o acordo da Subcomisión Nacional de Administración Local (CNAL), sobre a contía que supón a porcentaxe sobre os ingresos correntes, non se poderá determinar a necesidade de aprobar un Plan Económico Financeiro, se fose o caso, dunha Liquidación con necesidade de financiamento.

O obxectivo para os Entes Locais é o de obter cada ano do citado período

o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0 en cada anualidade do período. No entanto, para o período antes citado, as marxes aprobados, que concorrendo a situación de necesidade de financiamento, a Entidade non estea obrigada a a elaborar e aprobar un PEF,, son os seguintes:

Estado	Período		
	2010	2011	2012
Liquidación	-0,4	-0,3	-0,2

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do cumprimento do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da Liquidación do Orzamento, e a segunda, é que o informe de valoración dese obxectivo lle corresponde ao Interventor Local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da “Unidade Institucional” ou grupo de consolidación do Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.
- Instituto Municipal dos Deportes.
- Parque das Ciencias Vigo Zoo.
- Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por conseguinte, todos os entes que conforman a “Unidade Institucional” ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como “entes de non mercado”.

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta os axustes que se indicarán na táboa ao efecto. O devandito Manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Avaliación do cumprimento para a Entidade Local matriz e os estados consolidados

Resumo dos créditos orzamentarios, conformando os créditos iniciais, as modificacións e os definitivos.

Capítulos	Entidade
-----------	----------

	Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos		
	Iniciais	Modificacións	Definitivas	Iniciais	Modificacións	Definitivos
I	100.599.348,22	,00	100.599.348,22	58.911.357,92	590.878,07	59.502.235,99
II	7.730.740,00	,00	7.730.740,00	96.007.062,91	6.140.255,31	102.147.318,22
III	34.996.439,68	1.586.691,74	36.583.131,42	1.855.925,77	50.000,00	1.905.925,77
IV	60.913.605,94	6.416.434,95	67.330.040,89	36.217.669,93	1.909.102,03	38.126.771,96
V	3.141.654,00	24.967,14	3.166.621,14			
VI				12.554.108,12	9.357.629,94	21.911.738,06
VII	,00	487.761,39	487.761,39	1.790.802,99	5.557.662,06	7.348.465,05
VIII	600.000,00	15.089.672,19	15.689.672,19	601.000,00		601.000,00
IX	9.700.000,00		9.700.000,00	9.743.860,20		9.743.860,20
Total	217.681.787,84	23.605.527,41	241.287.315,25	217.681.787,84	23.605.527,41	241.287.315,25

Capítulos	Estados Consolidados					
	Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos		
	Iniciais	Modificacións	Definitivas	Iniciais	Modificacións	Definitivos
I	100.599.348,22	,00	100.599.348,22	67.027.054,35	462.241,34	67.489.295,69
II	7.730.740,00	,00	7.730.740,00	103.573.745,51	7.326.050,69	110.899.796,20
III	39.462.554,75	1.586.691,74	41.049.246,49	1.855.955,77	50.000,00	1.905.955,77
IV	59.083.559,26	6.416.434,95	65.499.994,21	20.548.134,93	1.909.102,03	22.457.236,96
V	3.232.660,38	24.967,14	3.257.627,52			
VI	,00	38.401,46	38.401,46	13.422.992,47	10.611.902,68	24.034.895,15
VII	,00	1.466.441,39	1.466.441,39	921.918,64	7.299.768,64	8.221.687,28
VIII	691.040,48	18.126.128,70	18.817.169,18	692.040,48	,00	692.040,48
IX	9.700.000,00	,00	9.700.000,00	9.743.860,20	,00	9.743.860,20
Total	220.499.903,09	27.659.065,38	248.158.968,47	217.785.702,35	27.659.065,38	245.444.767,73

Execución dos estados de gastos e ingresos da entidade e dos estados consolidados

Capítulo	Entidade							
	Dereito R.Netos	% ¹	Ingreso Neto	% ²	Obriga R. Neta	%	Pagamen. Neto	%
I	105.135.548,40	104,51	90.665.516,66	86,24	54.937.982,39	92,33	54.759.055,95	99,67
II	4.979.777,95	64,42	4.456.764,43	89,5	97.969.383,66	95,91	80.678.161,02	82,35
III	40.962.386,65	111,97	33.930.468,53	82,83	968.373,04	50,81	968.373,04	100
IV	68.334.964,47	101,49	66.697.256,40	97,6	35.465.905,20	93,02	33.751.445,54	95,17
V	2.688.244,92	84,89	2.621.602,13	97,52				
VI	51,00	0	51,00	100	16.932.843,51	77,28	13.314.867,76	78,63
VII	483.148,11	99,05	11.535,21	2,39	6.627.254,81	90,19	6.139.699,93	92,64
VIII	539.708,80	89,95 ³	126.687,55	23,47	539.708,80	89,8	491.627,84	91,09

1 Sobre previsións definitivas

2 Sobre dereitos recoñecidos netos

3 Non se teñen en conta os remanentes

IX	9.287.287,35	95,75	6.079.173,46	65,46	9.681.069,51	99,36	9.681.069,51	100
TOTAL	232.411.117,65	102,75	204.589.055,37	88,03	223.122.520,92	92,47	199.784.300,59	89,54

Capítulo	Estados consolidados							
	Dereito R.Net	%	Ingreso R. Neto	%	Obriga R. Neta	%	Pagamen.Net	%
I	105.135.548,40	104,51	90.665.516,66	86,24	61.803.049,97	91,57	61.520.371,48	99,55
II	4.979.777,95	64,42	4.456.764,43	89,5	105.076.106,28	94,75	86.659.913,20	82,47
III	45.214.279,55	110,15	37.809.610,94	83,62	968.373,04	50,81	968.373,04	100,00
IV	66.464.893,79	101,47	64.767.185,72	97,45	19.774.908,12	88,06	18.054.102,21	91,3
V	2.721.054,36	83,53	2.653.881,44	97,53				
VI	38.452,46	100,13	38.452,46	100,00	17.420.398,39	72,48	13.665.148,51	78,44
VII	1.461.828,11	99,7	80.535,21	5,18	6.553.955,73	79,72	6.465.092,95	98,64
VIII	591.058,40	85,53	141.226,85	23,89	594.058,40	85,84	545.977,44	91,91
IX	9.287.287,35	95,75	6.079.173,46	65,46	9.681.069,51	99,36	9.681.069,51	100,00
TOTAL	** Expression is faulty **	102,55	206.692.347,17	87,59	221.871.919,44	90,4	197.560.048,34	89,04

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados

Organismo	OBRIGAS Estado de Gastos		DEREITOS recoñecidos netos Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	15.720.535,00	487.554,88	1.890.070,68	142.648,39
OA. X.M.U.	1.860.906,16	142.648,39	8.025.493,86	432.740,15
OA. IMD	29.164,52		5.241.610,30	54.814,73
OA. EMAO			1.309.249,20	
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	17.610.605,68	630.203,27	17.610.605,68	630.203,27

Cadro de obrigas e recadación de exercicio corrente e pechados dos estados consolidados

Capítulo	Obrigas recoñecidas		Recadación de exercicio corrente		Recadación de exercicios pechados	
	Entidade Local	Estados Consolidados	Entidade Local	Estados Consolidados	Entidade Local	Estados Consolidados
I	54.937.982,39	61.803.049,97	90.665.516,66	90.665.516,66	5.306.462,70	5.306.462,70
II	97.969.383,66	105.076.106,28	4.456.764,43	4.456.764,43	144.446,22	144.446,22
III	968.373,04	968.373,04	33.930.468,53	37.809.610,94	2.775.401,98	3.158.639,32
IV	35.465.905,20	19.774.908,12	66.697.256,40	64.767.185,72	1.865.319,66	1.865.319,66

V			2.621.602,13	2.653.881,44	56.678,56	56.678,56
VI	16.932.843,51	17.420.398,39	51,00	38.452,46		
VII	6.627.254,81	6.553.955,73	11.535,21	80.535,21	8.280.164,12	9.059.005,81
Op. Non Financeiras	212.901.742,61	211.596.791,53	198.383.194,36	200.471.946,86	18.428.473,24	19.590.552,27
Recursos totais					216.811.667,60	220.062.499,13
VIII	539.708,80	545.977,44	126.687,55	141226,85	362.961,85	411.308,46
IX	9.681.069,51	9.681.069,51	6.079.173,46	6.079.173,46	10.372.093,53	10.372.093,53
Op. Financeiras	10.220.778,31	10.227.046,95	6.205.861,01	6.220.400,31	10.735.055,38	10.783.401,99

Resumo entidade matriz e estados consolidados

Obrigas e recadación	Entidade	Axustes		Total	Consolidados	Axustes		Total
		Maior déficit	Menor déficit			Maior déficit	Menor déficit	
				Total				
Empregos non financeiros	- 212.901.742,61	-2.501.686,20	,00	-215.403.428,81	-211.596.791,53	-2.501.686,20		- 214.098.477,73
Recursos non financeiros	216.811.667,60	,00	,00	216.811.667,60	220.062.499,13	,00	,00	220.062.499,13
Capacidade de financiación (+), Saldo non financeiro	3.909.924,99	-2.501.686,20	,00	1.408.238,79	8.465.707,60	-2.501.686,20	,00	5.964.021,40
Empregos financeiros	-10.220.778,31			-10.220.778,31	-10.227.046,95			-10.227.046,95
Recursos financeiros	16.940.916,39			16.940.916,39	17.003.802,30			17.003.802,30
Capacidade de financiación (+) Saldo financeiro	6.720.138,08			6.720.138,08	6.776.755,35			6.776.755,35

A Entidade Local e os estados consolidados, presentan SUPERÁVIT

Cadro de axustes de maior e menor déficit

CONCEPTO DE AXUSTE		Maior déficit	Menor déficit
Transporte público Novembro e Decembro	651,41	1.664.452,76	
Suministro eléctrico decembro	628,41	837.233,49	
Total		2.501.686,25	,00

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenza entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, prodúcese unha amortización de pasivos financeiros maior ca concertación de pasivos que se fan no ano.

Non se fai axuste de menor déficit, por non dispor de información que o posibilite.

Organismos Autónomos Administrativos

Estado de gastos

Capítulo	IMD			Xerencia Municipal de Urbanismo		
	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo
I	2.345.764,46		2.345.764,46	3.811.314,55	-70.000,00	3.741.314,55
II	5.437.645,32		5.437.645,32	1.243.807,73	1.127.158,65	2.370.966,38
III						
IV	29.164,52		29.164,52	1.884.906,16		1.884.906,16
VI	75.000,00		75.000,00	793.884,35	1.254.272,74	2.048.157,09
VII					1.884.754,97	1.884.754,97
VIII	24.040,48		24.040,48	25.000,00		25.000,00
TOTAL	7.911.614,78		7.911.614,78	7.758.912,79	4.266.186,36	11.955.099,15

Capítulo	EMAO			P.Ciencias Vigo Zoo		
	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo
I	1.064.777,67	-58.636,73	1.006.140,94	893.839,75		893.839,75
II	254.489,56	58.636,73	313.126,29	630739,99		630739,99
III			,00	30,00		30,00
IV				27.000,00		27.000,00
VI						
VII						
VIII	12.000,00		12.000,00	30.000,00		30.000,00
TOTAL	1.331.267,23	,00	1.331.267,23	1.581.609,74	,00	1.581.609,74

Estado de ingresos

Capítulo	IMD			Xerencia Urbanismo		
	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo
III	2.530.940,00		2.530.940,00	1.561.669,06		1.561.669,06
IV	5.241.634,30		5.241.634,30	8.085.493,86		8.085.493,86
V	40.000,00		40.000,00	7.066,26		7.066,26
VI					38.401,46	38401,46
VII	75.000,00		75.000,00	793.884,35	1.121.328,39	1.915.212,74
VIII	24.040,48		24.040,48	25.000,00	3.036.456,51	3.061.456,51
TOTAL	7.911.614,78		7.911.614,78	** Expression is faulty **	** Expression is faulty **	** Expression is faulty **

Capítulo	EMAO			P.Ciencias Vigo Zoo		
	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo	C.Iniciais	Modificación	C.Definitivo
III	6,01		6,01	373.500,00		373.500,00
IV	1.309.249,20		1.309.249,20	1.144.181,64		1.144.181,64
V	10.012,02		10.012,02	33.928,10		33.928,10
VI						
VII						
VIII	12.000,00		12.000,00	30.000,00		30.000,00
TOTAL	1.331.267,23		1.331.267,23	1.581.609,74		1.581.609,74

Execución do estado de gastos e ingresos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo	
	Obrigas	Dereitos R.Netos	Obrigas	Dereitos R.Netos
Obrigas e Dereitos recoñecidos netos				
I	2.097.134,07		3.156.292,99	
II	5.100.415,25		1.113.619,77	
III		2.153.329,75		1.779.492,50
IV	29.164,52	5.241.610,30	1.867.252,41	8.045.493,86
V		6.640,15		7.041,87
VI	54.814,73		432.740,15	38.401,46
VII		54.814,73	556.904,19	1.554.068,54
Total operacións NF.	7.281.528,57	7.456.394,93	7.126.809,51	11.424.498,23
VIII	17.429,36	17.429,36	18.900,00	15.900,00
Total empregos F.	17.429,36	17.429,36	18.900,00	15.900,00

Capítulo	EMAO		P.Ciencias Vigo Zoo	
	Obrigas	Dereitos R.Netos	Obrigas	Dereitos R.Netos
Obrigas e Dereitos recoñecidos netos				
I	822.950,39		788.690,13	
II	282.251,75		610.435,85	
III		1.309.249,20		319.070,65
IV		5.514,75	23.191,67	1.144.181,64
V				13.082,54
VI				

VII				
Total operaci3ns NF.	1.105.202,14	1.314.763,95	1.422.317,65	1.476.334,83
VIII	6.000,00	6.000,00	12.020,24	12.020,24
Total empregos F.	6.000,00	6.000,00	12.020,24	12.020,24

Recadaci3n de correntes e pechados

Cap3tulos	IMD		Xerenica Urbanismo	
	R. Ex. Corriente	R. Ex. pechados	R. Ex. Corriente	R. Ex. pechados
III	2.063.647,99	193.149,03	1.496.423,77	190.088,25
IV	5.241.610,30	,00	7.985.493,86	,00
V	6.640,15	,00	7.041,87	,00
VI	,00	,00	38.401,46	,00
VII	,00	,00	69.000,00	778.841,69
Op. non financeiras	7.311.898,44	193.149,03	9.596.360,96	968.929,94
Total corrente e pechados ONF		7.505.047,47		10.565.290,90
VIII	6.085,31	15.300,71	4.200,00	15.925,00
Op. financeiras	6.085,31	15.300,71	4.200,00	15.925,00
Total corrente e pechados OF		21.386,02		20.125,00

Cap3tulos	EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	R. Ex. Corriente	R. Ex. pechados	R. Ex. Corriente	R. Ex. pechados
III		,00	319.070,65	,00
IV	1.309.249,20	,00	1.144.181,64	,00
V	5.514,75	,00	13.082,54	,00
VI	,00	,00	,00	,00
VII	,00	,00	,00	,00
Op. non financeiras	1.314.763,95		1.476.334,83	
Total corrente e pechados ONF		1.314.763,95		1.476.334,83
VIII	1.875,00	4.215,00	2.378,99	12.995,90
Op. financeiras	1.875,00	1.318.978,95	2.378,99	12.995,90

Total corrente e pechados OF	1.320.853,95	15.374,89
-------------------------------------	---------------------	------------------

Resumo Organismos Autónomos

Recursos e empregos N.F	IMD	Xer.Urbanismo	EMAO	P.C.Vigo Zoo
Recursos non financeiros	7.505.047,47	10.565.290,90	1.314.763,95	1.476.334,83
Empregos non financeiros	-7.281.528,57	-7.126.809,51	-1.105.202,14	-1.422.317,65
Necesidade de financiación (-), Saldo non financeiro	223.518,90	3.438.481,39	209.561,81	54.017,18
Capacidade de financiación (+), Saldo non financeiro				
Recursos financeiros	21.386,02	20.125,00	6.090,00	15.374,89
Empregos financeiros	-17.429,36	-18.900,00	-6.000,00	-12.020,24
Capacidade de financiación (+), saldo financeiro	3.956,66	1.225,00	90,00	3.354,65

Os organismos que dependen da entidade local, están en superávit (capacidade de financiamento).

No cadro seguinte móstrase conxuntamente a entidade local e os seus organismos autónomos así como os estados consolidados. Todos os entes que conforman o sector público local, están en SUPERÁVIT.

Cadro resumo de capacidades e necesidades de financiamento

Organismo	Empregos		Recursos		Capacidade ou necesidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
Entidade Local	-215.403.428,81	-10.220.778,31	216.811.667,60	16.940.916,39	1.408.238,79	3.956,66
OA. X.M.U.	-7.126.809,51	-18.900,00	6.353.436,38	20.125,00	3.438.481,39	1.225,00
OA. IMD	-7.281.528,57	-17.429,36	6.961.325,55	21.386,02	223.518,90	5.181,66
OA. EMAO	-1.105.202,14	-6.000,00	1.314.763,95	-60.006.090,00	209.561,81	90,00
OA. VIGO ZOO	-1.422.317,65	-12.020,24	1.476.334,83	15.374,89	54.017,18	3.354,65
E. Consolidados	-214.098.477,73	-10.227.046,95	220.062.499,13	17.003.802,30	5.964.021,40	6.776.755,35

A vista dos datos que conforman a Liquidación da entidade matriz, os estados consolidados, os Organismos Autónomos Administrativos, e en resumo, a unidade institucional, dase cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

(LOEOSF) e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio da recadación dos capítulos I a VII do estado de ingresos do exercicio corrente e dos exercicios pechados, superior que a suma das obrigas recoñecidas dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo

tanto, a Liquidación dos Orzamentos do ano 2012 da entidade matriz, dos estados consolidados e dos Organismos Autónomos Administrativos, teñen SUPERÁVIT, existindo capacidades (+) de financiamento.

O presente informe debe ser posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seu coñecemento polo Pleno da Corporación.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria do 18 de febreiro, quedou informada.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3.6(25).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO (4º TRIMESTRE DO ANO 2012). EXPTE.7234/540 (613/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 14 de febreiro de 2013, o Tesoureiro Municipal emite informe do “Informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento das obrigas do Concello de Vigo” (4º trimestre do ano 2012), que di:

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (vixente a partires do 17 de decembro de 2011).

INFORME.-

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que *"A Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pago equivalente préstese a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación."*

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigacións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa beira, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigacións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigacións ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do

contrato. En idéntico sentido pronúncianse o artigo 216 e a disposición transitoria 6ª do Real Decreto Legislativo 3/2011.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio

(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/GuíaMorosidad.pdf>) , que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

A citada guía establece expresamente que deben incluírse no informe as facturas litixiosas e, no seu caso, os gastos sometidos a convalidación.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2012 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.396

- Importe total: 18.857.403,49 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 939
- Importe total: 11.482.647,49 euros

Período medio de pago (PMP): 126,47 días

O "*Período medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 252,86 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 1.665
- Importe total: 18.378.307,31 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 247
- Importe total: 3.868.898,91 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 27,36 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 35,90 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final

de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 0
- Importe total: 0,00 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 0,00 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

A razón do incremento das magnitudes referidas aos períodos medios con respecto ás cifras dos trimestres anteriores débese fundamentalmente ao pago, no trimestre ao que se refire o presente informe, con cargo aos créditos dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos) e 6 (inversións reais) dos orzamentos vixentes para o ano 2012, de obrigas recoñecidas mediante recoñecementos extraxudiciais de créditos, derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral procedentes de exercicios anteriores.

En concreto téñense pagado neste trimestre un total de 221 facturas correspondentes a prestacións ou gastos procedentes dos exercicios 2006 a 2011.

De non terse en conta o impacto que o pago destas 221 facturas produce nas magnitudes ás que se refire o presente informe, dado que tanto o período medio de pago (PMP) como o período medio de pagamento excedido obtéñense, non como unha media aritmética, senón como una media ponderada⁴, o período medio de pago dos outros 2.114 pagos efectuados no trimestre sería de **38,70 días**, e o período medio de pagamento excedido sería de **35,24 días**.

O que poño en coñecemento da Concelleiraaría delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3.7(26).- ADHESIÓN Ó ACORDO DO CONCELLO DE A GUARDA, SOLICITANDO DA S.A. XESTIÓN DO XACOBEO E DA CONSELLERÍA DE CULTURA A SINALIZACIÓN DO TRAZADO DO CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA. EXPTE. 4755/101 (603/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 25 de xaneiro de 2013, a xefa do servizo de Comercio e Turismo, co conforme do concelleiro delegado de área, formula o seguinte informe-proposta:

“A mediados do 2009 o Camiño Portugués da Costa foi recoñecido oficialmente pola Xunta de Galicia cumpríndose deste xeito coa aspiración de distintas asociacións, particulares e das entidades locais que viñan traballando dende tempo atrás no recoñecemento desta ruta xacobeá. A partir desta data os concellos integrantes comezamos a traballar conxuntamente no trazado do Camiño, na súa sinalización e divulgación coa posta en marcha de variadas iniciativas como a organización de peregrinacións a Santiago, a edición de folletos informativos, presentación en feiras de turismo, convocatoria do I Concurso Internacional de Fotografía, organización das II Xornada sobre Camiño Portugués da Costa, etc.

Nas diversas reunións mantidas por representantes dos distintos concellos galegos, entre os que se atopa Vigo, autarquías do litoral portugués e asociacións vinculadas ó Camiño da Costa, reiterouse por parte dos asistentes a necesidade de sinalizar mediante os elementos convencionais (moxóns no rural, azulexos e placas nas zonas urbanas) o Camiño de Santiago. Tal petición reiterouse ante responsables da SA de Xestión do Xacobeo por distintos medios e de forma oficial en reunións mantidas por alcaldes dos concellos do Camiño con responsables do Xacobeo.

Ata o día de hoxe a resposta ó compromiso de sinalización do Camiño, logo de tres anos de esforzo dos concellos para avanzar na súa consolidación, non se viron satisfeitas.

Por iniciativa do Concello de A Guarda, remítese aos concellos polos que transcorre o Camiño Portugués da Costa unha proposta de resolución plenaria solicitando a SA Xestión do Xacobeo e a Presidencia da Xunta de Galicia que proceda da maneira máis inmediata posible a súa sinalización .”

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na sesión ordinaria de 18 de febreiro de 2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. VELOSO RIOS: A nós gustaríanos insistir nun aspecto relativo a sinalización do Camiño Portugués da costa, neste caso, pero en realidade do

trazado de calquera camiño a Santiago de Compostela. Insistir na necesidade de que esta sinalización se faga en galego, no noso país, que se respecte a Lei de Normalización Lingüística, a toponimia oficial e a toponimia en galego que é a única que hai, e gustaríanos que constase tamén nesa adhesión por parte do Concello de Vigo.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Non entendemos como poden traer a Pleno esta proposta sobre todo porque deberían de saber que o Camiño de Santiago Portugués está aprobado dende o 2009 pero non está delimitado. Entón gustaríame que alguén me explicase como se pode sinalizar un camiño que non está delimitado aínda, a non ser que queiran incorrer nun gasto completamente innecesario.

A delimitación do trazado primitivo comezou no 1997 e finalizou no 2012, está prevista a finalización da limitación do trazado actual, do trazado portugués, a mediados do 2013. Por iso, por un lado non entendemos como poden solicitar unha sinalización antes de finalice unha delimitación.

Por outra banda pedimos coherencia porque hai pouco máis dun mes, o 18 de xaneiro, vostedes quitaron unha nota de prensa no xornal dicindo que o Concello sinalizará e divulgará os 15 quilómetros vigueses do Camiño de Santiago, é dicir, esta é outra das mentiras ás que nos teñen acostumados, comunican que van facer unha cousa, que non poden porque non está delimitada, poderían si se dedican a poñer sinais onde se lles antolla, pero o máis grave e que despois veñen a solicitar que sexa outro o que acometa esa sinalización, non entendemos nada.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Tráese aquí esta aprobación a petición do Concello de A Guarda que propuxo aos demais concellos a sinalización por onde discorre o Camiño de Santiago-Portugués. Efectivamente, como di vostede, estase en vías da delimitación definitiva, pero nós traémolo ao Pleno porque os demais Concellos tamén o levaron para que se proceda ás bases da sinalización. Este é un acordo que discorre dende o ano 2009 e con referencia ao que comenta a Sra. Veloso está previsto que a sinalización se realice loxicamente en Galego.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do

PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

1º.- Solicitar da SA Xestión do Xacobeo e da Presidencia da Xunta de Galicia que se proceda da maneira máis inmediata posible á sinalización do trazado do Camiño Portugués da Costa.

2º.- Dar traslado deste acordo de adhesión a esta iniciativa do Concello de A Garda aos restantes Concellos galegos polos que transcorre o Camiño Portugués da Costa e nomeadamente ao Concello de A Garda.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

A PRESIDENCIA: Queríamos dar a benvida a esta sesión ó alumnado do curso de Interpretación de lingua de signos de POVISA e o alumnado do Centro educativo Aloya do Ciclo superior de Administración e Finanzas.

5.- MOCIÓNS:

5.1(27).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA QUE RECTIFIQUE A SÚA AMEAZA DE LEVARSE O BARCO QUE PEMEX TEN QUE CONSTRUIR NO ESTALEIRO HIJOS J. BARRERAS E ESIXIRLLE A SÚA COOPERACIÓN ACTIVA NO ESTALEIRO VIGUÉS. EXPTE. 607/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de febreiro, número 607/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Como é ben coñecido por todos e todas, o sector naval de Vigo está a atravesar serias dificultades pola crise na que nos atopamos inmersos e pola suspensión do sistema de bonificacións coñecido como *tax lease*, afectando gravemente tanto aos nosos estaleiros como á industria auxiliar. Desta dura situación deriva a falta de carga de traballo nas gradas viguesas e os innumerables postos de traballo perdidos nun área económica estratéxica para Vigo e para Galicia.

Recentemente asistimos con preocupación a unha declaración do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, amenazando con levarse ao norte de Galicia o flotel que ten que construír o estaleiro vigués Hijos de J. Barreras, encargado pola mexicana PEMEX, de non conseguir os avais para a súa construción.

Vigo agarda pola rectificación pública do señor Núñez Feijóo na súa ameaza de retirar o barco desta cidade e levalo a outro estaleiro da provincia de A Coruña; él persoalmente debe desculparse coa cidade e singularmente cos mil traballadores que dependen da construción do flotel e hoxe ven en risco esta carga de traballo polas irresponsables declaracións do presidente da Xunta de Galicia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- 1.- Instar ao señor Núñez Feijóo a desculparse e rectificar de inmediato a súa ameaza de levarse o barco que PEMEX ten que construír no estaleiro Hijos de J. Barreras.
- 2.- Esixir do presidente da Xunta de Galicia a súa cooperación activa co devandito estaleiro vigués para conseguir os avais que lle permitan construír o flotel.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do

18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Prensa do sábado 9 de febreiro do 2013 “se Barreras non consegue os avais, Navantia fará os dous floteles para PEMEX”, nesta linguaxe e parodiando ao Sr. Rajoy “toma chulería”, é dicir, o Presidente da Xunta de Galicia lonxe de contribuír ao desenvolvemento desta cidade, cando hai dificultades o primeiro que fai é ameazar levarse as inversións para esta cidade a outras cidades de Galicia, nada sorprende porque evidentemente é a súa forma habitual de actuar. O sector naval é decisivo para a economía de Vigo, todos sabemos as cifras e a incidencia que ten e a súa repercusión no emprego tanto directo en Barreras como indirecto, é evidente que debería de ser a aposta de todos e que todos deberíamos pechar filas entorno ás inversións no sector naval en favor da economía desta cidade.

É evidente que cada un ten a súa responsabilidade, a social, a política e a económica pero é evidente que lle corresponde ao Presidente da Xunta de Galicia a máxima responsabilidade.

Son moitos os factores con respecto ao sector naval nos que o Partido Popular e o Sr. Núñez Feijóo enganaron aos vigueses, o Tax Lease era só cuestión de que chegase o Sr. Rajoy ao goberno para solucionalo, despois xa de catorce meses seguimos cos mesmos problemas que cando o Sr. Rajoy chegou ao goberno. Todo se soluciona con falar da herdanza recibida e iso si.

Nun debate nunha televisión local cun concelleiro do Partido Popular deste Concello, con ganas de agradar ao seu xefe, o Sr. Núñez Feijóo, dicía que era o mellor comercial do sector naval, presentara PEMEX como un contrato político; aínda nin un só galego traballa dentro dos contratos de PEMEX, aínda seguimos esperando, creárase unha expectativa no contrato de PEMEX para Barreras, estaba a promesa de facer un Flotel, só faltaban os avais, e un presidente da Xunta de Galicia debe de ser consciente das dificultades, ante as dificultades o que nos atopamos é coa frase coa que iniciaba a intervención, é dicir, se non se conseguen os avais o contrato irase da cidade de Vigo. É este o presidente que se preocupa por Vigo? É este o presidente que vive en Vigo e que se desvela tanto pola cidade de Vigo? Pois é evidente que non.

No Pleno anterior, por realizar unha pregunta insultáronme, pero hoxe vou a facer outra pregunta e é, que sentiron os trece concelleiros do Partido Popular cando o sábado nove de agosto atopáronse con este titular do Sr. Núñez Feijóo, que poñía en tela de xuízo mil empregos para a cidade de Vigo, que sentiron? Chamaron, indignáronse, manifestáronse publicamente, nada diso, porque evidentemente son mil empregos, é moi fácil falar de Emprego cando analizamos o Orzamento deste Concello, é moi fácil facer demagogia e esa é a marca do Partido Popular.

Pero o importante é cando nesta cidade se xoga con mil empregos hai que apostar por eles, e o Sr. Núñez Feijóo literalmente di que se hai a mínima dificultade vanse a Navantia. aconsélloo ao Sr. Núñez Feijóo que chame ao Alcalde para dúas cuestións: primeiro, por cortesía política para darlle a reunión que aínda está pendente para falar dos problemas desta cidade. Segundo, para preguntarlle como fai con Barreras da mesma maneira que fixo o Alcalde de Vigo con Vulcano, e o Alcalde de Vigo en datas recentes apuntaba que debían buscarse tódalas opcións inclusive a de Pymar; pero é evidente que para o Presidente da Xunta de Galicia esta cidade non ten ningunha importancia.

SR. ALONSO PÉREZ: No mes de xullo do 2011 neste mesmo Pleno discutíamos unha moción do BNG solicitando ao goberno políticas de apoio a un sector que se estaba indo a pique.

Hoxe volvemos tratar outra moción sobre o naval, un sector onde se ve con claridade a necesidade que temos os galegos e as galegas de contar con gobernos que miren polo propio país. O naval é un sector estratéxico para Galicia que non ten contado nunca co apoio dos gobernos presididos nin polo Partido Socialista nin polo Partido Popular. O Partido Socialista no goberno do Estado non foi quen de arranxar o problema do Tax Lease, en dezasete meses sen incentivos á contratación ao naval galego, o naval galego tivo máis de dous mil millóns de perdas, mentres os estaleiros de Noruega e Holanda traballaban a pleno rendemento con bonificacións e axudas estatais ata o 70%.

Os gobernos presididos polo Partido Popular, tanto en Santiago de Compostela como en Madrid, teñen demostrado inoperancia, incapacidade e falla de interese en solucionar os problemas do sector e da industria naval. Reduciron axudas a I+D+I, estas axudas propiciarían máis competitividade na creación de bens de equipo que

é o que da maior valor engadido aos buques. Non foron quen de crear o Centro de Reparación na ría de Vigo, non conseguiron novos contratos, non foron quen de crear o Dique Flotante no Ferrol, e xa vimos a mobilización desta sábado, porque non é un problema exclusivo da ría de Vigo é un problema dun sector que está morrendo en todo Galicia.

O financiamento que require o novo sistema de bonificación fiscal está bloqueado e a banca non solta un euro e a Xunta de Galicia non da solucións, non queren banca pública galega nin fondo de garantía galego que asegure o financiamento dos proxectos. A ría de Vigo, que gañara o pulso e o prestixio na construción de buques OSOR, ve como a industria que explota o petróleo na alta mar está contratando ós estaleiros en Italia, Noruega, Holanda, na India e en Turquía. Nos nove primeiros meses do ano 2012, os estaleiros galegos contrataron 3 buques mentres que os noruegueses 170, e mentres o Sr. Feijóo mirando para outro lado, aceptando submisión as políticas de recortes de Bruselas e de Madrid en vez de exercer como Presidente de Galicia, limitándose a dicir “si guana” ás políticas que recortan o sector e segue o sector no dique seco.

Aínda é peor a actitude dos dirixentes do Partido Popular que se rían dos 7.000 traballadores que perderon o emprego, estanse a rir deles con continua propaganda e coa continua mentira. Hai nove meses anunciaban catorce remolcadores, onde están? Despois dous buques flotantes e sumouse despois o Ministro de Exteriores á propaganda anunciando vinte e cinco barcos máis.

En Madrid, no Congreso, a Deputada dona Olaya Fernández Davila pregunta polo sector e o Ministro Sr. Montoro di que a ocupación nos estaleiros é alta, propaganda, propaganda e máis propaganda, mentres o sector se vai a pique.

Imos apoiar a moción porque non queremos que se perda un barco na ría de Vigo, en Barreras, o barco de PEMEX pero pensamos que o problema é moito máis amplo, o problema é do sector non é dun barco, cun barco non se soluciona o problema, por iso presentamos unha emenda de engadido que di: “instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que doten tódalas medidas necesarias para garantir a viabilidade e o futuro do sector e o mantemento dos postos de traballo”.

SR. FIGUEROA VILA: Eu quero dicirlle aos representantes do Bloque Nacionalista Galego onde estaba a súa política industrial cando gobernaban en Galicia? porque

a Consellería de Industria gobernábana vostedes, lémbrese dunha empresa que se chamaba Alfageme, pois eu creo que é un exemplo moi claro de como gobernaron vostedes en Galicia.

Aquí parece que ao Partido Socialista e ao Alcalde o único que lle satisfai, sería a súa alegría, que non se constrúan os barcos en Vigo e en Barreras eu creo que esa é a satisfacción do Alcalde porque ata agora estivo calado durante os últimos nove ou dez meses, non dixo absolutamente nada a favor dos estaleiros, nin dos contratos teñen que facer tamén vostedes unha reflexión en voz alta e unha pregunta, non dicían que non había contratos con PEMEX? Resulta que agora si que xa hai contratos con PEMEX porque vostedes o que queren e que se constrúan os barcos na cidade de Vigo, como queremos todos, e como hai un compromiso da Xunta de Galicia, do seu Presidente e do anterior Conselleiro, que traballou o contrato con PEMEX en México e que eses contratos non son só contratos que foron ratificados polo goberno anterior, senón que polo goberno actual, que tomou posesión en México en datas recentes, tamén confirmou que se ían construír na cidade de Vigo ou en Galicia.

Claro que nós queremos que se constrúan en Vigo, pero hai dificultades para acadar eses avais para que ese Flotel se poida acadar en Barreras. O que temos que facer todos é traballar na mesma dirección, apoiar todos para que se poida construír ese Flotel en Barreras e que esta consiga os avais, senón evidentemente tomaranse as medidas correspondentes cando chegue o momento. O importante agora mesmo é xerar un ambiente e un escenario de colaboración, solidariedade e compromiso e iso é o que están facendo o Presidente de Xunta de Galicia e nós, dende o Partido Popular en Vigo, traballando na mesma dirección.

A pregunta é que fixeron vostedes durante os últimos cinco ou seis anos cos estaleiros da cidade de Vigo? Porque si a situación é tan complicada, tan confusa, supoño que vostedes terían algunha responsabilidade dos oito anos de goberno en España e dos catro anos que gobernaron na Xunta de Galicia, porque a política de vostedes, volvo a repetirlle, está en Alfageme que desapareceu tiña avais da Xunta de Galicia e foi unha autentica ruína de xestión industrial da Xunta de Galicia anterior, na que vostedes presidían pero que o Bloque Nacionalista Galego cogobernaba porque ostentaba a Consellería de Industria.

Eu creo que o que temos que facer é ter ese compromiso con Vigo, e a Xunta de

Galicia o ten, e o Presidente da Xunta de Galicia o ten, polo tanto non fai falla que se lle lembre absolutamente nada, sabe perfectamente que ten ese compromiso con Vigo e que ese Flotel se vai construír na cidade de Vigo, si ou si.

Polo tanto, agora no que temos que traballar todos é polo escenario para que se poidan acadar eses avais para que ese Flotel o poida construír Barreras que é o obxectivo que temos que perseguir todos.

Ademais dicirlle que nos últimos catro anos hai inversións por máis de oitenta millóns de euros no sector naval da cidade de Vigo, e este é un compromiso firme, con números, que está ratificado e que o poden comprobar tódalas persoas que o consideren oportuno.

Polo tanto, Sr. Font, eu creo que cada vez que o Sr. Feijóo ven a Vigo o Alcaldeponse nervioso porque é difícil atopar un responsable político que teña tanto compromiso con esta cidade, dende o Hospital, a depuradora, o apoio ao Naval, a automoción supoño que o apoio a automoción non o criticaran porque vostedes alégranse cando lle vai mal a esta cidade, e nós todo o contrario, nós alegrámonos cando lle vai ben e no que temos que traballar todos é para que lle vaia ben, non para facer discursos baleiros, escenificacións, moitas fotos pero despois a xestión non existe.

A presunta é, o Alcalde fala do Naval única e exclusivamente cando se di que hai imposibilidade ou dificultades para acadar os avais, ata ese momento estivo totalmente calado e non apoiou ningunha das políticas da Xunta de Galicia nin o compromiso do Presidente Sr. Feijóo, pois alá vostedes, sigan alegrándose de que os barcos non se constrúan en Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Aquí a realidade é o que dixo o Presidente da Xunta, non se pode dicir que debemos de estar todos no mesmo barco e apoiar, cando o Presidente da Xunta di que a construción do Flotel vaise ir para Navantia, é que parece que o dixemos os demais, quen di isto son vostedes e é o Presidente da Xunta que non ten ningún compromiso con esta cidade.

Sr. Figueroa, non podemos ver en ningún sitio oitenta millóns de inversión no sector naval, porque si os houbera vostede estaríao manifestando aquí, non hai inversión da Xunta nin da Deputación da que vostede é Vicepresidente, volvín pasar outra vez polo Hospital e segue sendo privado e parado, Sr. Figueroa, esa é a realidade

con respecto a Vigo.

Fala do contrato de PEMEX, aínda non hai ningún contrato, pero non só non hai ningún contrato senón que di o Presidente da Xunta que en caso de habelo non será aquí. O que está claro é que vostede ao que debe atender é ao Presidente de Barreras e aos sindicatos. O Presidente de Barreras o domingo 10 de febreiro estaba sorprendido e estupefacto de que o Presidente da Xunta dixera que non se ía facer o Flotel aquí, os sindicatos tamén, iso é o que están facendo vostedes, están poñendo en xogo mil empregos nesta comarca, nesta cidade, esta é a realidade. O que é evidente, e non o digo eu porque son fontes sindicais, é que non vaia ser esta actitude do Presidente, un tirón de orellas público destinado a algunha persoa en concreto pero no aspecto político é tan vingativo o Presidente da Xunta como para poñer en xogo 1000 empregos como consecuencia disto?, non me xulgue a min polo que digan os demais, vostedes son cómplices das políticas da Xunta, do Sr. Núñez Feijóo, para destruír esta cidade.

No transcurso do debate presentase polo concelleiro do grupo político municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, unha emenda de engádeda que di:

“Que se engada un novo parágrafo co seguinte texto:
Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten todas as medidas necesarias para garantir a viabilidade e futuro do sector e o mantemento dos postos de traballo.”

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade aprobándose a engádeda.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, coa engádeda do concelleiro Sr. Alonso Pérez, co seguinte texto:

- 1.- Instar ao señor Núñez Feijóo a desculparse e rectificar de inmediato a súa ameaza de levarse o barco que PEMEX ten que construír no estaleiro Hijos de J. Barreras.
- 2.- Esixir do presidente da Xunta de Galicia a súa cooperación activa co devandito estaleiro vigués para conseguir os avais que lle permitan construír o flotel.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten todas as medidas necesarias para garantir a viabilidade e futuro do sector e o mantemento dos postos de traballo.”

5.2(28).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA NACIÓN A ASUMIR O PROXECTO DE REFORMA DA PRAIA DE SAMIL QUE OBRA NO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 610/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro, número 610/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

A praia de Samil é un dos maiores atractivos da cidade de Vigo. Para os vigueses é un punto de encontro e de goce. Para os que nos visitan é unha referencia estival. A praia chea no verán é un exemplo.

Conscientes de todo o que significa para a cidade, o Goberno Municipal suscitou ao Goberno da Nación, en 2.009, un proxecto integral de mellora de devandita praia. Proxecto ambicioso que contaba co apoio do Goberno Estatal e que ía destinado a cambiar radicalmente esa zona tan importante da cidade.

Froito dese apoio foi a elaboración do Proxecto que obra en poder de Concello de Vigo que xa está realizado e pago.

O proxecto supón a recuperación do sistema dunar, o retranqueo de 25 metros do paseo actual, a replantación de árbores, o retranqueo das piscinas e da zona de lecer e a construción dun novo paseo de 12 metros.

Todo iso supón un proxecto cun investimento de 17 millóns de euros que supoñería unha importante incentivación económica na cidade.

Coa chegada de Mariano Rajoy á Presidencia do Goberno da Nación, o devandito proxecto, ata o momento, non foi asumido polo actual goberno quedado aparcado sen ningunha xustificación e sen explicación algunha ao Alcalde de Vigo.

A combinación medio ambiental do proxecto coa repercusión no turismo e o atractivo par os vigueses que o gozan todo o ano, fai que sexa necesaria a petición ao Goberno Estatal de manter este proxecto e de fixar prazos para o seu desenvolvemento.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

-Instar ao Goberno da Nación a asumir o proxecto que obra en poder do Ministerio de Medio Ambiente de reforma da Praia de Samil, e comprometer a súa execución nos prazos que, de común acordo, se fixen co Alcalde desta cidade.

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando temos que pedir o apoio para as

mocións neste Pleno, neste caso para unha moción tan importante como é a reforma da praia de Samil, xa non sabemos se pedilo á bancada do Partido Popular ou, pola súa contra, pedilo a ese Conselleiro que non vale para tal pero o Presidente do Partido Popular quere mandalo de candidato á Alcaldía de Vigo.

A praia de Samil é un dos maiores atractivos da nosa cidade, punto de encontro dos vigueses tanto no verán como no inverno, consciente diso no ano 2009 o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, pídelle ao goberno de España a redacción dun proxecto integral de mellora da praia de Samil co fin de curar unha ferida no noso litoral, froito disto o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, presidido pola ministra de Vigo dona Elena Espinosa Mangana redacta un proxecto titulado "Proxecto de recuperación do sistema dunar da Praia de Samil".

Os vigueses lembramos Samil na década de 1960, atopábase virxe, e so se podía acceder a ela polo seu extremo Sur, pola estrada de Molinos, a onde chegaba o tranvía e alí daba a volta. A principios dos anos 60 constrúese a Avenida Atlántida dende Bouzas ata a Praia Azul, enlazando coa estrada cortada de Bayona e cruzando a ponte sobre o río Lagares. 1970 foi un ano fatídico para o areal de Samil xa que comezou a construción do actual muro do paseo e constrúese sobre a mesma duna, tamén se constrúe un vial paralelo sobre o campo dunar, reducindo o gran areal de Samil ao seu estado actual.

O novo Proxecto de Samil ten como prioridade a recuperación da zona dunar da praia, propostas xa recollidas no Plan Xeral de Vigo que se aprobou no ano 2008, por isto no ano 2009 o Alcalde Abel Caballero pide que se redacte un proxecto para mellorar esta situación, a praia que é un signo da nosa cidade. Por iso imos retranquear o paseo 25 metros da súa situación actual para xerar novamente esa duna, e a anchura do propio paseo vai aumentarse a 12 metros que recorrerá polos case 2 quilómetros de lonxitude que ten a praia. A condición de ser a praia de maior influencia e afluencia de toda a costa galega, fai que os servizos dos seus usuarios non deben ser mermados senón que deben ser mellorados.

Por iso actuarase nunha superficie de 150.624 metros cadrados, retiraranse recheos por 57.569 metros cadrados. O novo paseo ocupará 94.054 metros cadrados, crearanse tres novas edificacións integradas para Cruz Vermella, aumentaranse en once puntos os aseos públicos da praia, dotarase de dúas piscinas convencionais para cativos e unha piscina de xogos-splash-pub, tres zonas

de recargas para coches eléctricos, tres zonas de pistas deportivas, un parque infantil temático, dous parques infantís para nenos entre cero e cinco anos, dous parques para maiores, unha pista para patinaxe, tres zonas de pícnic e o pinar aumentárase máis do dobre, de 28.800 metros cadrados actuais pasaríase a 61.600 metros cadrados.

O sistema de alumeadado será de baixo consumo e eficiente, xerando máis luz e contaminando moito menos. Tamén contaremos cun mobiliario urbano e todo isto supón un proxecto cun investimento superior aos dezasete millóns de euros, que suporía un importante incentivo na economía dos vigueses/as.

Coa chegada a Madrid do goberno do Partido Popular, e ata o momento, non foi asumido este Proxecto, foi apartado sen ningún tipo de explicación ou polo menos ó goberno da cidade non se lle deu. Por isto, instamos ao goberno de España a asumir o Proxecto que obra no poder do Ministerio de Medio Ambiente de mellora da Praia de Samil e comprometer a súa execución nos prazos que de común acordo se fixen co Alcalde da cidade. Quiten este Proxecto do arquivo, do soto do Ministerio de Medio Ambiente e póñano en funcionamento, así creremos, co voto do Partido Popular e co voto de todo este Pleno, que a xente do Partido Popular de Vigo tamén cre na cidade e ten peso en Madrid e consegue que se saque un Proxecto do arquivo.

SRA. VELOSO RÍOS: O caso do muro da Praia de Samil é un dos exemplos que demostra con que facilidade se destrúe o patrimonio natural e que difícil é recuperalo.

En 1970 foi un ano malo para as costas de Vigo, chegaba o “Poly Comander” e iniciábase a construción do muro de Samil, estamos falando de hai moitos anos, e xa daquela houbo unha oposición moi grande entre a cidadanía de Vigo, cidadáns que agora homenaxeamos como Álvarez Blázquez ou Valentín Paz Andrade, que daquela xa avisaban do desastre que supoñía a construción do muro de Samil, e esa construción levouse adiante e logo xa na democracia ampliouse o paseo.

É unha historia longa e sempre houbo oposición, tamén no 2001, e sendo Alcalde Lois Castrillo, tamén o BNG manifestou a súa oposición ó mantemento deste muro en Samil e xa propuxo daquela que se derrubase e que se retranquease e por iso está incluído no Plan Xeral, no PXOM, realmente houbo quen defendía que había

que tirar o muro de Samil, e agora está no PXOM e hai un proxecto para recuperar esa zona, pero tamén hai que desenvolver o PXOM, hai que dar pasos por parte do Concello de Vigo e insisto, e moi doado acabar co patrimonio natural pero moi difícil recuperalo e isto é un proxecto a longo prazo, porque ademais temos que contar cunha dificultade especial naquela zona que son as licencias dos establecementos hosteleiros.

Nós, evidentemente, apoiamos que se leve adiante, que se asuma o proxecto e que tódalas administracións poñan da súa parte para facer deste proxecto unha realidade o antes posible, que se poida desenvolver canto antes, que se poida reformar a Praia de Samil, recuperar un contorno natural e comprometer unha execución de prazos de acordo co Concello desta cidade.

Por isto propoñemos unha emenda de substitución do punto que presenta a moción do Partido Socialista na que di “que se fixen os prazos co Alcalde desta cidade”, entendemos que o máis razoable será “que se fixen co Concello desta cidade, representado polo seu Alcalde/sa”.

Nós entendemos que sempre hai que dar pasos para mellorar a situación do litoral da nosa cidade, que non se limita só á Praia de Samil, evidentemente é un lugar senlleiro, pero temos un litoral moi rico que temos que protexer e manter. Por isto propoñemos engadir un novo punto a esta moción que diga “instar ao goberno local á recuperación e o mantemento do litoral da nosa cidade e a continuidade nos paseos costeiros, o que precisa executar proxectos globais para tódalas parroquias, incluída a de Alcabre”, xusto pegado a Samil, non tería ningún sentido poñer un marcha un proxecto de recuperación de Samil cando temos un funil na parroquia de Alcabre.

Temos un paseo en Bouzas, temos recuperada unha parte de Bouzas pero non podemos continuar paseando de Bouzas a Samil e ademais atopámonos cunha situación bastante penosa en Alcabre, unha zona privilexiada da nosa costa atopámonos, despois dunha actuación do Concello de Vigo con balados oxidados, abandonados nas rochas das praias de Alcabre, despois dunha actuación do Concello.

Atopámonos con dúas praias que estaban comunicadas que xa non o están, son cuestións ademais de vontade política, nin sequera de recursos, non son grandes investimentos e que é simplemente facer as cousas preocupándose polo contorno

natural, simplemente é iso, é facer as cousas para recuperar e manter o litoral da nosa cidade tamén a praia de Alcabre.

Está moi ben solicitar doutras administracións grandes proxectos que son necesarios e, insisto, o BNG sempre apoiou, sempre nos opuxemos ao muro, á ampliación do paseo e solicitamos que se derrubase ese muro pero tamén pedimos que esas actuacións máis pequenas, que si son competencia do goberno local, se desenvolvan da mellor maneira posible e que se teña en conta que hai unha responsabilidade tamén no mantemento do litoral, nas parroquias, nos barrios e non só nos paseos urbanos do centro de Vigo.

SR. ARAÚJO PEREIRA: En primeiro lugar comezar posicionándonos nesta moción, indubidablemente o grupo municipal do Partido Popular non vai posicionarse en contra de solicitar financiamento a outras administracións e si, Sra. Veloso, imos posicionarnos a favor da emenda de engádeda que vostedes presentan.

O grupo municipal do Partido Popular é coñecedor, tal e como se presenta na moción, da importancia medio ambiental, turística e de espaxamento que o areal e complexo dunar de Samil tería para a nosa cidade. Tanto é así que xa na redacción do Plan Xeral do Ordenación Urbana da nosa cidade contemplouse e ampliouse o espazo considerándoo como sistema xeral de zonas verdes. Iso que vostede presenta, Sr. Regades, xa o apoiaron o Grupo Popular e o BNG cando o incluíron no Plan de Ordenación.

Tamén somos coñecedores do que o Proxecto de recuperación do sistema dunar de Samil de Vigo, non reforma da praia de Samil como vostedes o nomean na moción, que foi licitado e pagado pola Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa pertencente ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, por un importe de 103.246 euros e executado por Encat, está en fase de aprobación inicial por parte do citado Ministerio. Aínda en xullo, hai ano e medio, de 2011 a unha pregunta da Deputada do BNG sobre o estado do citado proxecto contestóuselle que estaba en estado de reacción, hai ano e medio só.

Seguidamente, seguindo os trámites administrativos e legais pertinentes porase a exposición pública para que se poidan facer alegacións. Dado que aínda non pasou a fase de exposición pública este grupo municipal hoxe non coñece o contido do citado documento e non pode facer alegacións. O que si coñecemos, Sr. Regades, é

que este proxecto viña condicionado para a súa execución, tal e como se lle responde a Sra. Fernández por parte do Ministerio gobernado por vostedes en 2011. Este condicionado ía polo cumprimento, por parte do Concello, dunha serie de accións como son a desmontaxe das instalacións sitas no paseo actual, o realoxamento das zonas de aparcadoiro e dos locais de hostalería presentes no ámbito de execución da rexeneración da dunar.

Vostedes saben, ao igual que os técnicos municipais da Xerencia de Urbanismo e pretenden enganar á cidadanía, que para a execución do citado proxecto é necesario previamente desenvolver a vía principal de comunicación ata esta zona. Tal e como se describe no PXOM, é un viario estruturante que vertebra o territorio e non se pode executar a obra sen resolver os ámbitos de planeamento, isto pon de manifesto a incompetencia na xestión da Xerencia de Urbanismo xa que non ten desenvolvido eses ámbitos co cal non podemos executar o proxecto tal como vostedes o describen.

Esta moción que presentan no momento actual o único que pretende, Sr. Regades, é enganar novamente á cidadanía e buscar confrontación co Goberno Central vendendo fume e soños, como sole facer o noso Alcalde e os seus compañeiros de partido, sen que existan condicións reais de execución das accións que vende, e sen que se haxa contemplado nos Orzamentos que é, por sorte, o único que nos indica a veracidade do posible comezo.

En titulares tiñamos o 25 de maio de 2008, Sra. Díaz, xa que fala de enganar e mentir, “o goberno aposta por ampliar o areal de Samil 100 metros e abrir Toralla a peóns” hai cinco anos, Sra. Díaz. A Sra. Espinosa fala de que queremos recuperar aquel Samil con dunas que algúns coñecemos, esta é do 2008, hai cinco anos, “o Concello e o goberno iniciará no 2009 o derrubo do muro do paseo de Samil”, isto hai catro anos aínda o estamos esperando; “o edificio de As Dornas derrubarase para crear un parque de 4.000 metros cadrados en Samil” isto é de febreiro de 2010; pero o curioso é que pouco despois o Alcalde di que “o derrubamento do restaurante As Dornas creará en Samil pistas deportivas”, en que quedamos zona verde ou pistas deportivas?

Tamén o cambio dos aparcadoiros, o Alcalde falaba no 1 de marzo de 2010 “o aparcadoiro desmontable de 800 prazas de Peinador colocarase este verán en Samil”, estamos esperando Sr. Alcalde.

Costas estima en quince millóns a rexeneración de Samil, que aínda debe cubrir trámites ata 2012, xa naquel momento unha Ministra súa dicía que “a obra decidiríase por cuestións orzamentarias”.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Compartirmos a maioría das descrições que nos presentaba o Bloque Nacionalista Galego, cando nós dicimos o Alcalde de Vigo non dicimos Abel Caballero por unha sinxela razón, os alcaldes nos concellos son os que teñen a representación da cidade, pero non temos ningún problema en poñer Concello de Vigo porque o representa o Alcalde Abel Caballero.

Aceptamos a súa engadeda, cando din “que se incluía o paseo de Alcabre” por suposto que incluimos o paseo de Alcabre, porque como vostedes saben o goberno anterior do Partido Socialista en Madrid, ca Ministra Elena Espinosa á cabeza, xa fixera tamén un proxecto.

Sres. do Partido Popular o que me queren dicir vostedes é que levan un ano enteiro no goberno de España e este proxecto non foron capaces de movelo, non me estraña co lio que teñen, sobre para arriba e sobre para abaixo, que non foran capaces de sacar este proxecto do armario.

Si que é verdade unha cousa, cando o Partido Popular di que ten que desenvolverse o vial do Plan Xeral é que non se leron este proxecto, porque dentro del xa fala que ten a posibilidade de facerse o proxecto sen que o Plan Xeral mova ese vial, non so llo darei a vostedes senón tamén á prensa para que saiban que menten de forma continuada, fora deste Pleno e neste Pleno, e non valoran a Cidade.

Nunca pensei que o Partido Popular de Vigo, que os concelleiros aos que votaron os vigueses, que están sentados na bancada da oposición, e estarán aí por moito tempo, que puxeran algunha obxección a este proxecto, eu o que pensaba, como cando o Alcalde foi a Madrid para conseguir os avales de Vulcano, que vostedes foran a Madrid para conseguir os avales para facer este proxecto, pero vostedes vanse a Madrid e non os reciben, van e veñen e en tal caso mirarán a Cibeles, pero non son capaces de entrar en ningún ministerio.

No transcurso do debate presentase pola voceira do grupo político municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, dúas emendas de substitución e engadeda que din:

Substituír o texto do acordo polo seguinte:

“Instar ao Goberno do Estado a asumir o proxecto que obra en poder do Ministerio de Medio Ambiente de reforma da Praia de Samil e comprometer a súa execución nos prazos que, de común acordo, se fixen co concello desta cidade”.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Instar ao Goberno local á recuperación e ao mantemento do litoral da nosa cidade e á continuidade nos paseos costeiros o que precisa executar proxectos globais para todas as parroquias, incluída a de Alcabre”.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar as emendas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

1.- Instar ao Goberno do Estado a asumir o proxecto que obra en poder do Ministerio de Medio Ambiente de reforma da Praia de Samil e comprometer a súa execución nos prazos que, de común acordo, se fixen co concello desta cidade.

2.- Instar ao Goberno local á recuperación e ao mantemento do litoral da nosa cidade e á continuidade nos paseos costeiros o que precisa executar proxectos globais para todas as parroquias, incluída a de Alcabre.

5.3(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA O COMPROMISO DE APOIAR AO AEROPORTO DE VIGO E ESTABLECER UNHA POLÍTICA DE AXUDAS ECONÓMICAS. EXPTE. 611/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de febreiro, número 611/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A política de subvencións da Xunta de Galicia aos Aeroportos de Galicia veu castigando nestes anos ao Aeroporto de Vigo.

É hora de reclamar que o Aeroporto de Vigo poida competir en igualdade de condicións.

Vigo segue sendo o aeródromo menos subvencionado de Galicia, mentres que a terminal de Santiago de Compostela recibe subvencións millonarias por parte da Xunta de Galicia.

A Xunta débelle a Vigo 23 millóns de euros para a promoción de voos desde o aeroporto. Nos últimos 6 anos o goberno galego aportou 24 millóns de euros ao aeródromo compostelán de Lavacolla, mentres que tan so un millón para aeroliñas operadas desde Peinador.

Ademais o PP debería contestarnos de quen resarce á cidade ante este agravio comparativo, porque non chega con non renovar as axudas nos anos vindeiros, senón que hai que resarcir á cidade dos danos causados.

O modelo aeroportuario vigués necesita conexións coas capitais francesa e inglesa, para posteriormente intentar establecer unha ruta con Frankfurt, en Alemaña, outro intercambiador internacional. Esta planificación é básica para o mantemento e a implantación do tecido industrial vigués e galego.

O aeroporto de Vigo é factor clave de localización industrial porque se as compañías teñen que desprazarse a Oporto para viaxar, a cidade corre o risco de ver trasladadas as compañías ao país veciño.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa a apoiar ao Aeroporto de Vigo de forma decidida, prolongada no tempo e, polo menos, en igualdade de condicións co resto dos aeroportos galegos.

-Que a Xunta de Galicia estableza unha política de axudas ao Aeroporto de Vigo que permita resarcir os 23 millóns que, en clara discriminación á cidade de Vigo, deixáronse de percibir nos 6 últimos anos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Traemos unha moción sobre o Aeroporto de Vigo que é practicamente o reflexo e continuidade da xa presentada en xaneiro do 2012, é

evidentemente que para a política aeroportuaria de Galicia é moi importante a política de subvencións, de axudas que se levan a cabo dende as distintas administracións. Vimos reclamando unha contribución, como mínimo, en igualdade de condicións co resto dos aeroportos por parte da Xunta de Galicia e a involucración por parte da Deputación provincial de Pontevedra, isto quedou demostrado co resultado dos distintos aeroportos, as posibilidades dalgúns aeroportos e a incidencia negativa que tivo a política de subvencións sobre outros. Definir a política do Partido Popular sobre aeroportos é remitirse a súa forma xeral de actuar en política, e é simplemente: á cidade de Vigo non, e o que sobre para o resto das cidades e xa veremos como o distribuímos e como actuamos.

Pero é evidente que tódolos aeroportos debemos competir en igualdade de condicións e, neste sentido, analizando que política de subvencións levou a Xunta de Galicia e como actuou a Deputación de Pontevedra, a realidade para a nosa cidade é tremenda, Vigo é o aeroporto menos subvencionado de Galicia está abandonado no sentido das axudas a súa sorte pola Xunta de Galicia. Non só abandonado senón que é atacado pola política de subvencións na medida na que todo o esforzo da Xunta de Galicia se destina a apoiar ao Aeroporto de Santiago de Compostela, á Lavacolla.

As contas son moi claras para explicárllelas ao Sr. Núñez Feijóo, este teórico mestre da austeridade e do teito de gasto, Sr. Núñez Feijóo as súas contas con respecto ao apoio aos aeroportos de Galicia son nos últimos seis anos, vinte catro millóns para o Aeroporto de Santiago de Compostela e un millón estritamente para o Aeroporto de Vigo. A pregunta que lle diriximos a este mestre da austeridade, que o único que conseguiu é que Galicia estea sete veces peor que cando el entrou de Presidente da Xunta de Galicia, é como actualizamos, como compensamos á cidade de Vigo con esta política nefasta á que vostede a someteu?.

A equivocación da Xunta de Galicia coa política de fomento aos aeroportos é unha das máis clamorosas, a competencia é Oporto e a solución é Vigo. Non se empeñen en intentar apoiar a outros aeroportos cando a solución é Vigo. Vigo necesita, e deberíamos, recollendo as palabras do Sr. Figueroa na anterior moción, apoiar, estar todos xuntos, pero claro con este discurso non chega, iso hai que facelo efectivo e ten que ser realidade. Vigo necesita conexións con París e Londres, incomprendible o rexeitamento ao voo a Londres, son fundamentais cunha posterior

conexión con Alemaña porque son as que logo nos permitirán actuar nos intercambiadores internacionais.

Esta cidade, Sres. do Partido Popular, é industria e necesita un aeroporto con conexións, a localización industrial está en Vigo, ese é o futuro do Aeroporto e é sorprendente que só este goberno municipal recolla as contribucións dos empresarios, dos que organizan feiras mundiais nesta cidade, e o primeiro que lle trasladan e propoñen ao Alcalde o principal problema á hora de organizar unha feira mundial son as conexións por avión. E é evidente que se vostedes tiveran unha relación co sector empresarial e escoitasen o que dende este sector se di diríanlles que os nosos empresarios van a Oporto, que esta é a clave na loita polo tráfico.

Nós reivindicamos nesta moción que esta cidade ten un déficit de vinte e tres millóns de euros, esta cidade foi agraviada con relación ao aeroporto de Santiago de Compostela en vinte e tres millóns de euros e a Xunta debe de actuar dunha forma igualitaria para todos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Permítanme antes de empezar, Sr. Regades, xa que estamos nunha moción de transporte, que despois me conteste si eses avais que persoalmente os trouxo o Alcalde, si os trouxo en avión, xa que estamos a falar do aeroporto, ou no AVE ese que prometeu que chegaría no 2012, en todo caso quixeramos saber en que medio de transporte trouxo ese avais.

Moito se ten falado do Aeroporto de Vigo, da súa potenciación, do seu desenvolvemento e sobre todo da competencia co aeroporto próximo de Oporto. A verdade que moito se ten falado e ben pouco se ten feito, estamos evidentemente a prol desta moción e o Bloque Nacionalista Galego votará a favor dela porque si é certo que a Xunta de Galicia ten discriminada a nosa terminal. É absolutamente certo que mentres se teñen subvencionado a fondo perdidas outras terminais aeroportuarias, a Vigo ténselle afastado desa subvención. Dende o ano 2009 que a Xunta de Galicia decide asumir as competencias, que o Partido Popular dinos que deixemos de negociar dende os concellos que a Xunta se encargará desas negociacións, a partir dese ano non se fixo absolutamente nada por planificar, orientar ou por desenvolver o espazo aeroportuario galego.

No ano 2009, por primeira vez na historia de Galicia, tres concellos puxéronse de

acordo: o Concello da Coruña, o de Santiago de Compostela e Vigo presentamos conxuntamente a través dos tres concelleiros de turismo, do Bloque Nacionalista Galego, unha planificación que contemplaba a potenciación das tres terminais dende a complementariedade das tres, non nos enganemos, Sr. López Font, competiremos con Oporto se competimos como tres terminais galegas, porque Oporto, non o esquezamos, é o segundo aeroporto dun Estado.

Competiremos con Oporto si a Xunta de Galicia presenta unha planificación onde aqueles voos que estean consolidados e xa traballando sexan exclusivos desas terminais, no é de recibo que un voo consolidado como o de Vigo-París teña a competencia directa de voos como os de Santiago de Compostela ou como os da Coruña, subvencionados pola propia Xunta de Galicia, se fora ao revés tamén diríamos que é lóxico.

Planificar significa complementariedade das tres terminais, en onde Vigo ten que ter un papel predominante sobre todo cos enlaces con Centro-Europa ou co Sur da propia península, tal e como estaba contemplado nese plan, que a Xunta de Galicia deixou esquecido nun caixón e que acabaron de votalo por terra ese famoso comité de rutas onde empezaron a meterse os tres alcaldes, entón pasouse de traballar pola complementariedade e pola racionalización do espazo aeroportuario, a pedir cada quen para si e mentres, evidentemente, os de Oporto fregándose as mans.

Imos apoiar esta moción e imos presentar unha engadeda no termo de solicitar á Xunta de Galicia, que presente esa planificación das tres terminais elaborada dende a complementariedade, a coordinación e o papel preponderante que ten que ter Vigo con eses enlaces tal e como se contemplaba anteriormente.

Sr. Font o voo a Londres é un bo que durante cinco anos non se deu consolidado e os cartos públicos teñen que axudar para iniciar, para poñer en marcha unha liña un ou dous anos, pero os cartos públicos non se poden utilizar para darlle beneficio ás empresas privadas con voos que durante cinco anos non se deron consolidado.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Font, hoxe propúxose tomarlle o pelo aos vigueses, que ven a improvisar, tivo un lapsos temporal? Porque eu creo que estivo falando do Bipartito en todo este momento.

Nos catro anos de goberno do Bipartito tivemos unhas cifras un tanto estrañas. Sabe cal foi a inversión no Aeroporto de Peinador, en Vigo, no ano 2005 por parte

do Bipartito Socialista e Bloque na Xunta de Galicia? Cero euros, Santiago de Compostela 250.000 euros; ano 2006: Peinador cero euros, Santiago de Compostela 780.000 euros; ano 2007: Peinador cero euros, Santiago de Compostela 1.200.000 euros; ano 2008: Peinador cero euros, Alvedro 300.000 euros, por que nos merecemos isto?, Santiago de Compostela un millón e medio de euros; ano 2009, chega o noso presidente Alberto Núñez Feijóo e ten que arranxar a desfeita, 325.000 euros para Peinador, a primeira inversión da Xunta en Vigo, 300.000 Alvedro, 450.000 Santiago de Compostela; ano 2010, empézanse a regularizar e a arranxar as cousas, Peinador 1.400.000 euros de inversión, 1.340.000 Alvedro, 1.600.000 Santiago de Compostela; ano 2011 un millón de euros Peinador a maior inversión dos tres aeroportos de Galicia, repítollo Sr. Font?. Creo que non ten claro os datos, ano 2012: un millón de euros de forma equitativa para os tres aeroportos.

Co Partido Popular na Xunta investíronse case catro millóns de euros para a promoción do Aeroporto de Peinador, claro que son importantes os hats de comisións, pero creo que están completamente perdidos, como pode dilapidar case un millón e medio de euros no voo a Londres sen ningún resultado? Que pasa aquí non necesitamos ir a Madrid?, sabe que practicamente non podemos por unha cuestión de custes.

Como pode ser que teñamos ao inimigo na casa, no 2011 preferiron enviar a cincuenta e cinco bolseiros, que tiñan que ir a Londres, dende o Aeroporto de Oporto, promocionándoo, inxectando cartos nas compañías que van dende o Aeroporto de Oporto.

Como pode ser que o fillo adoptivo da Coruña e ex-ministro de Transporte Abel Caballero investiu oito millóns de euros no Aeroporto de Alvedro, deixando de lado o Aeroporto de Peinador? E agora levántase como defensor de Peinador? Por favor é algo completamente increíble.

Realmente o que están executando é un plan estratéxico que comezou no ano 88 e permítanme que lles lea, isto é do ano 88 son curiosas estas declaracións súas Sr. Alcalde, anunciou tamén que “no plan do seu departamento en materia de transporte aéreo en Galicia contempla a dedicación do aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela a voos europeos e transoceánicos, o Aeroporto da Coruña unha vez finalicen as obras de ampliación a voos peninsulares, e o Aeroporto

vigués a un aeroporto de terceira clase a voos chárter”, esta ben é hemeroteca, non poña cara de sorpresa. Aquí temos outro tamén moi curioso “o ministro valorou as instalacións de Peinador ao que situou nun segundo pero importante plano”, e vostede levantase como defensor dos intereses de Peinador?, por que castiga así aos vigueses.

O modelo de apoio indirecto que empregou a Deputación é o que está funcionando con AirEuropa, en Peinador, gracias a AirEuropa temos voos, non gracias ao apoio e aos seus voos a Londres que non funcionan. Vostede creou tres aeroportos en Galicia cando había só dous, relevando o papel e o plan ao que estaba destinado Peinador e agora ven a esixir vinte e tres millóns da Xunta, do Bipartito? Vostede é o responsable, é o que xerou un dano de vinte e tres millóns de euros a Peinador, isto é a verdade, isto é hemeroteca, son cifras moi difíciles de rebater. Fíxense no modelo de Oporto á hora de facer algo produtivo e beneficioso. Como pode ser que en cinco anos achamos perdido máis de 600.000 pasaxeiros en Peinador coa súa política e xestión.

A PRESIDENCIA: De que cidade falará vostede?. Sr. López Font súa quenda.

SR LÓPEZ FONT: A pregunta do millón é que fixemos os vigueses para merecelos a vostedes? Que mal fixemos para ter estes treces concelleiros cómplices das políticas que machacan a esta cidade? Mire Sr. concelleiro do Partido Popular o único que se fixo no Aeroporto de Vigo, fíxoo o que hoxe é o Alcalde desta cidade, don Abel Caballero, a pista, a terminal antiga e a terminal nova, pero é que a maiores recoméndolle que vexa a hemeroteca e vexa quen inaugurou, quen construíu a estación de ferrocarril desta cidade, pregúntelle á Sra. Pastor Ministra de Fomento, quen é o artífice da estación na que vostede irá no AVE.

Todo o que se fixo en materia de política de estrutura ferroviaria e aeroportuaria ten un nome, Abel Caballero cando foi Ministro de Transportes e cando desempeñou determinados cargos, esta é a realidade.

Vou facerlles agora unha pregunta, cando van empezar vostedes a gobernar? Leva o Sr. Núñez Feijóo cinco anos e toda a súa liña argumental para dicir hai que indignados, leva catro anos gobernando e non fixo nada e vostedes buscando en hemerotecas.

A situación é moi sinxela, a política aeroportuaria do goberno do Sr. Núñez Feijóo fracasou, castigou a esta cidade e vostede non soubo responder si lle deben vinte e tres millóns de euros e o que é peor, esa política fracasou marxinando a Vigo e non conseguindo ningún resultado positivo.

Voulles facer unha proposta moi sinxela, a mesma política discriminatoria que levaron durante seis anos pódena levar nos próximos seis con relación a Vigo, e darnos os mesmos cartos que lle deron a Lavacolla. Pero sabe o que fai o Sr. Núñez Feijóo, nun plan aeroportuario para os próximos anos, o primeiro que fai é discriminar e apartar ás cidades, seguro que agora empezará a rir e estarán vostedes moi satisfeitos.

No transcurso do debate presentase polo concelleiro do grupo político municipal do BNG, Sr. Dominguez Olveira, unha emenda de engádeda que di:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Instar á Xunta de Galiza a que de xeito urxente elabore e presente publicamente un Plan de Coordinación e Complementariedade dos tres aeroportos galegos, co fin de crear un amplo consenso que axude á potenciación do sistema aeroportuario galego”.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade acordándose a incorporación da emenda:

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte:

ACORDO:

1 -Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa a apoiar ao Aeroporto de Vigo de forma decidida, prolongada no tempo e, polo menos, en igualdade de condicións co resto dos aeroportos galegos.

2 -Que a Xunta de Galicia estableza unha política de axudas ao Aeroporto de Vigo que permita resarcir os 23 millóns que, en clara discriminación á cidade de Vigo, deixáronse de percibir nos 6 últimos anos.”

2.-Instar á Xunta de Galiza a que de xeito urxente elabore e presente publicamente un Plan de Coordinación e Complementariedade dos tres aeroportos galegos, co fin de crear un amplo consenso que axude á potenciación do sistema aeroportuario galego”.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O

REQUIRAN.

1.1(30).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 30 de xaneiro 2013 e 18 de febreiro de 2013.

1.2(31).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POLOS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de xaneiro de 2013 ó 18 de febreiro de 2013.

A PRESIDENCIA: Quero notificar ao Pleno a incorporación de dona Olga Alonso Suárez como Concelleira Delegada na área de Educación, benvida a este Pleno e ao goberno desta cidade.

1.3(32).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 6.02.2013, DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 601/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de febreiro de 2013, o alcalde-presidente ditou a seguinte resolución:

“O réxime xurídico establecido polo Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 126.2, contempla a posibilidade de que polo Alcalde se nomeen como membros da Xunta de Goberno

Local a persoas que non ostenten a condición de concelleiros, recoñecendo os mesmos dereitos económicos e prestacións sociais que as do resto dos membros electivos, réxime que resulta de aplicación ao Concello de Vigo como municipio de gran poboación.

En virtude de dita facultade e de conformidade coa normativa anteriormente citada

RESOLVO

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local derivada da Resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.

Segundo.- Cesar no seu cargo de membro da Xunta de Goberno Local con efectos económicos e administrativos do 7 de febreiro de 2013 a D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.

Terceiro.- Nomear ao abeiro do art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, como membro non electo da Xunta de Goberno Local e con todos os efectos económicos e administrativos, a D^a OLGA ALONSO SUÁREZ, quen así mesmo exercerá as funcións delegadas na Área de Educación previstas na miña resolución de data 6 de febreiro de 2013. A membro non electa da Xunta de Goberno Local deberá presentar no prazo legalmente establecido na Secretaría do Pleno as declaracións correspondentes ao Rexistro de Intereses.

Cuarto.- Na súa condición de membro non electo da Xunta de Goberno Local, D^a OLGA ALONSO SUÁREZ poderá asistir ás sesións do Pleno da Corporación e participar nos seus debates sen prexuízo das facultades que corresponden ao seu presidente (art. 126.2 LBRL).

Quinto.- Comunicar a presente resolución aos interesados e proceder á súa publicación na web oficial e na intranet do Concello.

Sexto.- A presente resolución entrará en vigor no día de mañá, 7 de febreiro, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de febreiro de 2013 quedou informada da anterior resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.4(33).- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NOS CONCELEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO, DE DATA 6.02.2013. EXPTE. 602/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de febreiro de 2013, o alcalde-presidente emitiu a seguinte proposta de delegación nos concelleiros de área e nos demais delegados de competencias da Xunta de Goberno Local:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN NOS CONCELEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.

Primeiro.- NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO:

a) En materia de Urbanismo:

- Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución. Resolución dos recursos administrativos interpostos contra ditos actos e revisión de oficio dos mesmos.
- As contratacións con cargo ó orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de “contratos menores”, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
- O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:
 - a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
 - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.
 - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
 - d) Aprobación da incorporación de remanentes de créditos.
 - e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ó complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estiveran comprendidos globalmente no orzamento.
 - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar, e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
 - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
 - h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.

- i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
- j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
- k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.

En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:

- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 12.020,24 euros, cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
- b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
- c) A ordenación de pagos.

- A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ó Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases de Réxime Local.

- Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

b) En materia de Cascos históricos:

- 1.- A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.
- 2.- Previo informe do planeamento, a xestión, a disciplina urbanística e a concesión de licenzas urbanísticas relativas aos Cascos Históricos.
- 3.- A participación na redacción e tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos e instrumentos de xestión do planeamento que incidan nos barrios históricos da cidade de Vigo, emitindo informe previo nos procedementos, así como na actividade urbanística. Aos efectos do informe previo, o persoal da oficina de Barrios Históricos prestará a colaboración necesaria ao concelleiro delegado de Cascos Históricos.

c) En materia de Patrimonio:

Resolución de expedientes de autorizacións de ocupación temporal do dominio público para as instalacións de circos e demais instalación eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral das pequenas diversións que se dean ó público como feiras e verbenas, ou barracas provisionais ou ó aire libre, carruseis e similares previa emisión, no seu caso, de informe do facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

Segundo.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL.

a) En materia de mobilidade-tráfico.

1.- Conceder as autorizacións para a ocupación temporal da vía pública e de entrada de vehículos polo dominio público agás as que poidan corresponder ao Servizo de Patrimonio.

2.- Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.

3.- Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto nas ordenanzas as seguintes medidas:

- a) Reserva de estacionamento e paradas
- b) Reservas especiais para minusválidos
- c) Permisos de sinalización para pasos de carruaxes

4.- Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais na materia.

b) En materia de persoal.

1.- Desempeñar a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, agás a do corpo de Policía Municipal.

2.- Conceder os permisos e licencias de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último supostos á Xunta de Goberno Local.

3.- Recoñecemento do grao persoal e trienios dando conta disto, no primeiro suposto, á Xunta de Goberno Local.

4.- A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, dando conta á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- NA CONCELLEIRA DELEGADA DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN.

a) En materia de contratación

Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

Cuarto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO.

a) En materia de desenvolvemento local:

Será atribución desta concellería a contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

Quinto.- NO CONCELEIRO DELEGADO DA AREA DE FOMENTO E TRANSPORTE:

a) En materia de Vías e Obras

Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

b) En materia de Transporte

Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais en materia de auto-taxis.

Sexto.- NO CONCELEIRO DELEGADO DA AREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS, LIMPEZA E COMERCIO.

a) En materia de parques e xardíns

1.- Efectuar a supervisión e o seguimento do contrato administrativo de servizos que ten por obxecto o mantemento e conservación dos parques e xardíns municipais ditando ó efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ó órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

Sétimo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do día 13 de xuño de 2011, exercerán por delegación desta Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- Impoñer as sancións previstas na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.

2.- Tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores nos termos previstos na lexislación vixente e nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

3.- Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.

4.- Incoar, tramitar e resolver cantos expedientes deriven do exercicio da

potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía.

5.- Acordar a organización funcional das áreas incluíndo a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da mesma seguindo criterios de eficacia e dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da Área de Persoal a través desta unidade.

6.- Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere tres días alternos ou consecutivos, dando conta inmediata disto ó concelleiro da Área de Xestión Municipal a través do servizo de Recursos Humanos.

7.- Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a dous días dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da área de Xestión Municipal.

8.- Propoñer o cadro de vacacións anuais do persoal da área e remitilo dentro dos prazos fixados ao servizo de Recursos Humanos para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

9.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a realización de dilixencias informativas reservadas previas á incoación dos expedientes disciplinarios nos que se poida atopar incuso o persoal adscrito á súa Área.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ó órgano delegante reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Así mesmo, se delegan nos señores concelleiros as facultades de revisión de oficio reguladas no Capítulo I do Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivera ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde no presente Decreto.

Undécimo.- Esta Xunta de Goberno Local deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das

delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente resolución a todos os concelleiros afectados.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos e publicidade na Intranet.

Décimo cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Décimo quinto.- Do presente acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

A Xunta de Goberno Local na sesión do 8 de febreiro de 2013 acorda de conformidade coa anterior proposta

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

1.5(34).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 7-02-2013, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS. EXPTE. 608/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de febreiro de 2013, o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo ditou a seguinte resolución de delegación de competencias en concelleiros/as:

“DELEGACIÓN

En uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a miña Resolución de data 13-06-2011 e as súas sucesivas modificacións.

Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e

coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas polos membros da Xunta de Goberno Local e demais concelleiros que se indican:

I.- ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO, dirixida pola concelleira delegada da Área, membro da Xunta de Goberno Local e 1ª tenente de alcalde, Dª Carmela Silva Rego.

II.- AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL, dirixida polo concelleiro delegado da Área, membro da Xunta de Goberno Local e 2º tenente de alcalde, D. Carlos López Font.

III.- ÁREA DE ECONOMIA, FACENDA E CONTRATACIÓN, dirixida pola concelleira delegada da Área e membro da Xunta de Goberno Local, Dª Raquel Díaz Vázquez.

IV.- ÁREA DE POLITICA DE BENESTAR, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, dirixida pola concelleira delegada de Área e membro da Xunta de Goberno Local Dª Isaura Abelairas Rodríguez.

V.- ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. Santos Hector Rodríguez Díaz.

VI.- AREA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS, dirixida polo concelleiro delegado da Área, membro da Xunta de Goberno Local, D. Cateyano Rodríguez Escudero.

VII.- AREA DE FOMENTO, dirixida polo concelleiro delegado da Área, D. David Regades Fernández.

VIII.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E XUVENTUDE, dirixida pola concelleira delegada da Área e membro da Xunta de Goberno Local, Dª María Jesús Lago Rey.

IX.- ÁREA DE DEPORTES, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. José Manuel Fernández Pérez.

X.- ÁREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS, LIMPEZA E COMERCIO, dirixida polo concelleiro delegado da Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. Angel Rivas González.

XI.- ÁREA DE EDUCACIÓN, dirixida pola delegada de área e membro da Xunta de Goberno Local, D^a Olga Alonso Suárez.

Terceiro.- Por delegación desta Alcaldía, sen prexuízo das facultades que se puideran avocar en posteriores resolucións, o Tenente de Alcalde e demais Delegados/as de Área citados exercerán as seguintes atribucións:

I.- ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de urbanismo:

Dada a xestión descentralizada que desta actividade se realiza a través do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo corresponderanlle as atribucións que como Vicepresidente da Xerencia se mencionan no artigo 6 dos Estatutos da Xerencia, agás a de substitución do Presidente na súa condición de Presidente do Consello da Xerencia e aquelas outras que expresamente lle delegue a Presidencia da Xerencia das sinaladas no artigo 5 dos Estatutos con excepción das previstas nos apartados b) e c) do apartado 1.

b) En materia de vivenda:

1.- A planificación e a execución da política municipal en materia de vivenda promovendo para elo as relacións con outros órganos estatais ou autonómicos, especialmente co IGVS. Representar ó Concello de Vigo nos órganos de representación, comisións, comités e foros que ostenten a competencia nesta materia.

2.- Elaborar, propoñer para a súa aprobación e executar plans plurianuais municipais de vivenda protexida promovendo, en todo caso, a cualidade das mesmas.

3.- A realización dos estudos necesarios sobre a problemática da vivenda que coadruven o establecemento da política municipal nesta materia.

4.- O impulso das relocalizacións industriais contempladas nos instrumentos de planeamento que posibiliten dun xeito certo a recuperación das áreas urbanas degradadas.

5.- Implantación de medidas para a recuperación dos núcleos rurais co obxecto de revitalizalos como asentamentos poboacionais.

6.- Implantación de políticas dirixidas á erradicación de infravivendas.

7.- Efectuar, en coordinación coa Xerencia Municipal de Urbanismo, o seguimento e control da normativa municipal referida á Inspección Técnica de Edificacións, elevando cada ano un informe ao Consello da Xerencia de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local do grao de cumprimento do previsto na Ordenanza.

8.- Asistir ás reunións da Comisión Provincial de Vivenda e actualizar a xestión da lista de demandantes de Vivendas Sociais.

c) Patrimonio Histórico.

1.- A protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo.

2.- Adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvaguardar os bens do Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado.

3.- Fomentar, en coordinación coa Administración Autonómica, a difusión exterior do Patrimonio Cultural impulsando os intercambios culturais que se estimen oportunos e promovendo a realización de convenios ou acordos dirixidos a este fin.

4.- Instar á Administración Autonómica a iniciación de expedientes que teñan por obxecto a declaración dun ben de interese cultural, a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou no Inventario Xeral do devandito Patrimonio.

5.- Velar porque tódolos bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas.

6.- Instar doutras Administracións Públicas as axudas necesarias para a investigación, documentación, conservación, recuperación, restauración e difusión dos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Vigo.

7.- Denunciar ante a Administración Autonómica calquera acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

8.- Desenvolver en tódolos trámites que sexan necesarios o Convenio coa Universidade de Vigo para a investigación e musealización da vila romana de Toralla, así como tódalas autorizacións, concesións, obras e actuacións relacionadas con ese proxecto.

9.- En virtude da súa riqueza patrimonial xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en

valor do patrimonio municipal.

d) En materia de Cascos Históricos:

- 1.- Fomentar a rehabilitación dos cascos históricos da cidade contribuíndo á súa conservación e á posta en valor do seu patrimonio e arquitectura ó obxecto de recuperar a convivencia e o dinamismo económico destes lugares.
- 2.- Promover actuacións conxuntas co “Consortio Casco Vello de Vigo” ó obxecto de colaborar na consecución dos fins propios deste ente.
- 3.- Colaborar cos particulares-propietarios de inmobles ubicados no Casco Vello de Vigo e Bouzas ó fin de que obteñan a “Cédula de Rehabilitación de Calidade” e co obxecto de facilitar as subvencións que para a rehabilitación ou renovación poida convocar a Administración Autonómica.
- 4.- Promover unha política de axudas e subvencións municipais ás persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias, usufructuarias ou inquilinos de vivendas localizadas nos Cascos Vellos de Vigo e Bouzas ó obxecto da súa rehabilitación e renovación con criterios medioambientais de substantibilidade, aforro enerxético e de respecto da calidade do patrimonio arquitectónico e cultural, a este efecto a Tenencia da Alcaldía obtentará a dirección da xestión da Oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos por delegación da Xunta de Goberno Local.
- 5.- Nos procedementos para o outorgamento de licenzas urbanísticas en Cascos Históricos e naqueles outros procedementos que neses ámbitos se instrúan referentes á intervención no uso de solo e na edificación a Tenencia da Alcaldía participará nos termos que, no seu caso, estableza a Xunta de Goberno Local.

e) En materia de Patrimonio:

- 1.- A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran o personamento dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidade de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
- 2.- Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no IMBD dos bens integrantes do mesmo, quedando facultado para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
- 3.- Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.

- 4.- Tramitar en xeral os expedientes de aproveitamento de calquera natureza dos bens de propiedade municipal, tanto de dominio público como patrimonial, cuxa adscrición ou xestión non corresponda a outra Área ou se atopen afectos a un servizo público municipal.
En concreto correspóndelle a tramitación das autorizacións ou concesións demaniais para a instalación de circos ou quioscos na vía pública, sen prexuízo das facultades atribuídas nesta materia a outros órganos municipais.
- 5.- A xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
- 6.- Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais dependentes da súa Área.
- 7.- Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
- 8.- Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para súa realización.
- 9.- Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- 10.- Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens, recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente ao efecto ás demais áreas e servizos municipais.
- 11.- En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presume que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.

II.- AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL,
corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de seguridade

- 1.- Dirixir, organizar e coordinar cos respectivos Xefes os servizos de Policía Municipal e Bombeiros desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ós mesmos.
- 2.- Expedir, controlar e retirar as tarxetas das armas mencionadas no art. 105 do

Reglamento de Armas, aprobado por RD 137/1993, de 29 de xaneiro, así como exerce-la función sancionadora atribuída á Alcaldía no devandito Regulamento.

- 3.- Exerce-las atribucións conferidas á Alcaldía polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, aprobado por RD 2816/1982, de 27 de agosto, agás de aquelas que polas súas propias características técnicas sexan competencia doutros servizos.
 - 4.- Exercer as atribucións conferidas a esta Alcaldía pola Lei orgánica 1/1992, de 24 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá, nos supostos contemplados no artigo 26 apartados g), h), i) e j); así como a de impoñer sancións que para cada suposto prevé a propia Lei orgánica.
 - 5.- Exercer as atribucións conferidas ao Concello pola Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil e demais disposicións reguladoras da materia, agás aquelas que polas súas propias características técnicas sexan competencia doutros servizos municipais.
 - 6.- Desenvolvemento e implantación do Plan de Emerxencia Municipal fixando as liñas de actuación preventivas e realizando as probas e simulacros de prevención de riscos e calamidades públicas previstas no mesmo, así como realizar a actualización do mesmo. Elaboración de novos Plan de Protección Civil que poidan ser necesarios.
 - 7.- Organizar e dirixir o Corpo de Bombeiros propoñendo e executando os plans de prevención, así como os de funcionamento e adquisición de material, mellora e actualización do mesmo.
- b) En materia de mobilidade-tráfico:
- 1.- Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia da Circulación.
 - 2.- Ordenar e regular o uso e utilización normal das vías públicas para a maior compatibilidade entre vehículos e peóns.
 - 3.- Realizar estudos e análises en orde a definir os criterios de equilibrio entre o tráfico rodado e peonil mantendo a debida coordinación coa Concellería Delegada de Fomento.
 - 4.- Ditar as normas reguladoras de circulación, sinalización e estacionamento.
 - 5.- Dirixir e regular as actuacións de ordenación de tráfico a realizar polos efectivos da Policía Municipal asignados.
 - 6.- Realizar as declaracións de abandono dos vehículos, a efectos do previsto no art. 86 da Lei 18/2009, de modificación do RD Lex. 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial; sen prexuízo de que a competencia para

sancionar o abandono dun vehículo correspóndelle á Concellería de Medio Ambiente.

- 7.- Iniciar, impulsar e resolver, mesmo sancionar, e a supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.
- 8.- A concesión das autorizacións cuxa competencia non se atribúa a outros órganos e a incoación e resolución dos expedientes sancionadores que se instrúan

c) En materia de recursos humanos e persoal:

- 1.- A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.
- 2.- Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, agás a do corpo de Policía Municipal, a efectos do cal poderá ditar as ordes e instrucións de servizo necesarias para garantir o adecuado funcionamento dos servizos e o correcto rendemento e produtividade do persoal municipal, sendo o órgano competente para acordar a realización de trámites de información reservada, dilixencias informativas e de investigación e actos de trámite enmarcados no exercicio da potestade disciplinaria.
- 3.- Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como á Xunta de Goberno Local o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
- 4.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados polo Servizo de Recursos Humanos, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de

Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.

- 5.- A proposta e implantación ou revisión de sistemas de organización e métodos de traballo.
- 6.- Propoñer á Xunta de Goberno Local o establecemento de xornada laboral e horarios de traballo no marco das disposicións legais aplicables.
- 7.- En materia de prevención de riscos laborais, informar á Xunta de Goberno Local trimestralmente das estatísticas sobre os índices de absentismo laboral, así como dos accidentes de traballo; vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
- 8.- Remitir con carácter trimestral, aos distintos órganos de representación sindical do persoal do Concello, a información necesaria sobre as políticas de persoal proxectadas ou implementadas.
- 9.- Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
- 10.- Ordenar e outorgar o visto e praxe nas certificacións que se expidan polo Secretario do Goberno Local referentes ao persoal ao servizo do Concello de Vigo.
- 11.- Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, dando conta á Xunta de Goberno Local.
- 12.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal.
- 13.- Propoñer á Xunta de Goberno Local, en coordinación coas Concellerías Delegadas de Área e demais Delegados, a distribución, das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas (gratificacións e complemento de produtividade).
- 14.- Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
- 15.- Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal, dando conta á Xunta de Goberno Local e ás

Concellerías-Delegadas das Áreas.

16.- A proposta, previa a emisión de informe, sobre autorización ou recoñecemento da compatibilidade nos termos da lexislación vixente.

17.- Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Economía e Facenda, asinando o proxecto que pola unidade de Planificación e Organización se elabore.

c) En materia de Réxime Interior:

1.- Dirixir e xestionar as dependencias de Rexistro Xeral, Arquivo, Estatística e Informática ademais das Unidades de Conserxería e Notificación.

1.1. En relación co Servizo de Estatística se efectúan as seguintes delegacións:

- a) Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
- b) Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral a información e coordinación precisa.
- c) Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
- d) Declarar de oficio a inscrición padronal dos veciños incursos no suposto do art. 73 do RD 1690/1986, de 1 de xullo.
- e) Acordar a baixa por caducidade das subscricións padroais dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos (Resolución 28.04.2005 da Presidencia do INE e do Director Xeral de Cooperación Local).
- f) Expedir as certificacións de empadronamento e dos resumes numéricos do padrón.
- g) Dirixir a xestión do rueiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
- h) Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licencia de obras, segundo acordo da

Xerencia de Urbanismo.

- i) Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
- l) Manter a debida comunicación co Consello de Empadramento.
- m) Proporcionar ao Departamento de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

1.2. En relación cos Servizos Xerais efectuaranse as seguintes delegacións:

- a) Dirixir e xestionar o funcionamento do Rexistro Xeral, Arquivo e demais seccións ou unidades xerais.
- b) Ordenar e outorgar o visto e prace ás certificacións que poidan expedirse con referencia ós Libros de Rexistro, así como ás que se expidan en relación cos editos remitidos polos Rexistros da Propiedade para a súa inserción no Taboleiro.

- 2.- Controlar os consumos de electricidade e auga; adoptando ou propoñendo a adopción de medidas que estime procedentes para maior economía no gasto.
- 3.- Ditar as ordes e instrucións que sexan precisas aos servizos municipais para a adopción de medidas de seguridade e reparación, mantemento e conservación, que requiran os edificios de propiedade municipal, en especial a Casa do Concello.
- 4.- Xestión dos servizos de subministracións aos edificios administrativos do Concello.

III.- ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E CONTRATACIÓN, corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Economía e Facenda:

- 1.- Planificar, sinalar e desenvolver as directrices xerais da Área de Economía e Facenda.
- 2.- Formar o proxecto de Orzamento Xeral Municipal en colaboración co concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e remitilo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación, emenda ou devolución.
- 3.- Ordenar a incoación de expedientes de modificación de crédito orzamentarios e elevar a proposta de resolución ao órgano competente.

- 4.- Propoñer a aprobación de operacións de crédito e tesourería, así como a emisión e amortización de empréstitos e demais operacións de xestión do endebedamento municipal, incluíndo as destinadas á cobertura de riscos derivados da evolución dos tipos de interese e tipos de cambio.
- 5.- Formalizar as operación de crédito, a curto e longo prazo, en calquera das súas modalidades, agás naquelas nas que esta Alcaldía-Presidencia actúe por si.
- 6.- Planificar a execución orzamentaria e a actuación económica e financeira da Corporación, mediante a utilización, entre outros, dos instrumentos contemplados no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
- 7.- Proceder ao recoñecemento e liquidación da obriga dos compromisos ou disposicións de gastos legalmente contraídos, sen prexuízo das facultades atribuídas nesta materia aos concelleiros delegados das distintas áreas ou outros órganos municipais, dando conta á Xunta de Goberno Local cando a contía supere os 60.000 euros.
- 8.- Render a Conta Xeral formada pola Intervención Xeral.
- 9.- Ordenar os pagamentos, indistintamente coa Alcaldía-Presidencia, a través da sinatura dos seguintes documentos:
 - a) Mandamentos de pagamento referidos ao Orzamento Municipal e a operacións non orzamentarias e as relacións correspondentes aos devanditos mandamentos.
 - b) Transferencias, cheques, e demais documentos mediante os que se produzan disposicións dos fondos situados nas contas correntes de titularidade municipal abertas nas entidades financeiras, para a execución material das ordes de pagamento, nos termos previstos na normativa de aplicación.
- 10.- Adoptar as resolucións que se deriven dos documentos e expedientes xustificativos dos pagamentos e expedientes xustificativos dos pagamentos correspondentes a operacións non orzamentarias e autorizar o libramento de fondos "a xustificar" con cargo ao Orzamento Municipal.
- 11.- Propoñer os proxectos relativos á imposición, supresión e ordenación dos tributos municipais e dos prezos públicos.
- 12.- Propoñer os proxectos de Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras dos Tributos e Prezos Públicos (acordos), a súa modificación ou supresión.
- 13.- Dirixir, unha vez aprobadas, a aplicación das ordenanzas reguladoras dos distintos ingresos do Concello.
- 14.- Propoñer os convenios ou concertos a desenvolver para o pagamento dos

dereitos a favor da facenda municipal.

- 15.- Recoñecer e liquidar os dereitos tributarios e os recursos procedentes dos prezos públicos; declara-la prescrición e impoñer sancións por infraccións tributarias ou incumprimento de acordos dos prezos públicos, resolver as reclamacións e os recursos sobre aplicación e efectividade de toda clase de ingresos, incluídos os que, de conformidade coa Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Recadación e Inspección, correspondan á Alcaldía-Presidencia e aprobar os expedientes de devolución de ingresos, todo iso sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 16.- Recoñecer e declarar os beneficios fiscais, sen prexuízo da competencia atribuída a outros órganos municipais.
- 17.- Dispor, de acordo coa normativa aplicable e no ámbito das súas competencia, a suspensión da executividade dos actos impugnados ou suxeitos a revisión en vía administrativa; a liquidación, no seu caso, dos xuros de mora, e a devolución das garantías e depósitos constituídos a tal fin, así como resolver sobre o reembolso do custo das garantías, de acordo co disposto na Lei Xeral Tributaria.
- 18.- Dirixir a xestión dos tributos, así como a xestión tributaria que a través da mesma se desenvolva.
- 19.- Propoñer ao órgano competente a interposición de reclamacións ou recursos ou o acatamento dos fallos das cuestións litixiosas en materia de tributos ou ingresos públicos estatais e autonómicos, xestionando e controlando a súa efectividade.
- 20.- Tramitar e aprobar os gastos derivados do cumprimento das resolucións ou fallos dos Tribunais con cargo ás partidas que lle correspondan, sen prexuízo da competencia atribuída nesta materia a outros órganos.
- 21.- Aprobar os modelos de avais e garantías a constituír polos interesados, conforme co establecido nas ordenanzas e regulamentos municipais, e declarar a conformidade, no seu caso, das constituídas para suspender a execución dun acto ou para aprazar ou fraccionar o pagamento dunha débeda tributaria ou de outro ingreso de Dereito Público.
- 22.- Subscribir convenios de colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro, Axencia Tributaria, Dirección Xeral de Tráfico, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma e outras Administracións e Institucións, en orde á xestión, inspección e recadación dos tributos municipais, e, en particular, para a comunicación e acceso informático dende a Base de Datos Municipal ás respectivas Bases de Datos daquelas Administracións e Institucións.
- 23.- Dirixir a xestión e mantemento da base de datos tributarios na súa dobre vertente de datos persoais e territoriais, e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polos diversos servizos municipais e o acceso destes a súa

consulta.

- 24.- Dirixir a elaboración de cantos estudos se estimen necesarios, no ámbito económico, referidos ao Concello de Vigo (PIB do municipio, series estatísticas,etc.)
- 25.- Planificar e coordinar a actuación económica-financeira dos Organismos Autónomos, coa colaboración dos seus órganos xerenciais.
- 26.- Autorizar as peticións de fondos dos Organismos Autónomos para a realización dos pagamentos que se derivan da execución dos seus presupostos.
- 27.- Autorización de subscripción de acordos ou convenios nos procesos concursales, agás naqueles supostos en que, no seu caso, sexan competencia do Pleno da Corporación.
- 28.- A superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal, sen prexuízo das funcións que legalmente correspondan ao seu titular e a proposta do mesmo.
- 29.- Aprobar a declaración de fallidos dos obrigados ao pagamento, así como a declaración dos créditos como incobrables, a proposta da Tesourería Municipal.
- 30.- Resolución das peticións de pagamentos de xuros de mora.
- 31.- Decretar a incautación de cantidades, con motivo de providencias xudiciais ou administrativas de embargo.
- 32.- Declarar a prescrición de débedas de dereito público.
- 33.- Formulación e resolución de tercerías, previo informe dos servizos xurídicos, e a proposta do Tesoureiro Municipal.
- 34.- Conceder e denegar fraccionamentos e aprazamentos de pago a proposta do Tesoureiro Municipal.
- 35.- Resolver, a proposta da Tesourería Municipal, os expedientes de compensación de oficio ou a instancia de parte, de débedas municipais con créditos a favor do Concello.
- 36.- A apertura de contas restrinxidas de recadación, contas operativas e contas restrinxidas de pagos a proposta do Tesoureiro Municipal, e de acordo co previsto nas normas e regras establecidas polo Concello para a organización da Tesourería Municipal.
- 37.- Ditar acordos de derivación de responsabilidade.
- 38.- Resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, a proposta do

servizo municipal liquidador competente, cando o ingreso indebido se producira por unha declaración, liquidación ou autoliquidación ou por outra causa que afecte á liquidación ou acto administrativo que constituíu ao interesado na obriga de ingresar a correspondente débeda; ou a proposta do tesoureiro Municipal cando dito ingreso proceda dunha duplicidade ou exceso no pagamento, do pagamento de débedas prescritas ou de erros de feito ou dereito padecidos na xestión recadatoria que non afecten á liquidación ou acto administrativo que orixinou a obriga de ingresar.

39.- Acordar a adxudicación de bens ao Concello, previa consulta aos Servizos Técnicos sobre a utilidade dos mesmos.

40.- A adopción de medidas cautelares para asegurar o cobro das débedas tributarias.

41.- Concertar operacións de tesourería cando o importe das vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

42.- Calquera outras funcións necesarias para continuar ou finalizar o procedemento de recadación, non atribuídas a outros órganos.

b) En materia de Contratación.

1.- Velar polos principios de publicidade e concorrência na contratación administrativa, agás as excepcións sinaladas na lei, impulsar os procedementos de contratación e ordenar a publicación de anuncios.

2.- Presidir as Mesa de Contratación do órgano de contratación do Concello (Xunta de Goberno Local).

3.- A formalización e asinamento das escrituras e contratos de calquera natureza e, en xeral, dos documentos públicos ou administrativos nos que se concrete calquera negocio xurídico nos que interveña o Concello agás os convenios de colaboración.

4.- Realizar os estudos de viabilidade e conveniencia e propoñer, no seu caso, a constitución dunha Xunta Municipal de Contratación nos termos previstos na lexislación aplicable.

5.- Dirixir o Almacén Municipal.

IV.- ÁREA DE POLITICA DO BENESTAR, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Política do Benestar:

- 1.- Planificación e programación da política municipal dos Servizos Sociais determinando as directrices xerais e as prioridades no seu desenvolvemento.
- 2.- Detección e estudo das necesidades sociais.
- 3.- Coordina tódalas actuacións que en materia de Servizos Sociais se xestionen no Concello ditando instrucións para regular a súa actividade.
- 4.- Procurar garantir a prestación de Servizos Sociais a aqueles sectores da poboación en situacións de desprotección social e marxinación a través de medidas adecuadas á problemática da cada colectivo levando a cabo cantas actuacións sexan precisas.
- 5.- Promover e impulsar cantas actividades sexan necesarias para contribuír a propiciar o desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade ante problemas de marxinación e desprotección social.
- 6.- Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas para desenvolver e exercer funcións relacionadas cos Servizos Sociais e o Benestar Social.
- 7.- Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais.
- 8.- Aprobar gastos que non excedan de 12.000€ para a atención de persoas físicas ou núcleos familiares en situación de necesidade social, con cargo ás partidas orzamentarias que a súa xestión lle corresponda, sen prexuízo das facultades atribuídas en materia de axudas e subvencións a outros órganos municipais.
- 9.- Resolver as solicitudes de prestación do servizo de teleasistencia e axuda no fogar e as solicitudes de prestacións individuais para prevención, asistencia e promoción social dando conta diso á Xunta de Goberno Local.
- 10.- Iniciación de expedientes de solicitude de subvencións ou axudas a outras Administracións Públicas.
- 11.- Dirixir a xestión e mantemento da base de datos dos usuarios da área e dispoñer de cantas medidas de carácter organizativo e tecnolóxico sexan precisas para a súa correcta alimentación polas unidades desconcentradas.
- 12.- Prever plans municipais de actuación, ó obxecto de adaptar as vías públicas, parques e xardíns á Lei de Accesibilidade, concertando coa Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda a porcentaxe do orzamento destinada a estes fins.
- 13.- Adaptar, en coordinación coa Concellería de Área de Mobilidade e Seguridade,

as medidas axeitadas para facilitar o estacionamento de vehículos automóbiles pertencentes a minusválidos con problemas graves de mobilidade.

- 14.- Dirixir e xestionar o Centro de Drogodependencias (CEDRO).
 - 15.- Ostentar a Presidencia do Consello Sectorial de Benestar Social.
 - 16.- Ostentará a representación do Concello de Vigo á hora de xestionar as actuacións do Consorcio Galego de Servizos Sociais, nomeadamente toda a xestión que ten que ver coa construción de centros de día e Galescolas na cidade.
 - 17.- Representación do Concello nos órganos reitores do Consorcio de Servizos Sociais ó que este Concello está incorporado (Acordo Plenario de data 28.12.06 e DOG nº 53 de 15 de marzo de 2007).
 - 18.- Todas aquelas competencias derivadas dos Convenios asinados polo Concello e Caixa Galicia de datas 13.03.2002 e 10.04.2006, para facilitar o acceso a persoas maiores deste Concello a prazas residenciais e de atención diúrna do Centro Xerontolóxico Euxa-Vigo.
 - 19.- Aquelas competencias derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento.
- b) En materia de igualdade e promoción da muller:
- 1.- Esta Concellería terá adscritos, sen prexuízo dos que se poidan crear no futuro, os seguintes servizos:
 - a) Oficina da Muller
 - b) Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
 - c) Casa de Acolida (baixo concesión administrativa)
 - d) Piso tutelado (baixo concesión administrativa)
 - e) Dous puntos de información conveniados con dúas asociacións de mulleres.
 - f) Casa das Mulleres
 - g) Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.
 - 2.- Apoiar e fomentar a participación activa das mulleres en todos os ámbitos sociais consolidando programas que desenvolvan actividades nas áreas educativas, culturais e cidadás.
 - 3.- Apoiar o desenvolvemento do movemento asociativo de mulleres e das vocalías veciñais a prol da igualdade.
 - 4.- Promover que nos estudos e informacións os datos estean desagregados por sexo.
 - 5.- Propoñer e impulsar medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes

a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social das mulleres.

- 6.- Promocionar, desenvolver e difundir no ámbito municipal toda clase de accións tendentes a incrementa-la presenza das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións.
- 7.- Detectar posibles discriminacións indirectas por razón de sexo no persoal ó servizo do Concello e propoñer estratexias para a súa eliminación.
- 8.- Fomentar os proxectos de iniciativa social promovidos polas Asociacións de Mulleres.
- 9.- Manter contacto con Institucións e organismos públicos e privados que desenvolvan actividades e programas especificamente relacionados coa muller.
- 10.- Propoñer e impulsar actuacións que favorezan a erradicación da violencia de xénero.
- 11.- Xestionar a programación, implementar e avaliar as políticas de igualdade que fixa a Corporación municipal.
- 12.- Convocar e presidir o “Consello Municipal da Muller” segundo o seu Regulamento executando os seus acordos e demais competencia que lle confire tal Regulamento.
- 13.- Execución e coordinación das medidas e accións expostas no “Plan municipal para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2005/2007” aprobado na Xunta de Goberno Local o día 27 de decembro de 2004.
- 14.- Execución e coordinación das medidas e accións expostas no “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” aprobado no Pleno da Corporación municipal o día 27 de decembro de 2004.
- 15.- Impulsar e poñer en marcha medidas e servizos na procura da conciliación da vida persoal e laboral, entre elas as Galescolas.
- 16.- Impulsar a aplicación de medidas que promovan a incorporación da perspectiva de xénero en tódolos departamentos e a tódolos niveis no ámbito municipal (principio de transversalidade).
- 17.- Diseñar, dirixir, coordinar e avaliar as políticas municipais de igualdade e de promoción das mulleres a desenvolver polo Concello de Vigo.

c) En materia de normalización lingüística:

- 1.- Acada-los seguintes obxectivos:
 - Conseguir a normalidade lingüística.
 - Garantir os dereitos lingüísticos das e dos cidadás.
 - Recuperación do patrimonio inmaterial galego.
- 2.- Planificar as actuacións dinamizadoras e determinar os criterios de política lingüística que asumirá o Concello partindo sempre do marco legislativo existente e de realidade sociolingüística.
- 3.- Xestionar e dirixir campañas de dinamización lingüística nos sectores socioeconómico, socioeducativo, sociolaboral, sociocultural, nos ámbitos das novas tecnoloxías da información; e especialmente aquelas dirixidas á mocidade e á poboación infantil.
- 4.- Xestionar e dirixir actividades tendentes a facilitar o coñecemento da lexislación lingüística: dereitos e deberes, galeguización de nomes e apelidos...
- 5.- Xestionar e dirixir actuacións desenvolvidas para un maior e mellor coñecemento da lingua galega e da súa realidade sociolingüística: obradoiros de lingua, obradoiros de comunicación oral, obradoiros de dinamización sociolingüística. Cursos de lingua galega. Edición de léxicos, cartaces e outros soportes de difusión terminolóxica.
- 6.- Xestionar e dirixir as publicacións do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), entre elas do Boletín Lingua Viva.
- 7.- Xestionar e dirixir as actuacións publicitarias tendentes a dar a coñecer o SNL, o seu traballo e ofertar a súa colaboración. Garantir a presenza do SNL nos foros de debate, simposios, seminarios ou congresos que teñan como eixo a dinamización das linguas minorizadas e/ou minoritarias en situacións de anormalidade lingüística.
- 8.- Actuar como interlocutor diante/con outras administracións, institucións, asociacións..., acadando convenios e acordos para desenvolver actuacións normalizadoras no ámbito municipal vigués.
- 9.- Impulsar a xestión cara á realización de encontros, intercambios e outras actividades que permitan o achegamento entre concellos, cidadáns (en particular mozas e mozos) e centros de ensino do ámbito lusófono, en especial da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e do Eixo Atlántico.
- 10.- Actuar como interlocutor coa sociedade viguesa, coas asociacións, institucións, e con outras administracións para consensuar todas estas actuacións no marco da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística.
- 11.- Desenvolver estes mesmos labores no ámbito interno da administración a través da Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística.

12.- Impulsar a elaboración dun Plan de Normalización Lingüística como marco da política e planificación lingüística do Concello de Vigo

V.- ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de promoción económica e emprego:

1.- O deseño e dirección das políticas de promoción económica local e das políticas activas de emprego a desenvolver polo Concello de Vigo, así como daquelas outras tendentes á posta en valor dos recursos endóxeos e ao desenvolvemento económico local, especialmente dos tendentes á mellora da ocupabilidade dos desempregados (orientación, formación e inserción laboral), á adquisición de experiencia laboral e o apoio ás iniciativas empresariais e de autoemprego do ámbito local.

b) En materia de Participación Cidadá:

1.- Dirixir e impulsar a política municipal referida ó Asociacionismo e a Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal propoñendo, a estes efectos, o Concello-Pleno a aprobación dun novo Regulamento Orgánico.

2.- Dirixir, xestionar os servizos de Participación Cidadá e Atención Cidadá así como a Oficina Municipal de Voluntariado que se deberá coordinar co primeiro deles.

3.- Tramitar, resolver as solicitudes de inserción no Rexistro Municipal de Asociacións.

4.- Xestionar ata a súa resolución calquera incidencia ou modificación de datos que deba facerse constar no Rexistro Municipal de Asociacións.

5.- Presidir o Consello Sectorial de Participación Cidadá, impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles Consellos Sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.

6.- Impulso, coordinación e supervisión dos proxectos construtivos de inmobles promovidos polo Servizo (Centros Cívicos e outros) que sexan redactados pola Oficina Municipal de Obras e Proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

7.- Coordinar e xestionar a base de datos de información xerada pola Administración Municipal, así como toda aquela de interese para o cidadán.

8.- Dirixir e organizar os distintos servizos de información a nivel presencial ou

telefónico a través do teléfono 010 e do control telefónico e de Internet por medio da páxina web da Concellería.

- 9.- Coordinar a desconcentración dos servizos de atención municipal co fin de facela máis próxima, comprensible e accesible aos cidadáns.
- 10.- Crear, manter e difundir a guía cidadá.
- 11.- Centralizar, supervisar, distribuír e realizar un seguimento das queixas e suxestións xeradas nos distintos niveis.
- 12.- Xestionar a páxina web da Concellería nos módulos de información de asociacións, cidadáns, voluntariado e emigración.
- 13.- Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e fundamentalmente en Internet nos Centros Cívicos de Coruxo, Teis, Casco Vello, Saiáns e calquera outro que se poña en funcionamento así como en colaboración coas asociacións cívicas.
- 14.- Tramitar, solicitando das respectivas xefaturas os preceptivos informes ou documentos, tódalas queixas que os cidadáns presenten ante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe ó Concello, dando conta diso e das suxestións ou recomendacións que recaian á Xunta de Goberno Local.
- 15.- Administración do Rexistro Municipal de Parellas de Feito, segundo o seu Regulamento.
- 16.- Facer á Concellería Delegada de Xestión Municipal as propostas que considere axeitadas ao obxecto da implantación das previsións contempladas na Lei 11/2007, de 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

VI.- AREA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Industria:

- 1.- A relación con organismos, entidades e institucións públicas e privadas para a execución da política municipal en materia de industria.
- 2.- Promover actuacións conxuntas coa “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo” ó obxecto de colaborar na consecución dos fins propios dese ente.

b) En materia de Turismo

- 1.- A planificación e execución da política municipal de fomento do turismo na

cidade mediante inversións directas, axudas e publicidade, así como a promoción turística da cidade e a súa imaxe turística en tódolos ámbitos.

- 2.- A relación cos organismos da Administración Central, Autonómica e Provincial competentes nesta materia especialmente coa Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A. (Turgalicia S.A.) e o Padroado de Turismo Rías Baixas.

c) En materia de cultura:

- 1.- Establecer as directrices xerais e a política municipal da Área, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.
- 2.- Exercer as competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un deles, dos equipamentos culturais do Concello, como Casa das Artes, Biblioteca Central, Biblioteca Neira Vilas e Casa Galega da Cultura, agás no que as normas específicas de cada un atribúan as competencias á Alcaldía-Presidencia u outro órgano municipal.
- 3.- O impulso, promoción, xestión e coordinación dos Museos da cidade, en particular:
 - Museo Quiñones de León, especialmente no que se refire á colección arqueolóxica
 - Pinacoteca
 - Verbum-Casa das Palabras
 - Centro de Artesanía Tradicional (CAT)
- 4.- Representar ó Concello de Vigo nos seguintes órganos, entidades ou institucións:
 - a)Padroado da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (Vicepresidencia).
 - b)Padroado do Museo Municipal de Castrelos (Presidencia).
- 5.- Centralizar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.
- 6.- Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións das dependencias adscritas á área.
- 7.- Manter contacto permanente cos órganos da Administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidade públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de cultura.

- 8.- Establecer medidas de seguimento e avaliación, estudos de custos e elaboración de memorias relativas á xestión da Área de Cultura, das súas unidades, equipamentos, servizos e programas.
- 9.- Xestión de convenios de colaboración e/ou patrocinio das actividades propias da Concellería por parte de empresas ou entidades, así como a resolución dos textos dos convenios que se propoñan para a súa aprobación e a súa sinatura, sen prexuízo do sinalado no apartado l.e)1.
- 10.- Sinatura de convenios de colaboración con entidades para programación complementaria da Concellería de Cultura e de contratos para a prestación de servizos de actuación artística, sen prexuízo do sinalado no apartado l.e)1.
- 11.- O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas.
- 12.- O fomento da creación literaria e a promoción do hábito da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.
- 13.- O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.
- 14.- A promoción, difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.
- 15.- Elevar ó Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais instruíndo, a estes efectos, os expedientes que correspondan.
- 16.- Elevar ao Concello-Pleno, previos os trámites regulamentarios correspondentes, a concesión de medallas, honores e distincións.
- 17.- Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.

d) En materia de festas e animación sociocultural

- 1.- Programar e xestionar-la celebración de actividades festivas e de animación sociocultural, de lecer e de tempo libre e promover todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural e socioeducativa dos cidadáns.
- 2.- Por delegación específica, asinar os informe-proposta e contratos correspondentes ós espectáculos e actividades do programa Festas do Cristo da Victoria, nos termos que acorde a Xunta de Goberno Local.
- 3.- Sinatura da conta de habilitación “Festas e Animación Sociocultural”, utilizada

para os pagamentos derivados dos contratos de actividade e espectáculos organizadas pola Concellería.

- 5.- Promover a creación de institucións de animación sociocultural.
- 6.- Manter contacto permanente cos órganos da Administración autonómica, estatal ou europea, así como con outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de festas e animación sociocultural
- 7.- A xestión do Auditorio ó aire libre do parque de Castrelos e o Auditorio Municipal da Casa do Concello incluíndo a programación que neles se desenvolve e/ou a xestión de solicitudes de utilización.

VII.- AREA DE FOMENTO, corresponderalle as atribucións en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central; Electromecánicos; Oficina de Supervisión de Proxectos; así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Impulsar, dun xeito eficaz, as previsións contempladas na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos dirixindo e planificando os procesos que para elo dende o Servizo de Informática teñan que levarse a cabo; corresponderalle así mesmo as atribucións en transporte.

a) En materia de Vías e Obras:

- 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local u órgano competente a aprobación dos Plans de Investimento para a mellora e mantemento, conservación e, no seu caso, construción ou apertura de rúas e viais públicos de titularidade municipal.
- 2.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación de Plans de Investimento para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción das redes de infraestruturas de servizos públicos municipais, en especial as referidas ao abastecemento, evacuación e depuración de augas así como calquera outra obra de infraestrutura básica ou instalación destinada a un uso ou servizo público.
- 3.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación dos convenios que se poidan subscribir con outras Administracións Públicas para obras de mantemento, conservación ou construción de viais ou redes de infraestrutura básicas municipais, así como a participación municipal en Plans ou Programas desas outras Administracións.
- 4.- Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

- 5.- Impulsar as relacións cos distintos departamentos da Administración Estatal e Autonómica con competencias nas materias sinaladas co obxecto de acadar os recursos necesarios para lograr os obxectivos previstos nos Plans de Investimento ou Estratéxicos.
- 6.- Asinar as actas previas de ocupación e as de pagamento en materia de expropiación forzosa.
- 7.- Dirixir, administrar e xestionar os talleres-almacéns centrais de Santa Cristina de Lavadores.
- 8.- Colaboración coas distintas administracións para velar polo mantemento dos viais da súa titularidade ao obxecto de que en todo momento se atopen en perfecto estado de uso.
- 9.- A inspección permanente do servizo de conservación e mantemento de viais especialmente no suposto de que sexa acordada.

b) En materia de parque móbil:

- 1.- Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal, incluídos os destinados ao servizo da Policía Municipal procurando o seu dimensionamento adecuado con criterios de rendibilidade e eficacia.
- 2.- Impulso, para a debida coordinación co Inventario Municipal de Bens, da confección dun Rexistro de Vehículos en soporte informático onde se inscriban as altas, baixas, adscricións e incidencias dos distintos vehículos debendo figurar nos asientos de alta a data de adquisición ou arrendamento (acta de recepción); referencia ó expediente e acordo de contratación; marca e modelo do vehículo; número de bastidor; matrícula; data de matrícula e referencia á póliza do seguro contratado. O asiento de baixa fará referencia á data, e motivo da mesma así como ó destino do vehículo.

c) En materia de electromecánicos:

- 1.- Propoñer á Xunta de Goberno Local ou órgano competente a aprobación do Plan de Investimento para o mantemento, conservación e, no seu caso, construción de redes de alumeado público así como o seguimento e control das contratacións que se realicen con estes fins
- 2.- A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumeado público no suposto de que estes sexan redactados mediante asistencia técnicas externas.
- 3.- O estudo, e no seu caso petición, das axudas e subvencións que para a mellora e ou ampliación de redes de alumeado público poidan convocarse

pola Deputación Provincial ou a Consellería de Industria.

- 4.- O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas.
 - 5.- A contratación e alta de novos subministros e a confección dos pregos de condicións de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que poidan rexer nos procedementos de contratación que se liciten a consecuencia do proceso de liberalización do subministro eléctrico.
 - 6.- Confección e execución de estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.
 - 7.- O mantemento e reparación dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.
 - 8.- A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación da Casa Consistorial en coordinación coa Concelleira Delegada da Área de Xestión Municipal (Réxime Interior).
 - 9.- O impulso dos traballos necesarios para o mantemento eléctrico das grandes redes de infraestrutura viaria municipal, en especial o Túnel do Areal, Pasos Subterráneos e Primeira Ronda de Circunvalación.
 - 10.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.
- d) En materia de seguemento de empresas concesionarias de servizos públicos:
- 1.- Coordinar as diferentes Áreas na inspección permanentemente do funcionamento dos servizos xestionados indirectamente por empresas concesionarias para garantir a súa prestación de acordo cos correspondentes pregos de condicións que rexen en cada contrato impulsando a estes efectos, o funcionamento eficaz da Oficina de Control de Empresas Concesionarias dotándoa convenientemente de medios materiais e persoais.
 - 2.- Coordinar coa Área de Contratación e coa que sectorialmente corresponda a confección dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Condicións Técnicas que se refiran á xestión indirecta da xestión dos servizos públicos co obxecto de homoxeneizar o seu contido e facilitar a súa posterior inspección.
 - 3.- Colaborar nas tarefas de inspección cando polas súas características técnicas ou pola falta de medios tal actividade non pode ser realizada por cada Servizo dentro da inspección permanente que lle corresponde.

e) En materia da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de obras.

- 1.- Supervisión, informe e proposta de aprobación técnica, se procede, dos proxectos de obras redactados por outras administracións e que posteriormente serán realizadas dentro do termo municipal do Concello de Vigo.
- 2.- Revisión e informe dos proxectos de urbanizacións tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser competencia municipal, coa posterior inspección durante a execución das obras e a súa recepción ó remate das mesmas.
- 3.- Asumir as funcións previstas no artigo 136 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e que son as seguintes:

-Verificar que nos proxectos obxecto de supervisión contemplan as disposicións legais e regulamentarias así como a normativa técnica que en cada caso resulten de aplicación.

-Propoñer ó órgano de contratación criterios e orientacións de carácter técnico para a súa inclusión, no seu caso, na norma ou instrución correspondente.

-Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato.

-Verificar que o proxecto contén o estudo de seguridade e saúde, ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde.

-As demais funcións que lle encomende a Xunta de Goberno Local.

f) En materia do Parque Central:

- 1.- Controlar as existencias de materiais e equipos dos diferentes servizos de área.
- 2.- Control de todo o persoal durante a súa permanencia no recinto do parque, velando polo cumprimento da xornada e horarios, e dando conta á Unidade de Persoal das incidencias que se produzan.

g) En materia de transporte:

- 1.- Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de Transporte.
- 2.- Ditar as disposicións que esixa o mellor funcionamento dos servizos de auto-taxi e o control deste servizo.

- 3.- Ditar as normas reguladoras de transporte de viaxeiros e mercadorías.
- 4.- Control, xestión e resolución en todas as materias relacionadas co transporte urbano colectivo e servizos interurbanos dentro do termo municipal ou intermunicipal, sen prexuízo do que dispoña a lexislación sectorial sobre ditas competencias.
- 5.- Iniciar, impulsar e resolver, mesmo sancionar, e a supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da área (aparcadoiros e transporte urbano colectivo), segundo a lexislación xeral e os pregos das súas respectivas concesións.
- 6.- Realizar o seguimento dos contratos adxudicados para a construción dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade ao obxecto de que se leven a cabo nos prazos previstos procurando con elo minimizar a incidencia do tráfico rodado nos diferentes ámbitos.
- 7.- Ditar normas reguladoras de circulación, sinalización e estacionamento e outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar.

VIII.- ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E XUVENTUDE, corresponderalle as atribucións que, a continuación se citan:

- a) En materia de Medio Ambiente:
 - 1.- Planificar a política municipal nesta materia e coordinar a actuación dos servizos a ela adscritos co fin acadar os obxectivos e fins que se propoñan en dita planificación.
 - 2.- A adopción das Ordes de Execución que proceda por razón de salubridade, e a súa execución forzosa en caso de incumprimento, polos medios legalmente previstos.
 - 3.- Acometer o conxunto de accións e medidas concretas para conseguir o obxectivo do Desenvolvemento Sostible da cidade, plasmado na Axenda 21 Local.
 - 4.- Desenvolver o Proxecto Municipio Turístico Sostible, co fin de implantar o sistema de xestión medioambiental como instrumento fundamental para executar a política medioambiental do Concello, sen prexuízo e en coordinación coas atribucións da Concellería competente en materia de Turismo.

- 5.- Procurar a incorporación da finalidade medioambiental nos plans e proxectos de obras con repercusión física sobre o territorio municipal, velando pola emisión dos informes previos de carácter medioambiental previstos na lexislación xeral e sectorial, polo sometemento aos procedementos de avaliación de impacto ambiental das accións que deban estalo de acordo coa normativa vixente, e presentando as suxestións e alegacións que proceda nos casos de accións, plans e obras a desenvolver no termo municipal que estean suxeitos a algún dos procedementos de impacto ambiental.
- 6.- Fomentar e velar pola regularización das actividades industriais, mercantís, comerciais e análogas co obxecto de controlar preventivamente e de cara ao futuro o funcionamento desas actividades, acadar unha descontaminación gradual e evitar os vertidos incontrolados á rede de sumidoiros, ás augas e ás costas, no ámbito das competencias municipais. Con este mesmo fin, colaborar e recabar a cooperación activa das Administracións Públicas e Organismos Autónomos competentes, propoñendo e asinando os convenios e concertos que proceda.
- 7.- Colaborar coas Administracións e Organismos Autónomos competentes co fin de manter e controlar os recursos hídricos e as marxes e canles dos ríos e regatos que transcorren polo termo municipal.
- 8.- Velar polo control da contaminación atmosférica no ámbito das competencias locais.
- 9.- O control da contaminación sonora e por vibracións, mediante a continuación do proxecto de implantación dun sistema de medición de ruídos de ser o caso, ou mediante o cumprimento de calquera das obrigas encomendadas á Administración municipal pola normativa vixente.
- 10.- Exercitar as medidas precisas para evitar o abandono incontrolado de residuos no termo municipal.
- 11.- A xestión dos servizos de temporada que poidan establecerse nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.
- 12.- Colaborar coas outras Administracións para a dotación das brigadas de incendios na campaña estival.

- 13.- Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.
- 14.- Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal e en particular relativa ás especies naturais e a flora e fauna silvestre, no eido do marco de competencias municipais.
- 15.- A responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa aos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- 16.- As atribucións que corresponden ao alcalde en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.
- 17.- Elaborar e deseñar os plans de emerxencia que proceda, procurando a coordinación e colaboración entre as distintas áreas co fin de facer fronte ás situacións de risco ambiental que se poidan presentar.
- 18.- Dirixir e planificar os servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos propoñendo as melloras e revisións convenientes do sistema actual.
- 19.- Propoñer as actuacións e medidas necesarias para conseguir a redución dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a súa valorización fomentando a colaboración na recollida selectiva.
- 20.- Fomentar a diminución do uso en embalaxes innecesarias.
- 21.- Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activa dos cidadáns, empresas e produtores no proceso de residuos sólidos urbanos.
- 22.- Concienciar á cidadanía das consecuencias nocivas que para o medio ambiente e para a convivencia social implica o uso incorrecto de produtos e o depósito irregular e inaxeitado de RSU.
- 23.- Propoñer a rexeneración daqueles lugares que sexan ou foran obxecto de vertidos incontrolados.

- 24.- Manter as relacións necesarias coa Sociedade Galega de Medio Ambiente co obxecto de optimiza-lo uso e funcionamento da Planta de Transferencia de Guixar.
 - 25.- Xestionar, a fin de minorar-la afección paisaxística, cos órganos competentes da Administración Autonómica, o axeitado depósito, vertido, e no seu caso, tratamento dos residuos procedentes de construcións e obras evitando a súa descarga incontrolada.
 - 26.- Inspeccionar permanentemente o correcto funcionamento medioambiental dos servizos xestionados indirectamente por concesionarios para garantir que se presten de acordo cos correspondentes Pregos de Condicións e con observancia da normativa técnica sectorial aplicable en cada caso.
 - 27.- Ostentar a Presidencia do Organismo Autónomo Municipal “Parque Natural das Ciencias-Vigo Zoo”, dirixíndoo e xestionándoo de acordo cos Estatutos os servizos e actividades que presta e realiza.
- b) En materia de Sanidade e Consumo:
- 1.- Efectuar o seguimento na cidade do Plan de Saúde da Administración Autonómica propoñendo á mesma, a través da Xunta de Goberno Local, a ampliación ou mellora dos servizos sanitarios que sexan insuficientes.
 - 2.- Establecer as liñas xerais de actuación no ámbito da hixiene e saúde pública, o consumo, a salubridade pública e a ordenación alimentaria.
 - 3.- Coordinar coa Área de Persoal tódalas cuestións relativas á saúde laboral do persoal ao servizo da Administración Municipal.
 - 4.- Coordinar coa Administración Autonómica a inspección hixiénica e de consumo de todo tipo de produtos alimenticios que se ofrezan ao consumidor nos establecementos comerciais e especialmente nos mercados municipais de abastos.
 - 5.- Xestionar, coa Administración Autonómica, a acción de policía sanitaria de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente nos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico-deportivas e de lecer.
 - 6.- Colaborar coa Administración Autonómica nas campañas de vacinación escolar.
 - 7.- Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.

- 8.- Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas que desenvolvan e exerzan funcións relacionadas coa saúde, a hixiene dos alimentos, a salubridade pública e a protección ó consumidor.
 - 9.- Información aos consumidores e usuarios. Recepción, tramitación e resolución a través da Oficina Municipal ó Consumidor (OMIC) das consultas e reclamacións relacionadas cos bens, produtos e servizos postos á súa disposición dentro do ámbito das súas competencias e a remisión destas, no seu caso, ás entidades ou organismos competentes.
 - 10.- Edición de publicacións dirixidas aos cidadáns para lles subministrar información sobre temas relativos á saúde.
 - 11.- Dirixir, impulsar e procurar a mellora dos medios do Laboratorio Municipal, sen prexuízo das funcións propias do Técnico Superior responsable.
 - 12.- Inspeccionar os aspectos sanitarios vinculados ás actividades relacionadas cos servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal.
 - 13.- Instruír e resolver os expedientes sobre transmisión de panteóns, nichos, cinceiros.
 - 14.- Instrución e resolución dos expedientes de solicitude de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás as que se refiren ó exercicio de dita actividade con establecemento.
- c) En materia de Xuventude:
- 1.- Elaborar, propoñer e desenvolver a política municipal e os plans ou programas de actuación en materia de Xuventude.
 - 2.- Revisión e valoración continuada das necesidades xuvenís en colaboración coas demais Administracións Públicas competentes.
 - 3.- Promoción de estándares de calidade de vida e saúde na xuventude.
 - 4.- Promoción da igualdade de oportunidades nos mozos e mozas.
 - 5.- Promoción do asociacionismo xuvenil.
 - 6.- O desenvolvemento de actuacións que faciliten o acceso da xuventude á información, documentación e asesoramento en materias do seu interese.
 - 7.- Calquera acción ou decisión relacionada coas políticas de desenvolvemento, promoción xuvenil e a súa integración no mundo laboral e social.

IX.- ÁREA DE DEPORTES, corresponderalle as atribucións que, a continuación se

citan:

- 1.- O deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva municipal mantendo, ó efecto, relación con organismos, clubs, entidades e institucións públicas e privadas para a correcta execución de dita política.
- 2.- O apoio e promoción das asociacións deportivas en coordinación coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE), ostentando a Presidencia Delegada do Padroado deste ente.
- 3.- A Presidencia do organismo autónomo municipal “Instituto Municipal de Deportes” (IMD) coa totalidade das competencias que os Estatutos recoñecen a ese órgano.
- 4.- Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais non adscritas ó IMD, en especial o Estadio Municipal de Balaídos propoñendo con referencia ó mesmo as actuacións axeitadas que se estimen convenientes que deberán ser estudadas e debatidas no seo da correspondente comisión.
- 5.- Formular un Plan de Investimentos en infraestruturas deportivas tramitando os expedientes que del se deriven efectuando o seguimento das obras.
- 6.- A execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos á promoción e práctica do deporte.
- 7.- Coordinar a actividade deportiva municipal cos clubs e entidades deportivas existentes no Municipio.

X.- ÁREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDINS, LIMPEZA E COMERCIO, corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) En materia de Distritos:

- 1.- Elaborar os estudos precisos para que dende a racionalidade organizativa municipal, homoxeneidade demográfica, localización física do territorio e eficacia administrativa se propoña no seu día ao Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en Distritos que faciliten, a través dos seus respectivos órganos, a xestión desconcentrada dos asuntos municipais, todo elo sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación e posta en marcha que, no seu caso, resulten necesarios.
- 2.- Froito do estudo referido no primeiro punto, e en coordinación co resto dos asuntos das distintas áreas que se estimen necesarios desconcentrar, facer chegar aos cidadáns os servizos locais.
- 3.- Servir de canle de comunicación das diferentes áreas delegadas recollendo, distribuindo e facendo o seguimento das informacións, queixas e suxestións que as comunidades veciñais, cidadás, demais colectivos de barrios e

parroquias dos ámbitos urbanos e periurbanos desexen facer chegar ao Concello.

b) En materia de parques e xardíns:

- 1.- Elaborar e propoñer ao órgano competente a súa aprobación e, posteriormente, dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a Xestión e Conservación dos Parques, Espazos libres e Zonas Verdes.
- 2.- Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente -Pleno do Concello- a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes e Espazos Naturais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
- 3.- Manter actualizado o catálogo de zonas verdes e espazo naturais existentes no Concello.
- 4.- Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
- 5.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de parques e xardíns que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.

c) En materia de limpeza, recollida e xestión de RSU.

Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:

- 1.- Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
- 2.- Recollida de R.S.U.
- 3.- Limpeza viaria e de praias.
- 4.- Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
- 5.- Traslado á pranta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e residuos de envases.
- 6.- Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
- 7.- Mantemento da estación Biogás e a superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.
- 8.- Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

d) En materia de Comercio:

- 1.- Dirección das actuacións en materia de promoción, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo, etc. así como a xestión das axudas destinadas a estes fins.
- 2.- A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
- 3.- O impulso das actividades feirais.
- 4.- Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.
- 5.- O impulso e a xestión dos Mercados Municipais.

XI.- ÁREA DE EDUCACIÓN, corresponderalle as atribucións que a continuación se citan:

- 1.- Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.
- 2.- Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.
- 3.- Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área de benestar social e intervir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.
- 4.- Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.
- 5.- Impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida máis feliz a nenas e nenos.
- 6.- Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e

supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.

- 7.- Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.
- 8.- Facilitar a todos os colexios e escolas de Vigo programas que melloren o coñecemento e a interrelación co contorno socioeconómico e natural no que desenvolven o seu labor educativo, fomentando a asunción dunha cidadanía activa. Coordinar cantas intervencións educativas acometan outras áreas municipais, en orde á dotalas de coherencia e economía de medios e integralas baixo a concepción de Vigo como cidade educadora.
- 9.- Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 10.- Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e teatro, así como aquelas outras que o Concello considerase necesario crear, baixo este nome e ámbito ou outro. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.
- 11.- Deseñar, dirixir e xestionar accións formativas dirixidas á alfabetización de persoas adultas.
- 12.- Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.
- 13.- Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.
- 14.- Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais nesta área.
- 15.- Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.

16.- Xestión da Escola Municipal de Danza: programa de ensino, xestión da matrícula da escola e alumnado, actividades complementarias, etc.

17.- Ostentar a Presidencia do “Organismo Autónomo Municipal da Escola de Artes e Oficios”, dirixindo e xestionando, de acordo cos Estatutos, os servizos e actividades que presta e realiza.

Cuarto.- Así mesmo, os concelleiros/as delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior, as seguintes:

- 1.- A dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos incluso a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da súa Área dando conta ao concelleiro delegado de Área de Xestión Municipal.
- 2.- Cumprir e facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía, as ordenanzas e regulamentos municipais e, en xeral, todas as disposicións legais que afecten ás competencias da súa área.
- 3.- Promover a implantación, actualización ou modificación das ordenanzas e regulamentos relativos ás competencias na súa área redactando o correspondente proxecto normativo.
- 4.- A sinatura de documentos de trámite, propostas de resolución, comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se dirixan a autoridades, organismos públicos ou cidadáns nas materias relacionadas coa súa área.
- 5.- Decretar a incoación de expedientes en materias relacionadas coa Área sinalando o funcionario encargado da súa tramitación, impulsando a instrución completa e adecuada dos mesmos e procurando a súa resolución en prazo, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.
- 6.- Incoación, tramitación e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía.
- 7.- Solicitar en tempo e prazo, os informes ou ditames que se estimen precisos para a adecuada instrución e resolución do expediente.
- 8.- Acadar a inadmisibilidade e arquivo de actuacións nas solicitudes ou denuncias nos supostos previstos na lexislación vixente.
- 9.- Elevar á Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou á Comisión Delegada do

- Pleno que corresponda, segundo cal sexa o órgano competente, os expedientes tramitados e conclusos conformando, mesmo en vía de urxencia, o informe-proposta que, en todo caso, para resolver, e cos extremos sinalados no art. 175 do RD 2568/1986, deberá constar no mesmo.
- 10.- Decretar o arquivo dos expedientes que se refiran a materias propias da competencia da Área e aparezan ultimados en todos os seus trámites.
 - 11.- A resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que poidan interpoñerse contra acordos adoptados no exercicio das atribucións delegadas.
 - 12.- Propoñer á Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, mediante escrito remitido en tempo e forma, a consignación das partidas orzamentarias precisas para o adecuado funcionamento e planificación dos obxectivos da Área para cada anualidade ós efectos da súa consideración e inclusión, no seu caso, no proxecto de orzamentos de gastos do Concello.
 - 13.- Propoñer á concelleira delegada da Área de Economía e Facenda a incoación de expedientes de modificación orzamentaria cando haxa de se realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado.
 - 14.- Propoñer ao órgano municipal competente a formulación de solicitudes e a aprobación dos proxectos que se prevexan en convocatorias públicas de calquera Administración e/ou Institución pública estatal, provincial, autonómica ou europea en orde á participación en Plans ou Programas de colaboración e cooperación económica, técnica ou administrativa para o impulso de servizos locais ou outros asuntos de interese municipal.
 - 15.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.
 - 16.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación de convenios de colaboración que deban subscribirse con particulares ou entidades privadas e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais.
 - 17.- Propoñer ao órgano municipal competente a aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal que se realicen para a dirección e impulso das Áreas.
 - 18.- Propoñer ao órgano competente a aprobación dos convenios de colaboración que se deban formalizar con outras Administracións Públicas e organismos públicos dependentes ou vinculados ás mesmas en orde á consecución de fins de interese común xeral.

- 19.- Coordinar a actuación dos servizos adscritos á súa Área ditando respecto dos mesmos as resolucións que afecten a terceiros.
- 20.- Prestar a súa conformidade ás certificacións de obras ou a calquera outro documento xustificante da entrega de subministracións ou de prestación de servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa Área.

Quinto.- As atribucións e facultades que para as distintas Áreas se establecen na presente Resolución referidas a unha materia ou sector de actividade enténdense outorgadas sen prexuízo daquelas outras non especificadas que sexan necesarias para unha correcta planificación da Área e para a consecución dos obxectivos e fins xerais dese ámbito.

Sexto.- As presentes delegacións fanse sen prexuízo das especiais que se poidan acordar en calquera Concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local relativas a proxectos ou asuntos determinados que poderán conlevar a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, conforme ó establecido no artigo 43.5.a do RD 2568/1986.

Sétimo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior que teña sido ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en concelleiros/as.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros/as delegados/as e demais delegados/as en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición ou extraordinarios de revisión que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios delegados de Área.

Décimo primeiro.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente Resolución a todos os concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local afectados.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente Resolución aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos.

Décimo cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da

súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Décimo quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación aos efectos de que quede informado da mesma.”

A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de febreiro de 2013 quedou informada da anterior resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1(35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O INICIO DE EXPEDIENTE PARA A RETIRADA DA DISTINCIÓN HONORÍFICA “MEDALLA DA CIDADE” A JULIO FERNÁNDEZ GAYOSO. EXPTE. 604/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de febreiro, número 604/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“No Pleno da Corporación Municipal de 7 de marzo de 1997, sendo alcalde Manuel

Pérez Álvarez, e cos votos a favor de PP e PSOE, aprobouse conceder a Julio Fernández Gayoso a Medalla da Cidade "en recoñecemento ao seu papel no desenvolvemento dunha entidade que presta un importante servizo a todos os cidadáns de Vigo e a súa comarca".

Dezaseis anos máis tarde, temos probas da xestión que Julio Fernández Gayoso desenvolveu á fronte de Caixanova e as súas consecuencias ruinosas, que o levaron mesmo a estar a día hoxe imputado por administración desleal e apropiación indebida por parte da Fiscalía anticorrupción, polo que manter esta distinción non daría máis que unha mala imaxe da Medalla e da propia cidade.

A mala xestión da entidade, a comercialización de produtos financeiros complexos tales como as preferentes e as subordinadas e a súa conduta á fronte da entidade bancaria, co cobro dun plan de pensións cando a entidade que dirixía xa recibira inxentes axudas públicas e cando a sociedade xa estaba sufrindo a crise económica á que el mesmo contribuíu como máximo responsábel de Caixanova, son condutas reprobábeis e que por si propias deberían levar a perda da distinción honorífica da Medalla da Cidade de Vigo. A todo isto hai que engadir a imputación antes mencionada, que provocou a súa dimisión como copresidente de Novacaixagalicia, e o seu desprezo aos representantes públicos na súa comparecencia no Congreso onde dixo non ser responsable de nada do acontecido en Caixanova e Novacaixagalicia desde 2006 por non ter poderes e onde eludiu contestar ás preguntas sobre a venta das preferentes.

O rexeitamento cidadá desa xestión manifestouse na solicitude, por parte da Plataforma de afectados/as polas preferentes e subordinadas da nosa cidade, de retirada da Medalla da Cidade de Vigo ao que fora principal responsábel da entidade bancaria viguesa.

Cremos que hai razóns máis que suficientes para entender que existe unha falta grave que afecta ás causas que motivaron o outorgamento deste título polo que propoñemos o seguinte

ACORDO:

- Que se proceda de maneira inmediata a iniciar o expediente de retirada da distinción honorífica concedida a Julio Fernández Gayoso, a Medalla da Cidade, para a súa aprobación no vindeiro pleno extraordinario de elección de Medalla da Cidade e Vigueses Distinguidos para o presente ano."

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: A ver se me chegan os cinco minutos para explicar a moción, porque no Bloque Nacionalista Galego pensabamos que esta moción estaba moi clara, que trataba da retirada da Medalla da Cidade a don Julio Fernández Gayoso e non sobre a fusión das Caixas. Polo visto hai unha confusión, efectivamente o Sr. Gayoso presidiu o resultado da fusión, encabezou esa fusión

que ó Sr. Alcalde pareceulle que era o recoñecemento da loita da cidade na rúa e que era un momento histórico para a cidade de Vigo, aínda que logo se demostrou ser todo o contrario.

Esta moción no vai sobre a fusión, non estamos falando da fusión das caixas, nin da Lei de caixas, nós estamos falando da Medalla da Cidade que se lle concedeu ao Sr. Julio Fernández Gayoso en 1997, en recoñecemento ao seu papel no desenvolvemento dunha entidade que presta unha importante servizo a tódolos cidadáns de Vigo e a súa comarca.

Co tempo demostrouse que o servizo que lle prestou a moitos cidadáns da nosa comarca foi deixalos na ruína. Dezaseis anos máis tarde temos probas de que a xestión de Julio Fernández Gayoso e as súas consecuencias que o levaron a estar hoxe mesmo imputado pola fiscalía anticorrupción por administración desleal e apropiación indebida, demostra que manter esta distinción non ten ningún sentido neste momento. A mala xestión da entidade, a comercialización de produtos financeiros complexos, tales como as “preferentes e as subordinadas”, e a súa conduta a fronte da entidade bancaria co cobro dun plan de pensións millonario, cando a entidade que dirixía xa recibira inxentes axudas públicas, e cando a sociedade xa estaba sufrindo a crise económica a que el mesmo contribuíu, como máximo responsable de Caixanova, son condutas reprobables e que por si propias deberían levar a perda da distinción honorífica da Medalla da Cidade de Vigo.

A todo isto hai que engadir que demostrou o seu desprezo aos representantes públicos cando foi ao Congreso dos Deputados e dixo non ser responsable en absoluto de todo o acontecido e eludiu contestar ás preguntas sobre a venda das “preferentes”.

Precisamente as persoas afectadas pola venda das “preferentes” solicitaron a retirada da Medalla da Cidade e nós aquí queremos facernos eco desa solicitude. Nós non presentamos esta moción porque esteamos en contra ou a favor da fusión, nós presentamos esta moción por dignidade dunha cidade, porque estamos fartos de tanto insulto á cidadanía e á dignidade das persoas traballadoras e honradas, porque é insoportable vivir nun país no que se indulta a banqueiros por estafar e as persoas suicídanse por non poder pagar as hipotecas das súas casas.

É realmente insufrible oír a un señor dicir todo cheo que lle debe tres millóns á Seguridade Social, a moita honra, mentres as persoas están no desemprego e

quedan sen as prestacións básicas, onde está a honra neste país?. Nós non aturamos máis que se lle quiten cartos da educación aos nosos fillos/as para dárllelos a bancos que estafaron á cidadanía, e eses mesmos bancos pechan unha escola na nosa cidade que conseguiron cos aforros dos traballadores/as da nosa cidade, porque non podemos seguir sendo tolerantes, condescendentes e comprensivos coa delincuencia de cor branco e implacables coas persoas máis febles, non podemos seguir así.

O venres pasado oílle ao Alcalde dicir, moi contundente, que lle repugnaban os circos con animais, a nós tamén nos repugnan os circos con animais pero máis nos repugnan os circos con persoas, e a este paso este país estase convertendo nun circo con persoas para maior goce dos emperadores, e nós non estamos dispostos a aturalo.

Hoxe por dignidade queremos pedir que se lle retire a Medalla da Cidade ao Sr. Gayoso, e agora cada quen que asuma o seu discurso e que fale da fusión, do FROP, da Lei das Caixas e de tantas outras cuestións das que xa falamos en múltiples ocasións neste Concello, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados, nos que o Bloque Nacionalista Galego sempre se pronunciou e nós sempre defenderemos á cidadanía, sobre todo aqueles que o están pasando peor, aqueles desafiuzados, estafados polas “preferentes”, eses si son a honra do noso país.

SR. LÓPEZ FONT: Se, estamos a falar daqueles aos que un engano masivo nas participacións “preferentes e subordinadas” conduciron a ruína; estamos falando daqueles ao que ese engano masivo conduciron a perder tódolos aforros da súa vida, pero hai que ver porque se chegou a esta situación, chegouse por unha cadea de erros e negligencias das que hai moitos responsables, e todos os que interviñeron neste proceso son responsables.

Estamos a falar dun produto financeiro de alto risco, susceptible de non ser entendido por aqueles que o adquiriron, estamos a falar de directivos e persoal dos Consellos de Administración que propiciaron este produto que acabou enganando aos cidadáns.

Tamén estamos a falar dun descontrol na supervisión por parte das Comunidades Autónomas e polo Banco de España e, evidentemente, estamos a falar dunha

fusión que conduciu á parte máis importante que é o non pagamento destas “preferentes” aos afectados, precisamente, porque foi unha fusión fracasada.

Esta cadea de erros e negligencia é responsabilidade de todos, non estamos pola singularización, somos conscientes de que todo forma un conxunto que levou a estas persoas a unha situación límite. Os responsables de emitir as “preferentes e subordinadas”, o persoal directivo e membros do Consello de Administración que coñecían esta decisión teñen unha responsabilidade e moi importante na situación na que estamos. Os supervisores que non vixiaron tamén o teñen, porque realmente atopámonos aquí porque unha vez que se detecta esta situación, unha vez que aforradores son tratados como inversores, non se pode producir a medida que solventaría todo isto que é o pago e o troco polo seus aforros e o non pagamento, sres. concelleiros, é consecuencia da fusión das Caixas de Aforro.

A fusión das Caixas de Aforro foi dirixida, promovida e apoiada en primeiro lugar pola Xunta de Galicia, pero tamén ten outros actores que a apoiaron, e no momento no que o capital público, o FROP, entra nas Caixas de Aforros é isto o que impide a solución ao problema que teñen miles de vigueses, de cidadáns de Galicia, este fracaso é o que trae consigo a consecuencia última e é o desencadeante de non poder pagar. Os bancos, que non están intervidos polo FROP, polo capital público, poden solventar o problema e é evidente, polo que hoxe coñecemos, a pesar de que a Xunta de Galicia non compareceu para investigar o proceso de fusión, que Caixanova se houbera continuado como entidade propia houbera podido solucionar o problema das “preferentes”.

Este é o motivo de que nós presentemos unha emenda de substitución porque cremos que todos teñen que asumir a súa responsabilidade, aquí hai moitos responsables, primeiro a Xunta de Galicia pero tamén, como dicimos na nosa emenda, aqueles deputados galegos que votaron a favor da Lei de Caixas son responsables da situación na que estamos e tamén son responsables e non vale desviar a atención cara outros lugares e outros conceptos, tamén son responsables os que no Concello de Vigo presentaron mocións e posicionáronse claramente pola fusión das Caixas de Aforro a nosa preocupación son as persoas enganadas, estafadas e ás que hai que resolverlo, o que pasa e que nós temos unha forma de actuación e de comportamento, as condutas obxectables que se decidan no ámbito xudicial, será cando un xuíz dite sentenza, nós non somos partidarios de sentenzas

sumarísimas e non imos contribuír a elas, que os xuíces fagan o seu traballo, a nós o que nos preocupa son os cidadáns que teñen este problemas polos que traballamos a diario, pero é evidente que aquí hai un conxunto de responsables e tódolos responsables que tiveran distinción que se vaia inventariando e se queden sen ela.

SR. FIGUEROA VILA: Este é un tema importante que debido a unha petición das persoas das “preferentes”, xorde unha iniciativa apoiada por moitos cidadáns que se traslada a un grupo político, e este grupo presenta unha moción hoxe no Pleno. Unha moción de retirar a “Medalla da Cidade” a unha persoa que se lle entregou o 7 de marzo do ano 1997 por unha serie de acreditacións, méritos e traballo feitos en pro da nosa cidade e en defensa da entidade da nosa Caixa, Caixanova, naquel momento.

A partir de aí xorden dous casos excepcionais que nos leva a facer unha profunda reflexión, estes dous casos son as indemnizacións a directivos desta Caixa que recibiron preto de trinta millóns de euros en indemnizacións, a vostede parécelle coherente, responsable na situación en que estamos, unha postura e unha decisión correcta?. Deixo no aire para que vostede conteste a nós non nos parece normal que unha serie de directivos levaran en indemnizacións máis de trinta millóns de euros entre todos, parécemos indigno, que non é unha decisión correcta, disto xa tiñan que tomar eles a decisión de devolver tódalas indemnizacións multimillonarias que recibiron.

Hai un segundo feito excepcional, que son aquelas persoas que están atrapadas polas “preferentes e subordinadas”, persoas que foron estafadas, isto é unha estafa en toda regra e vostede sábeo, e sábeo toda a cidadanía que é unha estafa en toda regra. Nas últimas semanas tiven a oportunidade de ter reunións con diversos colectivos afectados por “preferentes e subordinadas” e pódolle asegurar que en tódolos casos teñen razón, foron enganados, e saben vostedes cando empezaron as emisións destas preferentes?, no se falaba aínda da fusión das caixas nin da reestruturación do sector financeiro, empezáronse a emitir no ano 2005, non foi cando se falou das fusións, foi no 2005 que se empezaron a emitir produtos que eran un engano e unha estafa á cidadanía.

Os propios directores, os propios directivos das caixas foron enganando a

veciños/as e a pequenos aforradores que tiñan o seus cartos aforrado ao longo de moitos anos, esta é a auténtica estafa, a pregunta é por que se empezou a emitir estes produtos no ano 2005, e se empezaron a condicionar aos directivos e directores das sucursais para que estes produtos se emitiran e cidadáns de boa fe se acolleran a eles, por que? Porque a situación das caixas non era boa. Quixeron capitalizar as caixas e despois veu toda a reestruturación do sistema financeiro e non houbo oportunidade e agora están atrapados, isto é inxusto que cidadáns, pequenos aforradores que teñen os seus cartos de toda a súa vida, non poidan dispoñer nin de 500 euros para pagar calquera dos seus gastos ordinarios, diarios da súa casa. Hai que mirarlle á cara a esas persoas que teñen toda a razón, e iso é o que vostedes non queren poñer enriba da mesa, porque non fala vostede das indemnizacións e porque no fala de que estes produtos empezáronse a emitir no 2005?, que pasa que dende o ano 2005, 2006, 2007, 2008, 2009 vostedes o defenden? Vostedes defenden que se emitiran estes produtos a conciencia que sabían que era unha trampa, un engano?

Esa é a situación e por iso nós imos apoiar a retirada desta Medalla por estes dous casos excepcionais, polas indemnizacións e polas “preferentes e subordinadas” que nos parece unha estafa e un engano. Os directivos tiñan que ter coñecemento e formación suficiente para saber que se estaba emitindo uns produtos de engano e de estafa masiva, esa é a realidade de toda esta situación, vostedes non queiran escapar das súa responsabilidade.

A PRESIDENCIA: Que se saiba este goberno non ten nada que ver con esa emisión. No 2005 quen estaba aquí era vostede, non era eu.

SRA. VELOSO RÍOS: O Sr. López Font utilizou a frase “desviar a atención”, eu pregúntome quen está desviando a atención neste debate.

A moción é moi clara, moi concreta e concisa solicitamos que se lle retire a Medalla da Cidade ao Sr. Gayoso e o resto é desviar a atención e non querer entrar no debate, non querer personalizar para globalizar as responsabilidades e que o final os principais responsables “saian de rositas” como se adoita dicir. Nós estamos pedindo unha decisión política, non unha sentenza xudicial, isto non é unha sentenza xudicial nin unha sentenza sumarísima; para nós unha sentenza

sumarísima é coller unha familia que porque non ten traballo e non pode pagar a hipoteca a deixan na rúa, é coller a un pensionista e deixalo sen os aforros da súa vida e sen recursos no final da súa vida, estafado por un produto que non lle correspondía mercar, iso son sentenzas sumarísimas.

Aquí estamos pedindo unha decisión política, estamos falando de honorabilidade, de traballar pola cidade, de respectar á cidadanía e ás persoas traballadoras, diso estamos falando, igual que é unha decisión política indultar a un banqueiro como si fixo o goberno do Sr. Zapatero, indultou a un banqueiro mesmo eliminándolle os antecedentes penais e agora o Tribunal Supremo di que non é válido ese indulto.

O Banco de España tiña o requisito de honorabilidade para poder ser banqueiro neste país, agora xa non, porque recentemente o goberno redactou un Real Decreto que permite que un banqueiro teña antecedentes penais, pois este é o país que nós non queremos, non queremos o país das amnistías fiscais, non queremos o país onde as responsabilidades se dilúen no colectivo e o final pagan sempre os mesmos, os que non teñen recursos, as persoas traballadoras, non queremos un país así.

Esta é unha decisión política, de dignidade cidadá e de dignidade como pobo, eu non quero estar nunha cidade na que se lle recoñecen méritos para ter unha mención honorífica a unha persoa que estafou a traballadores/as da nosa cidade, a unha persoa que se encheu os petos con indemnizacións millonarias e que garantiu a súa xubilación e a de mil persoas máis, polo menos, e cun alto nivel de vida cos cartos que levou, mentres outras persoas traballadoras se quedan sen ningún tipo de recurso. Esa non é a cidade na que eu quero estar, eu quero unha cidade na que realmente se defenda ás persoas que o precisan e non se lle concedan recoñecementos e honras ás persoas que teñen que asumir as súas responsabilidades sociais, políticas e por suposto xudiciais cando corresponda, que tamén corresponderá por iso non aceptamos a emenda.

No transcurso do debate presentase polo concelleiro do grupo político municipal Socialista, Sr. López Font, unha emenda de substitución que di:

“1. Dado que as participacións preferentes e subordinadas, que constituíron un engano masivo a miles de aforradores, son consecuencia dunha grave cadea de

erros e negligencias, a responsabilidade debe ser asumida por todos os responsables.

2. As preferentes foron emitidas polos responsables das entidades financeiras e deben responder da súa decisión. Este Pleno censura a súa decisión e esixe responsabilidades ao persoal directivo e aos membros do Consello que coñecesen esta decisión e apoiasen a fusión das Caixas que levaría a esta situación.

3. Os entes supervisores non cumpriron a súa función de vixilancia e defensa dos intereses dos aforradores, polo que deben asumir a súa responsabilidade.

4. As preferentes e subordinadas quedáronse na situación actual de impago como consecuencia, ademais, do seu carácter de produto de alto risco, ao fracasar a fusión das Caixas de Aforros galegas, fusión que foi un grave espolio para a cidade de Vigo. O fracaso estrepitoso da fusión e a intervención do FROB, foi o factor desencadenante do impago das preferentes e subordinadas. Por esta razón deben asumir a súa responsabilidade todos os que promoveron, apoiaron ou votaron en favor da fusión das Caixas na Xunta de Galicia, a reforma da Lei de Caixas no Parlamento de Galicia e se posicionaron a favor das fusións no Concello de Vigo.

5. Remitírase escrito á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia pedindo a asunción de responsabilidades de todos os deputados/as que votaron a Lei de Caixas, así como os que apoiaron ou presentaron mocións con ese fin.

6. O Pleno do Concello de Vigo dirixírase a todas as institucións que outorgasen algún recoñecemento a algunha das persoas causantes do impago das preferentes e subordinadas, xa sexa desde as Caixas de Aforros Galegas, desde a Xunta de Galicia, desde o Parlamento de Galicia ou desde o Pleno do Concello de Vigo, solicitando retiren esta distinción.”

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Veloso Ríos, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, acórdase:

ACORDO:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando o inicio de expediente para a retirada da “Medalla da Cidade” a Julio Fernández Gayoso, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO DO GOBERNO MUNICIPAL UNHA PROPOSTA QUE PERMITA A FACTURACIÓN DA AUGA NA CIDADE POR CONSUMO REAL. EXPTE. 605/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de febreiro, número 605/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:

“Ante a demora de accións polo goberno municipal e a deixadez nun tema que afecta tan directamente aos vigueses, o Grupo Municipal Popular ten que recordar a inacción en aplicar un compromiso adquirido o último ano en sesión plenaria.

O 14 de decembro coñecíamos a través do Faro de Vigo, o estudio que Aqualia entregou o Goberno Municipal coas alternativas para modificar o cobro do recibo da auga.

O Grupo Municipal do PP, que revisou o documento, aínda que nunca lle foi remitido polo goberno municipal pese a telo solicitado por escrito, e fixo a súa valoración denunciando erros nas tarifas aplicadas, solicitou a corrección e a presentación dunha proposta única, onde os vigueses pasen a pagar o recibo de Aqualia por consumo real.

A finais deste mes levaremos dous meses do 2013, sen que ninguén do Goberno presente unha proposta que poida ser aceptada, para que a execute a empresa concesionaria.

Unha demora que no ten xustificación, polo que o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a presentar nun prazo non superior a un mes aos grupos políticos da oposición o estudio corrixido e actualizado e unha proposta que permita a facturación da auga na cidade por consumo real.”

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A intención do grupo municipal do Partido Popular de traer esta moción á sesión plenaria non é para perder o tempo en debates que traten de xustificar o inxustificable, senón que a única pretensión é a de axilizar un proceso que debería ter concluído coa aplicación dun novo modelo de cobro no recibo da auga aos vigueses como se acordou neste salón o pasado mes de xuño.

O respecto á acción de goberno ten un tempo prudencial que sempre respectamos e cumprimos, hoxe dicimos que ata aquí chegamos. Cando as cousas non se fan, as formas son confusas e as maneiras non son as adecuadas chegamos ao momento de imprimirlle ao proceso a esixencia que todos deberíamos aceptar. Por todo isto pedímoslle, Sres. de Aqualia, perdón, Sres. do Goberno, é que as veces parece que é o mesmo, que saian do claustro no que se pecharon por decisión propia e que está impedindo adoptar decisións que están reclamando tódolos cidadáns de Vigo. Ver os problemas dende a torre municipal e non acudir a súa solución crispa aos vigueses un pouco máis cada día que pasa.

Dito isto cabe lembrar o camiño percorrido ata a data que viñeron dilatando coa única intención de preservar e beneficiar os intereses da empresa concesionaria e non permitir que os 300.000 vigueses se beneficien da modificación do recibo da auga.

O pasado verán tódolos representantes dos veciños de Vigo, a través das actas dos Concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista e do Partido Popular, decidimos e votamos por unanimidade unha moción presentada polo Partido Popular para iniciar o proceso que permitiría a modificación do recibo de Aqualia. Anuncióusenos un estudo que finalmente soubemos que fixera a empresa concesionaria en lugar dos técnicos municipais. Acabando o ano o día 14 de decembro líamos no Faro de Vigo a primicia do estudo que ofrecía dezaseis alternativas para modificar dito recibo.

Hoxe, case dous meses despois, comprobamos como aquí non se moveu absolutamente nada e temos que dicir sobre o estudo, que si o localizamos de maneira oficiosa pero nunca nolo fixeron chegar ata o día de hoxe o Goberno Municipal, que non vale, que é unha tomadura de pelo para os vigueses, que é

necesaria a súa corrección, que hai que modificar a taxa e hai que auditar os números da concesionaria para que todo isto sexa medianamente crible. Como só son os técnicos de Aqualia os que elaboraron o estudo no seu propio beneficio, tamén nos gustaría unha interpretación por parte dalgún técnico municipal que dese validez ao que nos di e nos conta a empresa concesionaria.

É razoable e coherente que dende o Concello se lle dea validez por parte de quen ten que supervisar os números de Aqualia, a un informe e estudo tan transcendente e de tanta repercusión para o peto dos vigueses.

En primeiro lugar sobre o estudo teríamos que dicir que a tarifa comparativa, que se aplica a tódolos supostos, é a que a empresa pretendía cobrar no ano 2013 co beneplácito do Goberno Municipal do Partido Socialista e que no Pleno no que se debateron as taxas municipais, impediron o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Conclusión este estudo é incorrecto, non vale.

En segundo lugar, en ningún dos dezaseis supostos que a empresa concesionaria propón ve reducidos os seus ingresos, onde está a esixencia municipal de quen lle amplía o contrato á empresa concesionaria para cobrar por consumo real?. O Goberno Socialista como conclusión non pode permitir que Aqualia perda beneficios, aquí asistimos ao maiúsculo engano deste Goberno aos cidadáns de Vigo.

Por outra banda segue repercutindo no recibo a construción de obras hidráulicas como o canal de Eiras, o túnel da A Madroa, os novos depósitos, a conexión do Casal que esa unha xustificación, que serviu de base para a concesión do servizo no 1991, a pregunta é obvia, si este contrato finalizaba no 2015 e o Alcalde ampliouno ata o 2020, vai seguir cobrando Aqualia eses cinco anos a repercusión destas obras hidráulicas que deberían estar xa amortizadas?. Non entendemos nada, como di a Sra. Díaz, necesitamos a calculadora para sumar e restar pero quen a necesita é o Goberno Municipal.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A pregunta que moitas veces nos facemos, polo menos dende o Grupo Municipal do BNG, é que fan vostedes no goberno? Porque miren que tiveron tempo dabondo, creo que dous anos, para presentar aquilo que sempre lle vimos reclamando do BNG, que é un sistema tarifario xusto por consumo e que non grave ás familias viguesas.

Acaban vostedes de presentar unha remodelación do seu propio goberno que podemos resumir en que ao Concelleiro de Fomento lle incorporan Transporte, debe ser para que os autobuses pasen agora por riba das rúas recén humanizadas, que polo tanto desfagamos o saneamento feito para que así xustificamos porque Aqualia evidentemente ten unha prorroga, inxustificable a todas luces, e ten realizar obras de saneamento. Xa temos polo tanto esa desculpa, e aínda por riba nesa remodelación váiselle encargar ao Sr. Rodríguez Escudero, que nos leve a banda de música para inaugurar esas obras, habida conta que xa a Sra. Abelairas ten agora que ocuparse da Normalización Lingüística e da Igualdade. A ver se consegue a Sra. Abelairas que a igualdade empece polo seu propio goberno, porque o que tamén deixa esta remodelación é que neste goberno só hai un home, un concelleiro, un voceiro, por utilizar un símil litúrxico, tres persoas e un só Alcalde verdadeiro.

Eu invito, Sr. Alcalde, a que se propoña a ocupar a vacante á sede do Vaticano para ver se así con ese poder divino por fin conseguen vostedes traernos o sistema tarifario. Agora falando moi en serio, é algo inaudito que leven vostedes dous anos e que a estas alturas aínda as nosas familias de vigueses/as sigan pagando pola auga o que non lle corresponde. Menos mal que o Bloque Nacionalista Galego incidiu na aprobación das taxas a que se conxelara este ano a tarifa da auga que vostedes, a pesar de non traer o sistema tarifario, querían subirlle aos vigueses/as. Sra. Abelairas, a ver se consegue vostede a igualdade neste goberno e que se feminice bastante máis e que non só haxa un concelleiro, un Alcalde e un voceiro e que vostedes se poñan a traballar dunha vez por todas por esta cidade.

Ó Partido Popular que dicirlles? Hipocrisía política pura e dura presentar unha e outra vez unha moción sobre o sistema tarifario de auga cando seguen vostedes aplicando dende a Xunta o canón pola auga que está gravando aos vigueses/as, que o podemos ver nas facturas como se incrementa a auga por ese canón que a Xunta de Galicia está aplicando inxustamente co único afán recadatorio.

Polo tanto Sres. do Partido Socialista póñanse a traballar, traíanos dunha vez por todas ese sistema tarifario e Sres. do Partido Popular díganlle ao Sr. Feijóo algo a favor desta cidade e reclamen no Parlamento Galego, como si ten reclamado o Bloque Nacionalista Galego, a derogación dese canón da auga que está gravando os vigueses/as.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que o Partido Popular onde governa di unha cousa e onde non governa di todo o contrario. O Sr. Bernárdez dicía que como pasaron dous meses e nós non modificamos a tarifa da auga, nós estamos facendo un estudo serio, rigoroso e que xa o fixemos en menos de dous meses, dende antes do ano 1991 xa se viña tarifando desta forma, fállalle a memoria? Dende o ano 91 o Partido Popular estivo en Vigo oito anos gobernando, que fixeron eses oito anos?. Reclaman ao Partido Socialista, ó Goberno da Cidade que faga en dous meses o que vostedes non fixeron en oito anos, e tamén Sres. do Bloque Nacionalista Galego, vostedes os catro anos que estiveron na Alcaldía da cidade estaban de vacacións ou por que non o fixeron? Porque a nós reclámannos que non o fixemos en ano e medio de goberno en solitario, pero vostedes estiveron catro anos gobernando a cidade e non fixeron nin ese estudo rigoroso que está facendo o Goberno desta cidade.

Falemos dos representantes dos sobres, perdón, dos representantes do Partido Popular, no ano 2005 o Sr. Figueroa dicía o seguinte “se o estudo dos técnicos nos din que é posible negociaremos o novo sistema coa concesionaria en canto teñamos as cifras”, dende o ano 95 ata agora non conseguiron as cifras? Vólvolle a repetir, Sr. Bernárdez, oito anos do goberno do Partido Popular, “se os estudos dos técnicos nos din que é posible, negociaremos o novo sistema coa Concesionaria en canto teñamos as cifras, pero sempre baixo a garantía do contrato de explotación” entre comiñas asinado polo Sr. Figueroa, o seu voceiro Sr. Bernárdez.

Tamén dicían máis nesas datas, “se non somos capaces de ofrecer á empresa unha fórmula que garanta ese equilibrio, teremos que manter o sistema”, oito anos non tiveron imaxinación e non tiveron traballo porque non foron capaces de reformar a tarifa da auga.

Dixeron estes días na prensa que Vigo ten a auga máis cara, menten, vou dicir un concello gobernado polo Bloque Nacionalista Galego que ten a auga máis cara e un gobernado polo Partido Popular: o goberno de Pontevedra, os veciños de Pontevedra teñen a auga máis cara, o tramo medio segundo un estudo feito pola Xunta de Galicia di “para quince metros cúbicos de auga o concello de Pontevedra factura 26,79”. O Concello de Vigo para esa mesma cantidade factura 21,24 iso é un 6% maior no Concello de Pontevedra. Eu creo que son datos reais, obxectivos e

comparables.

No Concello da Coruña, un concello gobernando polo Partido Popular para unha cifra de 15 metros cúbicos o Concello de A Coruña cobra 22,7 mentres o Concello de Vigo factura 21,24. Todo isto son tarifas publicadas nos Boletíns Provinciais, co cal darémoslle tamén toda a documentación, como no caso anterior, á prensa para que eles poidan comprobar que vostedes menten e Vigo, destes tres concellos, ten a auga máis barata, e que os concellos do Partido Popular e os do Bloque teñen a auga moito máis cara.

Un auga, que lles convén dicir que en Vigo todo vai mal e que a auga non é de calidade, tamén lles convén dicir porque fixemos a prorroga de Aqualia, por que a fixemos Sr. Bernández? Dígamo vostede, a min gustaría ver como se pode anticipar o canón de auga, como anticipou a Alcaldesa de Vigo e o Sr. Figueroa, e colleron e adiantaron toda a inversión da cidade ao momento cero, ao ano 2005, cando gobernaban vostedes, gustaríame ver eses informes porque eu estou seguro e presuntamente son unhas accións ilegais, pero non só se conformaron con anticipar o canón senón que tamén anticiparon as infraestruturas e o Plan de Infraestruturas Hidráulicas para esta cidade. Cando chegamos ao goberno da cidade, no ano 2007, estaban a cero tanto o canón como o Plan de Infraestruturas e atopámonos tamén sete millóns de débeda na tarifa da auga.

SR. BERNÁNDEZ DE DIOS: Brevemente para contestar á primeira parte ó Sr. Domínguez, sobre a vacante do Papa eu tamén pediría que o Alcalde accedese a ela, que de unha vez por todas se constrúise a Catedral en Vigo porque só temos Concatedral e sería xa pechar o círculo.

Sr. Regades, hoxe non tivo o seu mellor día para defender esta moción, a verdade que cando ten que falar de Aqualia moi pouco se molla. Sobre o canón, non vou a perder máis o tempo sobre o canón vostedes xa escoitaron aquí, o saben e o coñecen pero non o queren manifestar, que é a substitución do antigo canón de saneamento que o marca unha directiva europea pero como vostedes non se leu o informe de Aqualia e eu o oficioso que non o oficial, que repito, non nolo fixeron chegar, voulle dicir o que di Aqualia sobre o canón "Aqualia estima que o impacto sobre o recibo é negativo nalgúns tramos de consumo e que para os medianos consumos", é dicir, para quen empeza malgastar a auga, "este oscila entre un 3 e

un 15%" a ver si se lee o informe de Aqualia que non o leu.

Para rematar Sres. do goberno, a cifra de fogares que gastan por debaixo do mínimo dos 30 metros cúbicos e que aforrarían cunha factura por consumo real supera os 115.000 usuarios, ou o que é o mesmo, un 87% dos vigueses que nas súas casas consumen a auga que xestiona Aqualia. Os datos de Aqualia reflicten o gran negocio que representa para a concesionaria, unha facturación próxima aos cincuenta millóns de euros ao ano.

Inculcar o consumo irresponsable é o que vostedes están permitindo cando o que demanda os veciños é un cobro xusto avalado por un consumo responsable.

Vostedes cando lle permiten a Aqualia que cobre como está cobrando, dinlle que invista en comprar bancos, en adquirir arbores e en cambiar o mobiliario urbano.

A Xunta de Galicia co canón da auga está saneando a ría de Vigo e levando a cabo unha inversión de máis de 200 millóns de euros, esa é a diferenza.

Vostedes dinlle a Aqualia que o dedique a mobiliario urbano cando os colectores están sen arranxar na cidade de Vigo e a Xunta de Galicia o inviste nun plan de saneamento e nunha depuradora.

Acabo xa, nun mes a ver se nos presenta á oposición o modelo tarifario que teñen que presentarlle aos cidadáns de Vigo, porque o clamor ímolo seguir representando, queremos pagar por consumo real.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando do goberno municipal unha proposta que permita a facturación da auga por consumo real, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3(37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO O APOIO ECONÓMICO A DIVERSOS FESTIVAIS, ASÍ COMO Ó CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN CULTURAL. EXPTE. 606/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de febreiro, número 606/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Os festivais Alt e Sinsal plantéxanse non continuar ante a falta de apoios do Concello de Vigo ao reducir éste a súa axuda en máis dun 60 por cento, así como a incerteza do Festival ImaxinaSons que descoñece o seu orzamento.

A programación cultural de Vigo corre risco de desaparecer.

O ImaxinaSons de Jazz tampouco ve nítido o futuro próximo. A cinco ou seis meses da súa suposta celebración, descoñécese si seguirá recibindo o patrocinio do Concello de Vigo e sen orzamento non poden deseñar o festival.

Para o Sinsal, a situación é similar. No seu caso, non teñen a seguridade de que apoio económico van recibir do Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao goberno municipal a que de forma urxente aumente o apoio económico a estes festivais.
2. Instar ao goberno municipal a cumprir o acordo plenario para a redacción do plan de acción cultural que o pleno acordou por unanimidade.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Darlle a benvida á Sra. Alonso Suárez, espero que a súa labor sexa francamente boa e positiva para esta cidade, en nome do meu grupo municipal Popular benvida. Tamén benvido don Cayetano aínda que votarei moito de menos a dona Isaura.

Os festivais Alt e Sinsal son unha boa mostra da alta de calidade que teñen as poucas manifestacións na nosa cidade en música e artes escénicas, son ofertas culturais de moi alto nivel e poderían desaparecer ante a falla de apoio do Concello de Vigo, ao reducir a súa axuda en máis dun 60%, así como a incerteza do festival Imaxina Sons que descoñece o seu presuposto. A programación cultural de Vigo corre risco de desaparecer.

Vigo bate un novo récord de improvisación ante a planificación cultural, festivais que a poucos días de celebrarse non saben aínda dos seus apoios por parte do Concello. O illamento cultural é xa a marca habitual dunha inexistente política cultural por parte do goberno municipal, ao final quen as paga é a cidadanía, o público, os consumidores.

Dende o noso grupo municipal do Partido Popular solicitamos maior apoio e empeño ás manifestacións culturais que demostraron o seu interese e incondicional apoio do seu público, e lembrarlles que hai un ano aprobouse por unanimidade deseñar un plan de acción cultural dende o Concello para a cidade de Vigo, por isto solicitamos que se cumpran tal e como se acordou.

Vigo vive o mellor momento da súa historia en canto á profesionalidade no campo da xestión, produción, formación e un talento creativo excepcional, e remítome ao seguintes datos: 3.000 persoas en Vigo están afiliadas á Seguridade Social, vinculadas ao sector das industrias culturais e máis de 30.000 persoas viven ou se relacionan coa produción artística de forma indirecta.

Queda claro que a cultura é xeradora de emprego, as industrias culturais en Galicia xeran o 2,5% do PIB, existe un tecido de máximo nivel en canto a colectores de artes escénicas pero sen unha cualificación previa en canto a contidos.

Lémbrolles que Vigo é a cidade das oportunidades, que a cultura é emprego e que Vigo debe ser o referente da internacionalización da cultura galega. Industrias culturais é igual a crecemento, emprego, riqueza, turismo, ocio, imaxe. A cultura cada vez gaña máis relevancia nos procesos da formulación de políticas públicas dentro dos plans de desenvolvemento, por exemplo, a cultura empeza a aparecer formulada como un compoñente transversal e como un sector específico, así é posible atopar tanto políticas que entenden o desenvolvemento como unha maneira de afirmar os procesos sociais e culturais; como políticas específicas que abordan temas diversos como o patrimonio, as artes, as industrias culturais entre moitos outros, estas políticas son as que impulsan directamente ao sector cultural.

A cultura aporta considerablemente ás economías dos países, desta contribución comezáronse a identificar os aportes das industrias culturais ao crecemento das economías nacionais, sen embargo é preciso establecer mecanismos de medición dos beneficios humanos e sociais que estas producen. O crecemento económico das industrias culturais deben ir acompañado da ampliación das oportunidades de

creación e de acceso aos bens e servizos culturais por parte dun maior número de persoas. Para dar un exemplo, o crecemento da industria editorial deben ir acompañado do crecemento de oportunidades de lectura e acceso ao libro, maior cobertura dos circuítos de comercialización do libro, mellores servizos bibliotecarios, máis oportunidades de produción editorial local etc.

En canto á produción e á circulación dos bens e servizos culturais, cada vez faise máis visible a brecha entre os que contan cos medios para producir e facer circular o produto da súa creación e dos que no. Este feito, como se pode observar repetidamente na oferta cinematográfica, vai en contra do pluralismo ou, noutras palabras, da expresión da diversidade, con este fin convén fomentar o crecemento de iniciativas de produción das culturas locais, de maneira que os seus produtos logren ser competitivos e participar equitativamente no contexto da globalización. En definitiva unha arquitectura da xestión, unha arquitectura emocional en onde todos nos podamos beneficiar. A industria cultural é xeradora de emprego pero sempre acompañada de cuestións como o turismo, o ocio etc.

SR. ALONSO PÉREZ: Para calquera sociedade o apoio a proxectos culturais é fundamental polo que significa de disfrute do espectáculo, do libro, do teatro, do cine. Eu acabado de quedar alucinado coa argumentación do Partido Popular, porque calquera que os oe é un contrasentido. Efectivamente, a industria cultural é unha industria xeradora de emprego é un emprego de futuro e que se están asentando. Pero precisamente o Partido Popular que está matando no Estado Español esa posibilidade co aumento do IVE ao 21% nos faga ese discurso, é que é un contrasentido terrorífico. Co que se vai recadar coa subida do IVE vai ser menos que antes porque mataron e están morrendo moitas pequenas industrias baseadas na cultura, é tremendo.

Aquí estamos falando de tres proxectos, dous que non son do propio Concello o de Teatro Alternativo e o Proxecto Sinsal, e un que é do propio Concello que é Imaxina Sons e sería unha pena que se perderan porque, efectivamente, o goberno local non ten un proxecto cultural, vostedes non falan ca xente da cultura e estas teñen ideas, é capaz de expresalas e comunicalas si tiveran interlocutores, non teñen interlocución no goberno local, non teñen debate co goberno local e se queixan diso, se falaran con eles verían que os organizadores se queixan da falla de diálogo.

Ademais a min tenme sorprendido que falando destas cuestións, son conscientes da crise económica, demandan menos cartos, efectivamente cartos necesitan, nós imos aprobar a moción porque necesitan recursos, pero quéixanse moito máis da falla de programación.

Así vemos na prensa, non sei si hoxe ou onte, que falan de que se perden 5.000 visitantes no Castro, o ano pasado non se celebrou unha programación no día das Letras Galegas, mentres se apoiaba á Feira de Abril que a nós parécenos moi ben que a xente de orixe andaluz teña dereito a celebrar o seu día, pero coincidía coas datas dos días das Letras Galegas e non había unha programación.

Isto hai que cambialo, ten que haber un proxecto cultural e a xente da cultura ten que debater co goberno as súas ideas. En todo caso eses tres proxectos da moción a nós parécennos que están asentados na cidade, necesitan continuar e por iso ímoslles dar o apoio a esta moción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias Sr. Relova pola benvida.

En primeiro lugar quero transmitir a tranquilidade de que os tres proxectos aos que vostede se refire na moción, non van desaparecer por culpa do Concello, senón todo o contrario, podo dicirlle que se van celebrar en tempo e en forma.

Respecto ao festival alternativo de Artes Escénicas de Vigo, non é certo que a organización como a sinala na súa moción, estivérase propoñendo non continuar por falta de apoio do Concello. Despois de varias reunións coa dirección artística, o festival celebrábase entre o 7 e o 10 de marzo, gracias a que o Concello concederá unha subvención nominativa, e a cesión gratuíta do Auditorio Municipal, o salón de actos do Marco e a primeira planta da Casa das Artes.

Polo tanto o apoio do Concello non só é económico, senón tamén loxístico e organizativo, apoio que se unirá a fontes de financiamento, que este ano serán externas, que ten a propia dirección artística do Festival.

En canto ó Festival Sinsal tampouco é certo que a organización se estivera a cuestionar non continuar ante a falla de apoios, no ano 2012 tamén se fixo unha colaboración nun dos eventos, concretamente nun concerto, e dende decembro mantivéronse reunións coa dirección artística e podemos garantir que este ano tamén se vai celebrar gracias á colaboración do Concello con unha subvención nominativa.

En canto ao Festival de Jazz, Imaxina Sons, é unha programación na cal non se patrocina a ninguén nós asumimos dende a Concellería de Cultura a totalidade da organización e da xestión e o financiamento do mesmo. Dende decembro estase en contacto permanente cos organizadores e podemos garantir que se van celebrar, este ano tamén, co mesmo financiamento que o do ano pasado. Non se diminuíu por parte do Concello ningunha achega neste sentido ao Festival de Jazz, Imaxina Sons, que se vai celebrar o 27 de xuño e o 7 de xullo, de acordo coa previsión orzamentaria que nos propuxeron. Nese sentido teño que salientar que a Xunta de Galicia non fixo ningunha achega no ano 2012, nin no 2013 para esta actuación singular.

A programación Cultural de Vigo non corre perigo, polo menos por parte deste Concello non corre perigo de que desapareza, creo que a única ameaza para a cultura de Vigo, e en Galicia en xeral, a cultura en xeral non é o Concello de Vigo, como explicitamente púxose de manifesto a través do mantemento da subvencións, da xestión ou financiamento nas entidades, por suposto adecuado ao momento económico que temos.

En cambio podo dicir que o comportamento da Xunta de Galicia, o do goberno de España e o da Deputación van no sentido contrario do que é a defensa e a programación á vostede se refire, á programación cultural do Concello de Vigo.

Simplemente para non ser exhaustivos a Fundación Marco, cultura pura, máis do 50% de diminución das achegas da Xunta, Deputación retirada do Padroado e polo tanto eliminación da achega de 150.000 euros; Fundación Laxeiro máis do 50% de diminución da achega da Deputación; Cultura, Festival Imaxina Son ou que vostede se refire, desaparición da achega da Xunta e os Organismos Asociados, polo tanto creo que este chamamento á potenciación da Cultura de Vigo e da Cultura en xeral, que podo compartir intelectual e conceptualmente, debe realizala noutros ámbitos, no ámbito da responsabilidade da Xunta e da Deputación. Si que é verdade que realmente hai un plan.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Isto case é un guión teatral, cinematográfico, practicamente sábese por onde van ir os tiros e evidentemente eu tiven que recorrer ás actas do Parlamento de Galicia e dediqueime a investigalo. Voulle facer historia rápida do Marco cando se crea ata o goberno do Sr. Fraga Iribarne. O

primeiro patrocinio do goberno de Galicia co Sr. Fraga Iribarne resulta que son 600.000 mil euros, cando chega o bipartito, presidido polo Sr. Touriño, o primeiro que fan é, en tempos dos que ninguén falaba de crise, quitoulle 400.000 euros e logo 100.000 ata chegar aos 300.000 euros, é dicir, moito máis da metade de cando se creou o Marco.

Co cal falar da Xunta de Galicia non ven a conto porque, ao contrario, a promoción e a iniciación da Cultura e das industrias Culturais Galegas e unha política de acción prioritaria para a Xunta, na que estamos todos por xestionar e que é o noso deber, eu non atopo por ningún lado o que vostede di. Son vostedes os primeiros, o Goberno Municipal, en quitarlle ó Marco 200.000 euros cando é un museo municipal e vostedes son os primeiros que deciden retirarlle esta axuda co beneplácito do Bloque Nacionalista Galego que non dixo nada con respecto ao tema dos orzamentos, co cal son copartícipes desta redución.

A Deputación o que fai é defender o seu propio museo o Provincial, e por certo, que nestes arquivos do Parlamento de Galicia atópome con preguntas dun Sr. do Bloque Nacionalista Galego que se chama don Xosé Ramón Paz que di que a ver por que a Xunta da Galicia, o goberno do Sr. Núñez Feijóo, dálle cartos ao Marco, se é un museo municipal. Esta é unha das cuestións que máis nos chama a atención, o Bipartito decidiu restar cartos ao Marco e logo aquí tamén o propio Goberno Municipal tamén lle quita cartos.

Se o patrocinio da Xunta de Galicia neste momento segue como se dixo o martes no Parlamento de Galicia, 140.000 euros é gracias ao empeño persoal do Presidente da Xunta don Alberto Núñez Feijóo, que creu sempre nesta cidade, e no Marco.

Co cal a pesar das críticas, que non acabo de entender, o Sr. Feijóo segue apoiando ao Marco, un museo que é de titularidade municipal, non é da Xunta de Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando do goberno municipal o apoio a diversos

festivais e o cumprimento do acordo plenario de redacción do Plan de Acción Cultural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.4(38).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO O INICIO DOS TRÁMITES PARA POÑER EN MARCHA O ESTUDO DE GRAVACIÓN DE VIGOSÓNICO. EXPTE. 612/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de febreiro, número 606/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Vigo é a cidade máis grande de Galicia, e contra Cunha poboación menor de 30 anos que ronda os 90.000 habitantes. Por isto a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo debería ser a máis activa de todo Galicia, pero a realidade é ben distinta, e os mozos e mozas desta cidade descoñecen a existencia de políticas xuveniis propostas dende o ente municipal.

Na anterior lexislatura púxose en marcha unha nova instalación municipal que pasou a engrosar a lista de instalacións municipais xuveniis, trátase do completo Vigosónico, situado no parque tecnolóxico de Valladares.

Vigosónico conta con múltiples espazos que semanalmente son utilizados por un gran número de mozos e mozas que levan a cabo as súas actividades apoiados por unha gran labor exemplar dos empregados que alí traballan.

Vigosónico conta tamén entre as súa a instalacións cun estudo de gravación que non se atopa en funcionamento, non podendo ser utilizado polos grupos que fan uso das salas de ensaio nin por ningún colectivo cultural da cidade de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Iniciar os trámites necesarios para poder en marcha canto antes o Estudo de Gravación de Vigosónico e poñelo a disposición para ser utilizado polos usuarios das salas de Ensaio de Vigosónico, así como tamén dos números colectivos musicais da cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 18 de febreiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ DÁVILA: Antes de nada dar a benvida á nova concelleira e desexarlle todo o mellor.

Vigo é a cidade máis grande e a máis cosmopolita de Galicia e conta cunha poboación menor de 30 anos que ronda os 90.000 habitantes, deberíamos tamén contar coa Concellería de Xuventude máis activa da nosa terra, situada na vangarda das iniciativas innovadoras. Pero a realidade en Vigo é ben distinta, cando saímos a rúa e preguntamos a calquera mozo ou moza de cales son as instalacións municipais xuvenís, a maioría non sabe dicirnos cales son, nin onde están e cando saímos á rúa a consultar á mocidade viguesa se lembra algunha política en materia de xuventude, a gran maioría tampouco lembra unha soa iniciativa nos últimos tempos deste Concello.

Pero o que acontece coa xuventude neste Concello vai máis alá de non facer nada e voulles a explicar por que, temos un goberno municipal que a pesar de reiterar a boa situación financeira do Concello, fai que a realidade sexa que para o ano 2010 a partida para Xuventude roldase os dous millóns de euros e para o 2013 vaise situar por debaixo do millón de euros nos Orzamentos que vostedes veñen de aprobar no pasado Pleno, e que aprobaron co apoio incondicional ilóxico do grupo, que en anteriores lexislaturas tiña a responsabilidade de Xuventude, o Bloque Nacionalista Galego, que de forma totalmente incomprensible despois de ter traballado de forma correcta en materia de Xuventude agora dánnos as costas aos mozos e mozas permitindo que o apoio a este sector se reduza.

A única nova iniciativa da Concellería de Xuventude para o 2013 é cargar 21.000 euros ás mozas e mozos de Vigo para crear hortos urbanos, vostedes queren mandar a mocidade de Vigo a plantar leitugas, cargar o custo dos hortos urbanos á xuventude viguesa é non chegar a entender nin por asomo, cales son as necesidades da xuventude na cidade máis cosmopolita de Galicia no século XXI.

Pero demóstrase que non fan nada cando existen tres grandes contratos da concellería xa rematados que suman 370.000 euros, e non rematados hai dous días, senón que finalizaron o 16 de maio do ano pasado e despois de oito meses aínda non foron renovados nin sacados a concurso público. Unha chapuza tremenda xa que cando un comeza a ver os expedientes deses tres contratos, pódese ver que se da un argumento peregrino, que é que non puideron ser renovados debido á gran carga de traballo que sofre o departamento a

consecuencia dos campamentos de verán, Sra. Lago é de risa, xa pasamos o entroido e a vostede quedóuselle xente nos campamentos de verán, esperte por favor.

O propio interventor municipal fala textualmente nos tres expedientes de “desleixo de funcións”, pero podemos falar tamén de dilapidación polo que acontece co estudo de gravación do Vigosónico que son unhas instalacións municipais xuvenís inauguradas o 25 de marzo de 2011, que contan con espazos para diversas actividades, salón de actos, salas de ensaio ben equipadas así como un estudo de gravación.

Dende o Partido Popular de Vigo queremos ser moi claros neste aspecto, aplaudimos a iniciativa de poñer en marcha Vigosónico, dicimos que é a envexa doutras cidades, que da un gran servizo a moitos grupos de música vigueses, que conta con instalacións de gran calidade e o máis importante, cuns empregados moi profesionais e entregados, eles son os verdadeiros artífices de que Vigosónico funcione. Conta tamén cun estudo de gravación de 70.000 euros, pero a realidade deste estudo de gravación é que non pode ser utilizado xa que se atopa pechado, e ningún dos grupos que ensaia en Vigosónico poden gravar nel, tampouco as formacións culturais da nosa cidade cando para Vigo, que é unha potencia cultural, estou seguro que un estudo de gravación municipal sería moi demandado, e non falo de construír un novo, falo de poñer a funcionar aquel que nos custou 70.000 euros e temos pechado dende a súa inauguración.

O dispendio e a falta de mantemento en Vigosónico non é soamente porque se atope o estudo de gravación pechado, senón que na actualidade ou, polo menos, ata o mes de decembro, cando eu mesmo estiven no estudo estíbese a utilizando como almacén xa que o propio almacén de Vigosónico sufría goteiras.

Sra. Lago que vostede mente no comunicado emitido pola súa concellería no día que denunciei este cuestión, dicindo que me informe ben xa que todas as instalacións de Vigosónico funcionan a pleno rendemento. Dígolle que eu, persoalmente, estiven dentro dese estudo de gravación en decembro e a pesar dese comunicado os propios usuarios recoñecen a verdade, e a verdade é que levan máis de un ano sen poder utilizar o estudo de gravación.

Vigosónico conta tamén con outras deficiencias que deixo para despois, xa que agardo que as diga vostede e demostre ser coñecedora da realidade actual de

Vigosónico. Debería agora vostede de anunciar na súa intervención a posta en marcha inmediata dos estudo de gravación e lembre si fai o anuncio da posta en marcha deste servizo será gracias a que o Partido Popular de Vigo en xaneiro denunciou esta cuestión.

Usuarios que non o poden utilizar e o resto da mocidade de Vigo que descubra agora que hai unha instalación municipal que custou 70.000 euros, pechada, mentres o goberno municipal e o Alcalde preocúpanse doutras cousas, como facer xiras polos medios de comunicación dicindo extravagancias, como a do pasado 18 de xaneiro, na que o Alcalde dixo en Vigo “se hai que facer unha catedral pois se fai”, xustamente díxoo e foi que o Papa en Roma dimitiu, así quedou a praza vacante.

Non señores do Goberno Municipal, en Vigo non necesitamos catedrais nin xiras polos medios de comunicación, o que necesitamos nesta cidade é xestión, que fagan as acometidas para o novo hospital público de Vigo e que se poñan a funcionar as instalacións municipais que custaron moitos cartos aos vigueses/as, 70.000 euros para a mocidade, e que aínda temos pechado, iso é o que necesitamos nesta cidade.

A PRESIDENCIA: Para a catedral necesitaríamos que a parcela urbanística e estivera calificada e ó mellor non hai pero non o descarte.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós imos apoiar esta moción porque o estudo de gravación Vigosónico, os locais de ensaio, todo o edificio de Vigosónico, foi unha iniciativa que puxemos en marcha o Bloque Nacionalista Galego, dende o Goberno Local no mandato anterior, e con financiamento da Xunta de Galicia, este quedou garantido a través dun convenio plurianual que se aprobou no Consello da Xunta antes do cambio de goberno, porque senón dubido moito que se tivese investido ese millón de euros por parte de Xunta para poder ter unhas instalacións que son realmente un luxo para os mozos/as da nosa cidade. Isto é certo porque na nosa cidade si que hai unhas políticas de xuventude que son moi diferentes e que están a un nivel moito máis alto que as da maioría do país e dende logo que as da Xunta de Galicia. Desgraciadamente, independentemente de que agora si este dando mostras de coñecer o Vigosónico, señor concelleiro, quizais o Partido Popular non o quixo

coñecer no seu momento porque de feito nin sequera os representantes da Xunta de Galicia foron á inauguración, pero agora si que o coñecen, por desgraza tampouco parece coñecer moito máis das políticas de xuventude e dos servizos que hai para a mocidade na nosa cidade, moito máis que a media dos mozos/as viguesas cando di que o único que hai son hortos urbanos.

A nós tampouco nos parece mal que os mozos/as poidan ir prantar leitugas e comer san, sobre todo si tiveron a desgraza de que lle tocase épocas de crise ou un comedor escolar da Xunta deses nos que poñen bocadillos e hamburguesas por culpa da crise.

Tampouco estará de mais ter recursos propios para alimentarse nunha situación de paro tan tremenda que esta sufrindo a mocidade galega, coa situación de paro que hai polo menos que que poidan asegurar ter comida cada día que xa é bastante tal e como estamos. É unha auténtica desgraza a situación dos mozos/as no noso país, o desemprego está deixando destruída a xeración mellor preparada do noso país e é un pouco demagóxico, cando menos, cuestionar outras cousas.

Por outra banda nós entendemos que xa non faltará moito para que ese estudo de gravación poida funcionar porque é un problema que afecta ás tres instalacións que hai nesa mesma parcela, estamos falando de instalacións das que xa falamos neste Pleno anteriormente como o Centro de Día, a Galescola, a Escola Infantil da Liña Azul, e o Vigosónico. Esa parcela necesitaba rematar a súa urbanización e ter toma de luz, auga e teléfono que non tiña cando se comezaron as construcións desas tres instalacións.

A mesa do estudo de gravación precisa unha tensión constante porque calquera pico de tensión suporía que se estragase a mesa se ningún tipo de garantía, e estamos falando, como xa dixo o Concelleiro, dunha mesa de 70.000 euros. Estaba previsto facelo cando se inaugurou, ademais había un acordo verbal co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para facer a toma de corrente para as tres instalacións conxuntamente co Concello de Vigo. Pero xusto cando chegaron as eleccións municipais o Consorcio dixo que non ía poñer nada, que si quería que o fixese o Concello. O concello finalmente ocupouse desa toma de corrente para a parcela do Vigosónico e deixou prevista para o enganche da Escola Infantil que está ao lado, porque a Escola Infantil nin ten auga, máis que a auga de obra; nin ten luz, máis que a luz de obra; nin teléfono. O mesmo pasa co Centro de Día que eu saiba

segue pechado.

A verdade é que está moi ben traer aquí ao Pleno do Concello este tipo de cousas, para que realmente se fagan os traballos e a min teríame gustado que isto se houbera feito antes, concordo con vostede. Tamén hai que responder cada quen do que fai nas administracións nas que governe, e a Xunta de Galicia ten outras dúas instalacións ao lado totalmente deixadas sen as conexións que ten que facer, a única que a vai ter, vai ser porque a fixo o Concello de Vigo. Espero que empece a funcionar canto antes porque eu súpome, dende sempre, o luxo que supón ter unhas instalación como esas, que no seu momento o Partido Popular non recoñeceu e agora recoñece, benvido, que tamén se pasa por alí e vexa a cantidade de xente moza que está participando nas actividades, entón de deber ser que as coñecen, esas actividades, bastantes máis persoas das que vostede di.

SRA. LAGO REY: Claro que saben os mozos onde está Vigosónico e as actividades que fan quen no o sabe é vostede, e a vostede a quen escribiron os mozos dende Vigosónico e dixéronlle que subise a velo, non a min.

Eu poñer non poño a ninguén a facer nada, ese é máis o estilo do Partido Popular, eu poño os medios, eu non vou coller ós mozos a Príncipe e os poño a sachar patacas, nin tomates, nin os pecho no Vigosónico para que graven as súas maquetas, nin os poño a facer estudos no Vigosónico, nin os poño no Súbete ao Castro, nin os poño en ningún sitio, eu poño os medios e eles van se queren, e como queren os hortos pois agora hai cinco, e se queren dez haberá dez e se queren toda a cidade estará toda a cidade chea de hortos, se queren eles.

Vigosónico leva aberto dende o 25 de marzo de 2011, a súa actividade principal é a dinamización musical e a dinamización xuvenil e de colectivos xuvenís, o seu horario de apertura, dígollo a vostede porque parece ser que é o único neste cidade que non o sabe, é de martes a domingo entre as 4 e as 10 da tarde, os mozos si saben onde é.

Para desenvolver a dinamización musical hai cinco salas de ensaio equipadas, catro cabinas de formación equipadas, estudo de gravación completo e funcionando, sala multiúsos nas que realizan os concertos e as Jam Session. Para desenvolver a dinamización xuvenil hai unha sala de estar, unha sala de informática con doce postos, sala de multiúsos e espazo aberto ao exterior para realización de todo tipo

de actividades propostas polos propios mozos e colectivos xuvenís. Ensaian 108 grupos musicais que fan un total de 450 mozos, fan maratóns como o que se fixo no Nadal, e aínda este fin de semana que actuaron dous grupos e asistiron unha media de 70-100 mozos, graváronse e vanse colocar en YouTube. Actividades xuvenís, pois unha media de 90 mozos participan nas actividades de formación, e claro que saben a onde ir, está colgada na Web de Xuventude. Hai cursos para marzo que xa están completos, sobre photoshop, de iniciación musical que están completos, inscríbense de forma telemática e deben de sabelo porque é colgalo, inscribirse e quedarse completo. Informática para traballar, edición de vídeo, iniciación fotográfica, obradoiros de son en directo.

Vigosónico é un referente musical e xuvenil a nivel de toda Galicia quizais a mellor instalación, funciona a pleno rendemento dende a súa posta en marcha en 2011, hai como unha media de 250 mozos que participan semanalmente nos ensaios musicais, nas actividades colectivas, nos obradoiros en todo este tipo de actividades que propoñen e propoñemos.

A sala de gravación mencionada na moción é unha aposta para obter o espazo de material de calidade que permita aos usuarios pechar ese ciclo de composición, ensaio e de gravación e que pretende que os 108 grupos musicais que participan en Vigosónico, participen da aprendizaxe e do desenvolvemento deste proceso, non só os de Vigosónico senón os que estean en Súbete ó Castro, Casa da Xuventude e os que poidan propoñerse. Claro que se gravan aquí ten un, dous, tres, catro, cincuenta, estes grupos existen e están colocados en YouTube e colgados na páxina de Xuventude, non os comprei no "TopManta", graváronse.

A mesa de gravación ten un reforzo xa neste momento que garante que non vai a pasar nada cos picos de subida de tensión dos que falaba a concelleira, que está brindada neste momento, leva funcionando e a súa moción chega bastante tarde, podería dicir á Zona Franca que rematara antes as obras, evitaríamos os picos e si está funcionando fai uns meses estaría funcionando moito antes.

SR. PÉREZ DÁVILA: Fai xusto un ano neste Pleno que tomei posesión como concelleiro e é a segunda vez que a escoito falar neste Pleno, as dúas a proposta deste Grupo.

Os 90.000 vigueses que teñen menos de trinta anos gustaríalles escoitala máis a

miúdo e por iniciativa súa para explicar que pasa coa xuventude e cales son as propostas.

Moi ben ese relatorio de todo o que se fai en Vigosónico, eu xa o dixen aquí que estamos moi de acordo co que se fai alí, estamos falando dun estudo de gravación que está pechado. O que lle estou dicindo é que non hai iniciativas políticas xuvenís por iso, incluso cando falamos cos mozos, este sábado un díxome unha frase que me quedou gravada, “este Vigo xa non é mesmo que o de antes para os mozos”, e falábame incluso de propostas de políticas xuvenís que vostedes no seu goberno pecharon como son as Noites Vivas, que seguramente os compañeiros do Bloque Nacionalista Galego coñecen, programas de políticas xuvenís que si estaban activas neste Concellos e que vostedes pecharon.

Dicía vostede Sra. Lago que “é a vostede a quen lle escriben os mozos”, sabe cal é a diferenza, que cando un mozo se preocupa polo que acontece eu póño-me en contacto con ese mozo, teño máis de quince correos electrónicos con ese mozo, coñezo a realidade non só de Vigosónico, senón incluso a dese mozo. Cando me escriben, preocúpome e respondo.

Si un vigués de vinte e cinco ou vinte e seis anos pensa que para a mocidade de Vigo xa non é o que era, quere dicir que en lugar de avanzar en materia de xuventude imos para atrás. No Partido Popular non estamos en contra dos hortos urbanos, estamos en contra de que os hortos urbanos se paguen exclusivamente con 21.000 euros para a mocidade, agora tamén lle digo unha cousa, déame os datos agora mesmo de cantos mozos/as menores de 30 anos participan neses hortos urbanos. Estamos absolutamente de acordo de que se poñan en marcha eses hortos urbanos, son unhas iniciativas fantásticas, por suposto, pero non debe ser a única que incluíamos nos orzamentos para xuventude.

Por suposto que estamos nun contexto moi complicado, Sra. Veloso, pero temos que ter moitas máis iniciativas que as que temos para a xuventude.

Díxenlle antes, na miña intervención, que non lle ía dicir que hai unha deficiencia no Vigosónico para que a dixera vostede; nas saias de ensaio hai uns monitores que están estragados e polo tanto pódense utilizar moi de vez en cando. Falabamos da cometida eléctrica o que fixo que, no primeiro verán que se puxo en marcha o Vigosónico, para ensaiar no verán ou acendíanse as luces ou o aire acondicionado ou os monitores porque nin se quera chegaba.

Espero que cando poñan a funcionar o estudo de gravación xa de forma oficial, que poidan gravar alí, nos avisen a nós para tamén ir á inauguración porque será gracias a esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, solicitando iniciar os trámites para a posta en marcha do estudo de gravación de Vigosónico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A.(39) MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

5(40).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

*** ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO ÁS PETICIÓNS DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS.**

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno de outubro de 2012 fixen un rogo para demandar melloras no servizo de Vitrasa, facéndome eco das peticións das asociacións veciñais de Teis e Zamáns.

A resposta da presidencia foi que “estamos a estudar”.

Ben, agora en visita a Alcabre, a asociación veciñal demanda tamén melloras nas comunicacións de VITRASA coa súa parroquia, xa que entre outras, non ten comunicación co Centro Residencial da 3ª idade, Santa Marta.

Por todo isto volvemos solicitar que ademais de seguir estudando, tomen decisións no sentido de acometer unha actualización e reestruturación das liñas de VITRASA.

A PRESIDENCIA: Xa se lle contestará oportunamente.

6(41).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AO DESPIDO DOS TRABALLADORES DA QUENDA DE NOITE DE APARCADOIROS**

SR. ALONSO PÉREZ: No Pleno pasado do 30 de Xaneiro fixen unha pregunta dirixida ao Sr. Alcalde para saber si estaba de acordo co despedimento dos 3 traballadores da quenda de noite dos aparcadoiros da rúa Coruña, Fernando Católico e da rúa Venezuela e que ademais non se atendan nas quendas de noite aos usuarios que utilizan eses aparcadoiros, a día de hoxe aínda non teño resposta a pregunta.

A PRESIDENCIA: Teraa.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, RELATIVO Á MEMORIA DA POLICÍA LOCAL.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Levamos dende o 2009 sen ter información sobre a Memoria da Policía Local, non se presentou ningunha dende esa data. Queríamos saber se se vai presentar algunha.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. BERNÁNDEZ DE DIOS, RELATIVO ÁS ENTIDADES QUE RECIBIRON COFINACIAMENTO DE AQUALIA.**

SR. BERNÁNDEZ DE DIOS: Solicitamos do goberno que lle traslade á oposición e ao Partido Popular a relación correspondentes aos ano 2011 e 2012 das Entidades e Colectivos Sociais, Culturais e Deportivos que foron agraciados pola cofinanciamento que Aqualia ten estipulada no contrato anual de 180.000 euros.

A PRESIDENCIA: Xa é público pero llo trasladaremos inmediatamente.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. BEIRO DIZ, RELATIVO Á APERTURA DOS PAVILLÓNS DE CANDEAN E A ETEA.**

SR. BEIRO DIZ: Debido ao peche do pavillón de Balaídos queríamos saber unha vez máis, cando se vai abrir os pavillóns tanto de Candeán como o da ETEA.

A PRESIDENCIA: Inmediatamente.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.